Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 3 máis
Sobre a opinión do Goberno galego referida ao impacto que tería no déficit de prazas existente o peche en Galicia dos centros de día da Cruz Vermella, así como as actuacións e as medidas previstas ao respecto

- 20815 - 8271 (11/PRE-005583)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla
Sobre o número de persoas que se atopan na actualidade en Galicia na listaxe de espera para percibir unha prestación de dependencia, o cumprimento por parte do Goberno galego dos prazos legalmente establecidos para a tramitación dos expedientes e as medidas previstas ao respecto

- 20811 - 8295 (11/PRE-005588)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 2 máis
Sobre a reclamación por parte da Xunta de Galicia ao Goberno do Estado da transferencia da xestión do ingreso mínimo vital e as medidas que vai tomar o Goberno galego tendentes a compatibilizar a percepción desta prestación coa Risga

- 20802 - 8604 (11/PRE-005705)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Francisco Rivera, Juan Carlos e 3 máis
Sobre a opinión do Goberno galego respecto da necesidade de suspender as competicións federadas de carácter autonómico de xeito definitivo na presente tempada deportiva, de acordo coas novas medidas restritivas adoptadas pola Consellería de Sanidade, e a valoración da posibilidade de manter ou reorientar as ordes de axuda no caso de que non se inicien

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 20801 - 9566 (11/PRE-005859)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Castro García, Daniel e 2 máis
Sobre as modificacións introducidas na Lei do deporte de Galicia, a través da Lei 4/2021, de medidas fiscais e administrativas, en relación coas federacións deportivas

- 20800 - 9894 (11/PRE-005906)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Castro García, Daniel e 2 máis
Sobre o recoñecemento oficial do dereito das seleccións deportivas galegas a competir internacionalmente

- 20799 - 10049 (11/PRE-005918)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Castro García, Daniel e 3 máis
Sobre a covid-19 e os seu efectos no sector do deporte

- 20798 - 10195 (11/PRE-005934)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Francisco Rivera, Juan Carlos e 3 máis
Sobre a sentenza xudicial referida á xestión do presidente da Federación Galega de Fútbol en relación cunhas actuacións de mellora no campo de fútbol municipal de Moraña

- 20797 - 10198 (11/PRE-005935)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e 3 máis
Sobre a garantía por parte do Goberno galego da transparencia e da xustificación debida na execución de todas as actuacións e investimentos anunciados no campo municipal de fútbol de Moraña

- 20796 - 12568 (11/PRE-006139)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 3 máis
Sobre a sentenza xudicial referida á xestión do presidente da Federación Galega de Fútbol en relación coas obras de construción do campo de fútbol de Moraña

- 20575 - 12784 (11/PRE-006163)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
González Albert, María e 2 máis
Sobre as verteduras depositadas en zonas forestais e montes en man común

- 20795 - 12840 (11/PRE-006165)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Castro García, Daniel e 2 máis
Sobre a situación da Real Federación Galega de Fútbol

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Gio2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 20794 - 13520 (11/PRE-006218)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Castro García, Daniel e 2 máis
Sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego para paliar os efectos da pandemia no sector dos servizos deportivos

- 20574 - 16095 (11/PRE-006480)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e 4 máis
Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para o cumprimento da directiva europea de protección das aves

- 20573 - 16470 (11/PRE-006530)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 2 máis
Sobre a demora na aprobación dos plans xerais de ordenación municipal dos concellos de Silleda, Vila de Cruces e Agolada

- 20571 - 16500 (11/PRE-006535)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 4 máis
Sobre o coñecemento e a valoración da Xunta de Galicia respecto dos programas de cooperación económica das deputacións galegas coas entidades locais

- 20570 - 16921 (11/PRE-006589)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 3 máis
Sobre o funcionamento do complexo de Sogama en Cerceda

Santiago de Compostela, 7 de setembro de 2021
Diego Calvo Pouso
Vicepresidente 1º

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.4. Organización e funcionamento do Parlamento

2.4.3. Convocatorias

Sesión plenaria (día 14 de setembro de 2021, ás 10.00 horas)

A Presidencia, de conformidade co disposto no artigo 53 do Regulamento do Parlamento, resolveu convocar o Pleno do Parlamento para realizar unha sesión o próximo día 14 de setembro de 2021, ás 10.00 horas, no pazo do Parlamento.

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Gio2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

De acordo coa Xunta de Portavoces e a Mesa, na reunión do día 7 de setembro de 2021, a orde do día da sesión é a seguinte:

Punto 1. Texto lexislativo

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, para garantir que o papel de Galicia como produtora de enerxía eléctrica reverta no seu desenvolvemento social económico (doc. núm. 17257, 11/PPLC-000003)
Publicación da iniciativa, BOPG nº 155, do 16.06.2021

Punto 2. Comparecencias

2.1 20568 (11/CPP-000061)
Do conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, por petición propia, para informar do inicio do curso 2021-2022 no ensino non universitario de Galicia e as actuacións ante a covid-19
Publicación da iniciativa, BOPG nº 193, do 31.08.2021

Acumúlase na anterior a seguinte:

2.2 21061 (11/CPP-000062)
Do conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, por petición das 19 deputadas e deputados do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para explicar os recortes na educación pública e a situación do profesorado no inicio do curso escolar 2021-2022
Publicación da iniciativa, BOPG nº 196, do 8.09.2021

Punto 3. Mocións

3.1 18710 (11/MOC-000055)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana
Sobre a política do Goberno galego respecto das candidaturas do patrimonio que opten a recoñecementos internacionais (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 17114, publicada no BOPG núm. 168, do 9.07.2021, e debatida na sesión plenaria do 13.07.2021)
Publicación da iniciativa, BOPG nº 173, do 26.07.2021

3.2 20839 (11/MOC-000056)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes
Sobre as xestións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación coa presentación da candidatura da Ribeira Sacra a patrimonio da humanidade pola Unesco (Moción consecuencia da Interpelación nº 16936, publicada no BOPG nº 155, do 16.06.2021, e debatida na sesión plenaria do 13.07.2021)
Publicación da iniciativa, BOPG nº 196, do 8.09.2021

3.3 20851 (11/MOC-000057)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Bará Torres, Xosé Luís
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa reactivación ambiental e produtiva da ría de Pontevedra e a potenciación do sector forestal galego (Moción consecuencia da Interpelación nº 14795, publicada no BOPG nº 130, do 28.04.2021, e debatida na sesión plenaria do 13.07.2021)
Publicación da iniciativa, BOPG nº 196, do 8.09.2021

Punto 4. Proposicións non de lei

4.1 13760 (11/PNP-001353)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio
Sobre a actuación que debe levar a cabo a Consellería de Política Social en relación co traballo e composición do Comité Asesor Sociosanitario, así como coa participación nel do resto das forzas políticas con representación no Parlamento de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG nº 123, do 13.04.2021

4.2 17946 (11/PNP-001762)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Amigo Díaz, María Encarnación e seis deputados/as máis
Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno central dunha proba extraordinaria de acceso de médicos internos residentes e a habilitación dos centros de saúde e dos especialistas en medicina familiar e comunitaria para impartir a súa formación
Publicación da iniciativa, BOPG nº 169, do 13.07.2021

4.320428 (11/PNP-001852)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Tellado Filgueira, Miguel Ángel e seis deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe facer a Xunta de Galicia ante o Goberno central para abaratar a factura eléctrica
Publicación da iniciativa, BOPG nº 193, do 31.08.2021

4.4 20449 (11/PNP-001856)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Francisco Rivera, Juan Carlos e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña
Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para evitar o pechamento de oficinas bancarias e garantir o dereito aos servizos básicos de carácter financeiro
Publicación da iniciativa, BOPG nº 193, do 31.08.2021

4.5 20544 (11/PNP-001866)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e dous deputados/as máis
Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para regular o sector bancario
Publicación da iniciativa, BOPG nº 193, do 31.08.2021

4.6 20701 (11/PNP-001884)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Gio2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pontón Mondelo, Ana e dezaoito deputados/as máis
Sobre a proposta de nomes das salas do edificio do Parlamento de Galicia
Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 193, do 31.08.2021

Punto 5. Interpelacións

5.1 12730 (11/INT-000729)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana e dezaoito deputados/as máis
Sobre a política do Goberno galego en relación co sector naval de Vigo.
Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 112, do 17.03.2021

5.2 16688 (11/INT-000966)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina
Sobre a política do Goberno galego en materia de presencialidade na atención primaria
Publicación da iniciativa, BOPG nº 152, do 09.06.2021

5.3 20679 (11/INT-001117)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana e dezaoito deputados/as máis
Sobre a política da Xunta de Galicia en materia de atención primaria
Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 193, do 31.08.2021

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

6.1 21097 (11/POPX-000039)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Caballero Miguez, Gonzalo
Sobre as previsións para afrontar o inicio de curso político despois dos erros da Xunta neste verán
Publicación da iniciativa, BOPG nº 196, do 8.09.2021

6.2 21099 (11/POPX-000040)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana
Publicación da iniciativa, BOPG nº 196, do 8.09.2021

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 19586 (11/POP-002766)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto dos aloxamentos para peregrinos e peregrinas mentres os albergues continúen coa ocupación reducida
Publicación da iniciativa, BOPG nº 180, do 04.08.2021

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Gio2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

7.2 18581 (11/POP-002497)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e dous deputados/as máis
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da paralización cautelar do parque eólico previsto no monte da Pena, entre os concellos de Outes e Negreira
Publicación da iniciativa, BOPG nº 174, do 27.07.2021

7.3 20692 (11/POP-003140)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana e dezaoito deputados/as máis
Sobre as sancións ás empresas eléctricas que baleiraron os encoros galegos
Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 194, do 01.09.2021

7.4 21064 (11/PUP-000199)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Díaz Mouteira, María Sol e seis deputados/as máis
Sobre a notificación da Confederación Hidrográfica Miño-Sil á Xunta de Galicia respecto da drástica baixada do nivel de caudal dos encoros
Publicación da iniciativa, BOPG nº 196, do 8.09.2021

7.521077 (11/PUP-000201)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e Seco García, Martín
Publicación da iniciativa, BOPG nº 196, do 8.09.2021

7.6 21070 (11/PUP-000200)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do recoñecemento do galego a nivel internacional
Publicación da iniciativa, BOPG nº 196, do 8.09.2021

7.7 19973 (11/POP-003023)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Amigo Díaz, María Encarnación e seis deputados/as máis
Sobre o impacto que tivo a entrada en vigor da Lei de garantías de prestacións sanitarias nos tempos de espera do Servizo Galego de Saúde
Publicación da iniciativa, BOPG nº 189, do 18.08.2021

7.8 20074 (11/POP-003045)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma
Sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia da exixencia de solicitar o certificado de vacinación para acceder aos locais dedicados á hostalaría
Publicación da iniciativa, BOPG nº 191, do 25.08.2021

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Gio2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

7.9 20457 (11/POP-003113)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Vázquez Domínguez, Sandra e seis deputados/as máis
Sobre o balance que fai a Xunta de Galicia sobre a Campaña de verán 2021 destinada á xuventude no ámbito do lecer e tempo libre
Publicación da iniciativa, BOPG nº 194, do 01.09.2021

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

Santiago de Compostela, 7 de setembro de 2021
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

4. Informacións e correccións de erros

4.2. Correccións de erros

Corrección de erros da Resolución da Presidencia do 5 de agosto de 2021, de reconversión das preguntas con resposta oral en comisión en preguntas con resposta escrita por finalización do período de sesións (doc. núm. 4966, BOPG núm. 188, do 17 de agosto de 2021)

Advertido un erro material, consistente na omisión, na Resolución da Presidencia do 5 de agosto de 2021, da iniciativa que se cita, procédese á súa corrección nos seguintes termos:

Débese engadir a seguinte:

Preguntas orais ante unha comisión
Reconversión por finalización do período de sesións

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 8424 - 7386 (11/POC-001184) (11/PRE-006893)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 2 máis
Sobre os integrantes, os plans e o tratamento de residencias, fogares e centros de día en relación co Comité Asesor Sociosanitario
BOPG nº 74, do 12.01.2021

Santiago de Compostela, 9 de setembro de 2021

Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Corrección de erros da Resolución da Presidencia do 5 de agosto de 2021, de reconversión das preguntas con resposta oral en pleno en preguntas con resposta escrita por finalización do período de sesións (Doc. núm. 4963, BOPG núm. 188, do 17 de agosto de 2021)

Advertido un erro material, consistente na omisión, na Resolución da Presidencia do 5 de agosto de 2021 das iniciativas que se citan, procédese á súa corrección nos seguintes termos:

Débense engadir as seguintes:

Procedementos de información
Preguntas orais ante o Pleno

Reconversión por finalización do período de sesións

- 7472 - (11/POP-001180) (11/PRE-006848, 11/PUP-000090)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Verea Fraiz, Borja e 7 máis
Sobre a posta en marcha do Fondo de Proxectos Culturais Xacobeo 2021

- 7473 - (11/POP-001181) (11/PRE-006849, 11/PUP-000091)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Ferro Iglesias, José Luis e 6 máis
Sobre o impulso ao proxecto do *hub* audiovisual-industrial-cultural en Galicia

- 7474 - (11/POP-001182) (11/PRE-006850, 11/PUP-000092)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 7 máis
Sobre a avaliación que fai o Goberno Galego da situación actual na que se atopa o sector galego da automoción

- 7476 - (11/POP-001184) (11/PRE-006851, 11/PUP-000094)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rodeiro Tato, Ovidio e 10 máis
Sobre a posta en marcha do Centro Galego de Innovación da Formación Profesional

- 7477 - (11/POP-001185) (11/PRE-006852, 11/PUP-000095)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rodeiro Tato, Ovidio e 10 máis
Sobre a valoración que fai o Goberno galego relativa ao sistema de financiamento do Sistema universitario de Galicia

- 7488 - (11/POP-001186) (11/PRE-006853, 11/PUP-000097)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Egerique Mosquera, Teresa e 5 máis
Sobre as medidas que está a tomar a Xunta de Galicia para establecer vías que permitan a remuda xeracional no sector pesqueiro

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 7489 - (11/POP-001187) (11/PRE-006854, 11/PUP-000098)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Carballo Páez, Ramón e 13 máis
Sobre a oficina de emprego e formación no barrio da Residencia de Lugo

- 7490 - (11/POP-001188) (11/PRE-006855, 11/PUP-000099)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Balseiro Orol, José Manuel e 7 máis
Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia do funcionamento da rede de apoio ao emprego e ao emprendemento

- 7491 - (11/POP-001189) (11/PRE-006856, 11/PUP-000100)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Balseiro Orol, José Manuel e 7 máis
Sobre as medidas concretas que prevé a Axenda de emprego 2021, deseñada pola Xunta de Galicia para facer fronte aos problemas do eido laboral motivados pola covid-19

- 7492 - (11/POP-001190) (11/PRE-006857, 11/PUP-000101)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Balseiro Orol, José Manuel e 7 máis
Sobre o desenvolvemento das unidades formativas para persoas desempregadas

- 7493 - (11/POP-001191) (11/PRE-006858, 11/PUP-000102)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Balseiro Orol, José Manuel e 7 máis
Sobre a dotación orzamentaria prevista para levar a cabo os obradoiros duais e os programas integrados de emprego

- 7495 - (11/POP-001193) (11/PRE-006859, 11/PUP-000104)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prado del Río, Paula e 7 máis
Sobre as medidas especiais que puxo en marcha a Xunta de Galicia durante a situación de estado de alarma para garantir a atención e protección das vítimas de violencia de xénero

- 7515 - (11/POP-001194) (11/PRE-006860, 11/PUP-000105)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis
Sobre o orzamento co que conta o ente público Portos de Galicia para levar a cabo os traballos técnicos para a dragaxe dentro das infraestruturas portuarias de Galicia

- 7516 - (11/POP-001195) (11/PRE-006861, 11/PUP-000106)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Egerique Mosquera, Teresa e 5 máis
Sobre o importe que destina a Consellería do Mar para as axudas extraordinarias de transformación dentro do Plan Avantemar

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 7519 - (11/POP-001196) (11/PRE-006862, 11/PUP-000107)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Egerique Mosquera, Teresa e 5 máis
Sobre o importe total que destina a Consellería do Mar para as axudas extraordinarias de compensación ás redeiras dentro do Plan Avantemar

- 7523 - (11/POP-001197) (11/PRE-006863, 11/PUP-000108)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Candia López, María Elena e 6 máis
Sobre o estado do proceso de elaboración do Inventario forestal continuo de Galicia a día de hoxe

- 7524 - (11/POP-001198) (11/PRE-006864, 11/PUP-000109)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Candia López, María Elena e 6 máis
Sobre o estudo que está a facer a Consellería do Medio Rural do proxecto de Real decreto polo que se establecen as normas para a nutrición de solos agrarios, para a presentación de posibles alegacións se se entende que o seu contido manifesta aspectos mellorables ou mesmo prexudiciais para o noso sector primario

- 7525 - (11/POP-001199) (11/PRE-006865, 11/PUP-000110)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Candia López, María Elena e 6 máis
Sobre o estudo que está a facer a Consellería do Medio Rural do proxecto de Real decreto polo que se establecen as normas para a nutrición de solos agrarios, para a presentación de posibles alegacións se se entende que o seu contido manifesta aspectos mellorables ou mesmo prexudiciais para o noso sector primario

- 7526 - (11/POP-001200) (11/PRE-006866, 11/PUP-000111)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Candia López, María Elena e 6 máis
Sobre os beneficios que supoñerá para os gandeiros un centro para o impulso da economía circular

- 7533 - (11/POP-001201) (11/PRE-006867, 11/PUP-000112)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Amigo Díaz, María Encarnación e 3 máis
Sobre a avaliación que fai a Xunta de Galicia das súas iniciativas para promover a innovación dentro do Sistema público de saúde

- 7539 - (11/POP-001202) (11/PRE-006868, 11/PUP-000117)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Calvo Pouso, Diego e 6 máis
Sobre os resultados que espera obter a Xunta de Galicia dos proxectos de investigación beneficiados polo programa Traslaciona covid-19

- 7554 - (11/POP-001203) (11/PRE-006869, 11/PUP-000118)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis
Sobre as accións que está levando a cabo a Xunta de Galicia para promover melloras na plataforma Telea

- 7625 - (11/POP-001207) (11/PRE-006870, 11/PUP-000123)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rodeiro Tato, Ovidio e 6 máis
Sobre a valoración pola Xunta de Galicia en relación coa organización e xestión do curso escolar 2020-2021 (procedemento urxente)

- 7627 - (11/POP-001208) (11/PRE-006871, 11/PUP-000124)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rodeiro Tato, Ovidio e 6 máis
Sobre a consideración pola Xunta de Galicia da renuncia do Goberno central a aproveitar o traballo desenvolvido na pasada lexislatura para alcanzar un pacto pola educación no conxunto do Estado (procedemento urxente)

- 7722 - (11/POP-001209) (11/PRE-006872, 11/PUP-000125)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rodeiro Tato, Ovidio e 6 máis
Sobre a valoración pola Xunta de Galicia da implantación dos plans de formación nos centros educativos (procedemento urxente)

- 7752 - (11/POP-001210) (11/PRE-006873, 11/PUP-000126)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis
Sobre os avances na elaboración do Plan de dinamización lectora de Galicia por parte da Xunta de Galicia

- 7762 - (11/POP-001212) (11/PRE-006874, 11/PUP-000127)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis
Sobre o papel que vai desempeñar o Museo do Pobo Galego no contexto da nova Lei de museos de Galicia e no marco do Ano Xacobeo 2021

- 8052 - (11/POP-001213) (11/PRE-006875, 11/PUP-000128)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Balseiro Orol, José Manuel e 6 máis
Sobre as actuacións que vai executar a Xunta de Galicia para reducir o risco de asolagamento en Xunqueira, no concello de Viveiro

- 8065 - (11/POP-001214) (11/PRE-006876, 11/PUP-000129)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Calvo Pouso, Diego e 6 máis
Sobre o grao de desenvolvemento actual da Estratexia de eliminación dos treitos de concentración de accidentes identificados nas estradas autonómicas

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 8067 - (11/POP-001216) (11/PRE-006877, 11/PUP-000130)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Calvo Pouso, Diego e 6 máis
Sobre os beneficios que espera poder ofrecer á cidadanía o Goberno galego coa posta en marcha do proxecto Innovaugas 4.0 (procedemento urxente)

- 8076 - (11/POP-001219) (11/PRE-006878, 11/PUP-000132)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Calvo Pouso, Diego e 6 máis
Sobre as vantaxes que ofrece ao sector o Observatorio de Custos de Transportes de Mercadorías por Estrada de Galicia, impulsado pola Xunta (procedemento urxente)

- 8092 - (11/POP-001221) (11/PRE-006879, 11/PUP-000134)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Egerique Mosquera, Teresa e 7 máis
Sobre o contido do protocolo de colaboración proposto pola Xunta de Galicia ao Concello de Vigo para avanzar no plan para reducir o risco de inundacións do río Lagares ao seo paso por ese municipio (procedemento urxente)

- 8093 - (11/POP-001222) (11/PRE-006880, 11/PUP-000135)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Egerique Mosquera, Teresa e 7 máis
Sobre a valoración polo Goberno galego en relación coa situación na que se atopa a estación de tratamento de auga potable municipal do Casal, en Vigo (procedemento urxente)

- 8096 - (11/POP-001223) (11/PRE-006881, 11/PUP-000136)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Calvo Pouso, Diego e 6 máis
Sobre o estado actual de desenvolvemento do programa de inspeccións en pontes e obras de paso que vén aplicando a Xunta nas estradas da súa titularidade (procedemento urxente)

- 8220 - (11/POP-001224) (11/PRE-006882, 11/PUP-000137)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Verea Fraiz, Borja e 7 máis
Sobre as actuacións máis singulares executadas pola Xunta de Galicia para a integración paisaxística dos Camiños de Santiago á súa entrada en Compostela (procedemento urxente)

- 8222 - (11/POP-001225) (11/PRE-006883, 11/PUP-000138)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Calvo Pouso, Diego e 6 máis
Sobre as previsións que baralla a Xunta de Galicia para dotar de infraestruturas intermodais as principais cidades galegas (procedemento urxente)

- 8225 - (11/POP-001226) (11/PRE-006884, 11/PUP-000139)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Calvo Pouso, Diego e 7 máis

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre a situación en que se atopan os trámites para a construción do novo Complexo Hospitalario Universitario da Coruña (procedemento urxente)

- 8265 - (11/POP-001227) (11/PRE-006885, 11/PUP-000141)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prado del Río, Paula e 6 máis
Sobre os avances que ten efectuado a Xunta de Galicia nos últimos meses en relación coa promoción e co recoñecemento social do voluntariado de protección civil (procedemento urxente)

- 8635 - (11/POP-001427) (11/PRE-006886, 11/PUP-000145)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Díaz Mouteira, María Sol e 6 máis
Sobre os beneficios que reportará á cidadanía galega a posta en marcha da Plataforma urbanística dixital de Galicia (procedemento urxente)

- 8691 - (11/POP-001428) (11/PRE-006887, 11/PUP-000146)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Díaz Mouteira, María Sol e 6 máis
Sobre as vantaxes que suporá para a competitividade de Galicia o censo de solo empresarial que a Xunta ten proxectado poñer en marcha proximamente (procedemento urxente)

- 9554 - (11/POP-001429) (11/PRE-006888, 11/PUP-000149)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes
Sobre as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia para apoiar e rescatar os sectores culturais, diante das restricións impostas pola pandemia

- 9560 - (11/POP-001430) (11/PRE-006889, 11/PUP-000150)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Vázquez Domínguez, Sandra e 6 máis
Sobre a situación na que se atopa o procedemento de recoñecemento da Universidad Intercontinental de la Empresa, iniciado polo padroado Fundación Galicia Obra Social-Afundación

- 9561 - (11/POP-001431) (11/PRE-006890, 11/PUP-000151)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 7 máis
Sobre as xestións que está a desenvolver a Xunta de Galicia co fin de poñer en marcha novos apoios ao sector da hostalaría

- 9563 - (11/POP-001432) (11/PRE-006891, 11/PUP-000152)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Vázquez Domínguez, Sandra e 6 máis
Sobre a valoración que fai o Goberno galego da aprobación das axudas de apoio ás etapas de formación predoutoral e posdoutoral

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Gio2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 10469 - (11/POP-001587) (11/PRE-006892, 11/PUP-000154)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Díaz Mouteira, María Sol e 6 máis
Sobre os pasos que vai dar a Xunta de Galicia tras a decisión do Goberno central de inserir o lobo na Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial

Santiago de Compostela, 9 de setembro de 2021
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 20592
Data envio: 26/08/2021 14:02:31.263

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, **Manuel Lourenzo Sobral** e **Daniel Castro García**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as xestións da Xunta para conseguir o recoñecemento do galego a nivel internacional e garantir o dereito das persoas galegofalantes a usaren a súa lingua propia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No Grupo Parlamentar do BNG estamos a ter coñecemento de diferentes situacións de persoas galegas que están a ver imposibilitada a súa viaxe ao Reino Unido en diferentes compañías aéreas desde o aeroporto de Santiago – Rosalía de Castro.

A razón que lles impide embarcar, segundo argumentan as compañías Vueling e Ryanair, é que o test de antíxenos realizado en farmacia e presentado debidamente conforme normativa está redactado en galego, xustificando a exclusión do recoñecemento da lingua propia e oficial de Galiza na aplicación da lexislación británica.

No BNG entendemos que se está a provocar un grave prexuízo persoal, con perdas moi importantes para as afectadas, xa que, para alén de non poder embarcar na viaxe planificada, as compañías néganlles a posibilidade de recuperaren o importe dos billetes, ao tempo que se están a vulnerar os dereitos lingüísticos das galegas e galegos no aeroporto internacional da capital de Galiza.

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 20592
Data envio: 26/08/2021 14:02:31.263

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por outra banda, esta situación esta a provocar unha confusión engadida que acrecenta aínda máis o agravio ás persoas galegas que precisan viaxar ao Reino Unido.

No pasado mes de xullo o Conselleiro de Sanidade informaba que os test de antíxenos de farmacia só terían validez dentro de Galiza e sempre que fosen supervisados por persoal farmacéutico autorizado.

A finalidade destes tests reducíase á entrada nos locais de hostalaría e restauración, actividades restrinxidas dentro do ámbito de Galiza, polo que resulta aínda máis incomprensíbel e inxustificábel que se xustifique a lingua galega como un problema que impide embarcar.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Estabeleceu contacto coas persoas galegas afectadas? Que xestións levou a cabo o goberno para axudalas? E coas compañías aéreas?

- Que accións vai levar a cabo o goberno para facer fronte á vulneración dos dereitos lingüísticos das viaxeiras galegas que se están a producir por parte dalgunhas compañías aéreas no aeroporto de Santiago – Rosalía de Castro?

- Recoñece o goberno que, tal e como anunciou no mes de xullo o Conselleiro de Sanidade, os test de antíxenos só teñen validez dentro de Galiza e non son válidos como certificado para fóra de Galiza?

- Como vai compensar os danos e perdas provocados pola propia confusión do goberno da Xunta?

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 20592
Data envio: 26/08/2021 14:02:31.263

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Que vai facer a Xunta para conseguir o recoñecemento do galego a nivel internacional e garantir o dereito das persoas galegofalantes a usaren a súa lingua propia?

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**
Daniel Castro García
Manuel Lourenzo Sobral
Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 26/08/2021 14:01:35

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 26/08/2021 14:01:43

Mercedes Queixas Zas na data 26/08/2021 14:02:10

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 20594
Data envio: 26/08/2021 15:26:14.950

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, **Manuel Lourenzo Sobral** e **Daniel Castro García**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a nova exclusión do galego na comunicación coas usuarias da Consellería de Sanidade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A exclusión do galego como lingua de comunicación da Consellería de Sanidade coas usuarias ao longo desta pandemia por coronavirus foi explícita en diferentes ocasións, o que foi respondido pola sociedade galega facendo pública a súa denuncia por este feito, así como a súa demanda de restitución do galego como lingua propia e oficial.

O artigo 5 do noso Estatuto de Autonomía declara que os poderes públicos de Galiza potenciarán a utilización do galego en todas as ordes da vida pública, cultural e informativa, principio que debe rexer todo o labor responsábel do goberno galego.

Nesta altura da pandemia, o goberno volve dar mostras de improvisación e descoido na campaña de vacinación ao excluír a lingua galega ao remitir en castelán o documento coa información para o consentimento informado por representación para a vacinación fronte á Covid das persoas de entre 12 e 16 anos de idade.

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 20594
Data envio: 26/08/2021 15:26:14.950

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asemade, son moitas as usuarias que denuncian a chegada de mensaxes de móbil só en castelán convocando a rapazada desta franxa etaria para a vacinación sen ofrecer a mesma información tamén en galego.

Un desleixo que preocupa novamente á vista da súa reiteración neste longo proceso de comunicación en tempo de pandemia.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Que razóns explican o continuado veto ao galego por parte da Consellería de Sanidade na comunicación directa coas usuarias?

- Por que non se programou en galego esta nova comunicación do longo proceso de vacinación en curso, tanto as convocatorias de cita de vacinación para o grupo de idade de 12 a 16 anos como o consentimento informado para as familias?

- Que medidas vai pór en andamento o goberno para evitar que esta exclusión do galego se volva repetir na comunicación xerada desde a Consellería de Sanidade?

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**
Daniel Castro García
Manuel Lourenzo Sobral
Deputada e deputados do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 20594
Data envio: 26/08/2021 15:26:14.950

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 26/08/2021 15:15:29

Daniel Castro García na data 26/08/2021 15:15:33

Mercedes Queixas Zas na data 26/08/2021 15:15:43

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2021 12:54:48
Nº Rexistro: 20612
Data envio: 27/08/2021 12:54:48.833

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Pérez López, **Ramón Fernández Alfonzo**, **Noa Presas Bergantiños** e **Carme González Iglesias**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a creación dun centro en Galiza para a competitividade e a I+D+i no almacenamento de enerxía.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Previamente á pandemia Galiza atopábase xa a nivel enerxético nunha encrucillada, pola situación mundial de aceleración da descarbonización e pola situación propia cun papel produtor que, porén, coincidía cunha gran crise industrial moi asociada en boa medida ao prezo da enerxía.

Entre os factores máis relevantes cómpre sinalar, por unha banda, a permanencia do papel especializado de Galiza na xeración enerxética e, por outra banda, importantes cambios a nivel internacional con repercusións no territorio baixo o paraugas da denominada Transición enerxética. Podemos sinalar o Marco europeo para o clima e a enerxía 2030, o denominador Green Deal, a Estratexia Europea de Enerxías Renovábeis e Clima e o Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima 2021-2030 (PNIEC) que establece obxectivos, políticas e medidas para, segundo o goberno do Estado, alcanzar a neutralidade climática antes de 2050. Estes elementos configuran o marco legal, político e ideolóxico da denominada enerxía verde, vinculada á economía verde. Porén, na transición da teoría á práctica, xa antes da pandemia víronse as costuras deste modelo e

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2021 12:54:48
Nº Rexistro: 20612
Data envio: 27/08/2021 12:54:48.833

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

a axenda oculta desde os propios lobbies económicos responsábeis da emerxencia climática.

Durante o período marcado pola covid-19 abríronse no ámbito internacional e estatal importantes debates sobre o marco enerxético e tamén sobre o financiamento de proxectos e medidas ao abeiro da hipotética chegada de fondos de reactivación económica extraordinarios. Porén, o escurantismo e a falta de diálogo dos gobernos galego e central impediron que prosperaran propostas neste ámbito como o da creación dun centro de almacenamento enerxético en Galiza.

É necesario recordar que o coñecido como Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima 2021-2030 (PNIEC) establece obxectivos, políticas e medidas para, segundo o goberno do Estado, alcanzar a neutralidade climática antes de 2050. Sinala o almacenamento de enerxía nas súas diversas formas como unha das tecnoloxías que serán claves para a descarbonización, incluíndo 6 GW para a próxima década no sector eléctrico, cun balance de case que 250 TWh para 2030. Tamén prevé a elaboración dun Plan de Desenvolvemento Industrial que permita capturar o máximo potencial en canto a xeración de desenvolvemento económico e emprego industrial derivados da transición enerxética, no que o ámbito do almacenamento pode supoñer unha oportunidade para desenvolver unha cadea de valor propia que sexa competitiva a nivel galego, estatal e internacional.

Segundo a información dispoñible por Rede Eléctrica de España (REE) sobre o último balance eléctrico en Galiza malia o impacto da práctica paralización das centrais térmicas de Meirama e As Pontes, Galiza continúa destacando polo seu papel produtor e exportador, cifrándose nun 29,2% a enerxía subministrada fóra do noso país, na liña da tendencia histórica que vimos sinalando desde o nacionalismo galego. É de sinalar

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2021 12:54:48
Nº Rexistro: 20612
Data envio: 27/08/2021 12:54:48.833

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

tamén que, por primeira vez, a xeración con renovábeis (18.562 XWh) superou ao consumo galego (17.383 XWh).

Atendendo aos datos públicos de REE para o caso das Pontes, o potencial de xeración do municipio, en fontes e en produtividade, xunto ao carácter histórico imposto a Galiza de produtora e exportadora de electricidade, evidencian a oportunidade e a necesidade -e a obriga de compensación para con ela e as súas xentes- de, dentro da Estratexia de Almacenamento Enerxético, situar en Galiza un centro tecnolóxico encargado de levar a cabo os proxectos, xestionar e monitorizar os mesmos, así como participar no desenvolvemento de ferramentas e tecnoloxías que melloren a flexibilidade e a seguridade da rede eléctrica, que posibiliten dispoñer dunha verdadeira "smartgrid" ou rede intelixente; nel participarían as administracións competentes en enerxía e cambio climático, xunto ás responsables de áreas relacionadas e de interese (industria, mobilidade, urbanismo, formación, I+D+i, ...), así como empresas, institucións e organismos interesados.

A aplicación de diversas tecnoloxías de almacenamento dentro dunha mesma rede, o desenvolvemento e testado de novos sistemas, e a investigación e desenvolvemento no campo do almacenamento enerxético teñen nas Pontes un enclave perfecto para a súa implantación, no que o deseño de cada instalación de almacenamento, así como a súa programación temporal, coordinaríase co ritmo da instalación das fontes renovables no termo municipal, posibilitando dar resposta á necesidade de probar, en escenario real, o comportamento das diferentes tecnoloxías eléctricas, electroquímicas, mecánicas, térmicas e químicas do almacenamento, a gran escala, en redes, e a nivel de usuario final.

É inaceptable que a Xunta de Galiza se manteña na súa política de opacidade e falta de iniciativa, sen manifestar propostas, opinións ou oposición ás decisións ou falta

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2021 12:54:48
Nº Rexistro: 20612
Data envio: 27/08/2021 12:54:48.833

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de decisión do goberno central e que mentres se vexa como outros territorios sen as condicións idóneas de Galiza si avancen propostas na materia. Este é o caso de Estremadura, cuxo goberno vén de publicar a aprobación da creación dun Centro Estatal de Investigación e Almacenamento Enerxético que vai ser financiado con fondos propios e do goberno central.

Compróbase o fracaso das directrices enerxéticas aprobadas durante o anterior mandato de Núñez Feijóo e a falta de vontade para deseñar de forma proactiva e dialogada un novo modelo enerxético galego ao servizo das necesidades territoriais, sociais e económicas.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Como valora o goberno galego que outros territorios do Estado avancen en propostas de innovación enerxética que Galiza rexeita polo seu sectarismo e falta de iniciativa política?

Defende a Xunta de Galiza que o noso país debe apostar por localizar a creación dun centro en Galiza para a Competitividade e a I+D+i no Almacenamento de Enerxía?

Considera a Xunta de Galiza que o almacenamento enerxético é unha vía de investigación e innovación importante para o futuro?

Debe Galiza apostar pola innovación e o valor engadido no sector enerxético ou conformarse cun modelo espoliador que esquilma recursos naturais para fundamentalmente exportar enerxía a outros polos industriais?

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2021 12:54:48
Nº Rexistro: 20612
Data envio: 27/08/2021 12:54:48.833

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Está disposta a Xunta de Galiza a defender unha iniciativa deste tipo e a súa propia participación pública?

Considera a Xunta de Galiza que para unha transición enerxética xusta e polo seu carácter estratéxico sería unha adecuada ubicación o municipio das Pontes?

Vai dialogar ou ten dialogado con este concello e cos seus foros de transición para avaliar esta cuestión?

Santiago de Compostela, 27 de agosto de 2021

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**
Mª Carme González Iglesias
Daniel Pérez López
Noa Presas Bergantiños
Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 27/08/2021 11:56:13

Ramón Fernández Alfonzo na data 27/08/2021 11:56:18

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2021 12:54:48
Nº Rexistro: 20612
Data envio: 27/08/2021 12:54:48.833

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María do Carme González Iglesias na data 27/08/2021 11:56:45

Noa Presas Bergantiños na data 27/08/2021 11:56:55

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2021 13:24:02
Nº Rexistro: 20617
Data envio: 27/08/2021 13:24:02.469

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Juan Carlos Francisco Rivera e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Galicia avanza nun proceso continuo de exclusión financeira como consecuencia dunha reestruturación bancaria que está a ameazar a presenza de oficinas en moitos dos concellos galegos, maioritariamente rurais, o que repercute de maneira moi negativa no benestar da poboación.

En particular, dende marzo de 2015 a marzo de 2021 Abanca leva pechadas máis de 110 oficinas, un proceso que se está a ver incrementado nos últimos meses de xeito indiscriminado. Dende abril deste ano Abanca ten pechado ou anunciado o peche de oficinas en Carril, Vilaxoán, Vimianzo, Zas, A Baña, Baíñas, Muras, Vimianzo, Forcarei, Fene, Cotobade, Cerdido, Seixo (Marín), Campelo, Campo Lameiro, Padrenda, Quintela de Leirado, Padrenda … , moitas delas emprazadas en concellos ou localidades nas que era a única oficina, o cal está xerando unha situación evidente de exclusión financeira para unha parte importante da poboación galega.

Este é o caso de Mesón do Vento, no concello de Ordes, cuxa oficina pechou o recente 21 de xullo deixando así sen un servizo básico á súa veciñanza, que ten agora que se trasladar a 10 quilómetros para realizar as súas xestión bancarias nunha oficina, a única de Ordes, saturada e con grandes esperas. Contra esta decisión, a Agrupación Socialista de Ordes puxo en marcha unha iniciativa de recollida de sinaturas que en tan só unha fin de semana recompilou un millar de apoios.

Este peche está a afectar de maneira sinalada á economía da zona, nomeadamente servizos, hostalaría e comercio. Tamén a veciñanza, na súa maioría persoas maiores, que deberá desprazarse para realizar calquera xestión ou trámite bancario que precise.

En efecto, o proceso acelerado de dixitalización no que están inmersas as entidades financeiras galegas ignorando a fenda existente nese eido para moitos colectivos, especialmente xente maior e que habita en concellos rurais, mostra unha realidade complexa que esixe a inmediata intervención das administracións públicas.

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2021 13:24:02
Nº Rexistro: 20617
Data envio: 27/08/2021 13:24:02.469

A atención ás comarcas rurais e a loita contra o seu despoboamento pasa polo mantemento e consolidación dos servizos básicos, e en maior medida en zonas nas que existe un problema demográfico. É por iso que os poderes públicos non poden permanecer alleos a procesos que están a supor un cada vez maior esmorecemento do rural, en contra precisamente do manifestado en múltiples ocasións polo actual Goberno galego.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Realizou ou pensa realizar o Goberno galego algunha xestión para que Abanca reconsidere o peche da súa sucursal en Mesón do Vento (Ordes)?

2ª) Como valora a Xunta de Galicia o peche da sucursal de Abanca en Mesón do Vento?

3ª) Considera a Xunta de Galicia que debe iniciar conversas con Abanca para evitar o peche de sucursais bancarias no rural de acordo a unha estratexia de fortalecemento do rural e contra o seu despoboamento?

4ª) Que medidas está a levar a cabo a Xunta de Galicia para garantir a accesibilidade dixital das persoas consumidoras galegas, especialmente da xente maior que vive nun núcleo rural como o de Mesón do Vento e carece de oficina bancaria?

Pazo do Parlamento, 27 de agosto de 2021

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 27/08/2021 12:35:42

Juan Carlos Francisco Rivera na data 27/08/2021 12:35:55

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 27/08/2021 12:36:06

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2021 13:32:04
Nº Rexistro: 20621
Data envio: 27/08/2021 13:32:04.281

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Máis de 11 anos de Goberno do presidente Feijóo, Galicia perde oportunidades de avanzar, sen posibilidade de recibir as subvencións da UE e coa imposición de sancións pola súa deficiente depuración.

A Comisión Europea xa ten imposto sancións a España e xa ten anunciado novas denuncias ante o Tribunal de Xustiza da UE porque non existe garantía do bo tratamento das augas residuais urbanas en varias zonas de Galicia; dada a falta dun sistema axeitado de tratamento e porque existe risco para a saúde pública.

Ao longo do noso territorio a illa de Ons, pertencente ao parque natural das illas atlánticas, é outro exemplo do desleixo na aplicación deste Plan integral de saneamento.

A depuradora de Ons funciona mal dende hai unha década, vertendo ao mar as augas sen depurar. A Xunta levou a cabo as obras de traslado e acondicionamento da depuradora no ano 2011, cun investimento de case 200.000 €, e prometeu melloras na rede de saneamento que nunca chegaron.

Hai dous días espertabamos novamente, coa noticia do desbordamento da depuradora da illa de Ons, que comezou a verter polo terreo augas residuais, no que é un desastre para un territorio que está considerado patrimonio natural.

O Goberno galego ten que levar a cabo unha ampliación do servizo de saneamento e a ampliación da depuradora, xa que na actualidade ten unha capacidade para 250 persoas, cando en épocas de verán acoden á illa unhas 2.000 persoas diarias.

A Xunta ten que protexer un espazo coma este pola súa importancia, tanto para os habitantes da zona como para o noso patrimonio natural.

O Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia é o único parque nacional de Galicia e o décimo terceiro en orde cronolóxica de España.

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2021 13:32:04
Nº Rexistro: 20621
Data envío: 27/08/2021 13:32:04.281

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Como xustifica o Goberno da Xunta anos de deficiente funcionamento da Edar da illa de Ons?

2ª) Pode garantir o Goberno da Xunta de Galicia que existe garantía do bo tratamento das augas residuais na illa de Ons?

3ª) Cando ten previsto o Goberno da Xunta levar a cabo unha actuación de mellora na Edar da illa de Ons? En que consistirá esta actuación?

4ª) Como prexudican os continuos desbordamentos da depuradora a este patrimonio natural protexido? Teñen feito balance do dano causado?

Pazo do Parlamento, 27 de agosto de 2021

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 27/08/2021 12:59:19

Pablo Arangüena Fernández na data 27/08/2021 12:59:28

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2021 13:41:26
Nº Rexistro: 20630
Data envio: 27/08/2021 13:41:26.547

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSdeG PSOE

A Mesa do Parlamento

Marina Ortega Otero, Julio Torrado Quintela e Luis Manuel Álvarez Martínez, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita.**

A incidencia de menores con alerxias cada vez é maior. O tipo de manifestación segundo o tipo de alerxia é diferente en función do alérxeno así coma da reacción que provoque no menor. A forma máis grave é o shock anafiláctico, o cal require tratamento inmediato mediante unha ou dúas inxeccións que controlen os efectos graves desta reacción alérxica. Trátase dun risco extremo para os menores susceptibles da mesma, xa que pode causar incluso o falecemento se non se intervén a tempo, ou de xeito correcto.

Galicia foi pioneira na protección dos menores con este tipo de alerxias, así coma cos que padecen enfermidades que producen crises que requiren tratamento ou atención especializada inmediata, a través do Programa de Alerta Escolar, creado no ano 2007 a través da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Trátase dun programa que, en colaboración co 061, ten como obxectivo a atención inmediata e eficiente do alumnado que presente unha patoloxía crónica e pode desenvolver en calquera momento unha crise. Dito programa posibilita a asistencia do menor afectado e que o profesorado teña cobertura de persoal médico que conte con coñecementos dos nenos e nenas con esta problemática. Programa dirixido principalmente ao rexistro de menores con alerxias, epilepsia asma ou diabetes.

Tendo en conta a incidencia deste tipo de emerxencias sanitarias debido ao aumento de menores con alerxias, dende o grupo parlamentario socialista consideramos importante dar un paso adiante e elaborar un protocolo que inclúa as inxeccións nos botiquíns para casos de anafilaxia sen diagnosticar. E con elo blindar todos os centros educativos públicos ou privados para actuar nos casos espontáneos e graves de alerxias. Ademais, garantir aqueles casos xa diagnosticados, a custodiar as inxeccións e administralas en caso de emerxencia de igual xeito, nos comedores e campamentos infantís. Ademais, tendo en conta o curto período ata a data de caducidade das inxeccións para tratar a anafilaxia é importante garantir que se revise a caducidade e así repoñer o material con antelación.

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Tamén coñecemos o problema que teñen moitas familias para conseguir as imprescindibles inxeccións de adrenalina autoinxectable cunha data de caducidade completa, ademais de ter un elevado custo económico que se duplica ao ter que levar un dispositivo a cada centro onde o menor corre risco. Este custo aínda se incrementa máis se a data de caducidade das inxeccións dispoñibles no momento da compra é moi inferior á que poden ter estes medicamentos, o cal é frecuente.

Sería importante habilitar un sistema que permita que os usuarios poidan dispoñer de dispositivos de adrenalina autoinxectable cunha data de caducidade o máis ampla que sexa posible e co menor custo económico para as familias.

Polo exposto, a deputada e deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

1.ª) Ten pensado a Consellería de Educación habilitar un Protocolo cos recursos necesarios para campamentos e comedores, que garanta as inxeccións para tratar a anafilaxia nos botiquíns?

2.ª) Ten previsto a Xunta garantir a custodia e aplicación das inxeccións en caso de crise, nos centros educativos públicos e privados, así como en campamentos e comedores?

Pazo do Parlamento, 27 de agosto de 2021

Asdo.: Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela
Luis Manuel Álvarez Martínez
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 27/08/2021 13:01:39

Julio Torrado Quintela na data 27/08/2021 13:01:52

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 27/08/2021 13:02:04

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2021 13:47:21
Nº Rexistro: 20636
Data envio: 27/08/2021 13:47:21.453

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García, **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, **Luis Bará Torres** e **Iria Carreira Pazos**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a necesidade de aplicar un protocolo de medidas contra a Covid específico para os centros e instalacións deportivas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os propietarios e propietarias de centros e instalacións deportivas levan sufrindo as consecuencias da Covid 19 desde hai xa moitos meses. Esta realidade conlevou grandes perdas económicas pola ausencia de actividade e tamén un grande investimento na adaptación dos seus centros ás novas normativas.

Alén disto, estas perdas non foron recuperadas debido a que as axudas proporcionadas pola Xunta de Galiza foron escasas tanto na cantidade coma na porcentaxe de persoas que puideron solicitalas, ao que hai que sumar o feito de que non existiu até o de agora ningunha convocatoria de axudas específicas para o sector do deporte.

Por estas razóns, o sector do deporte non federado galego non entende as prohibicións que obrigan a pechar as instalacións deportivas nas que hai actividade no seu interior nos concellos onde exista un nivel de restricións máximo. Deste xeito, volvemos ver como o goberno galego volve atacar a un sector que se atopa nunha

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2021 13:47:21
Nº Rexistro: 20636
Data envio: 27/08/2021 13:47:21.453

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

situación moi delicada, con ausencia de axudas e ao que de novo se volve ver como o culpable e non como o que realmente é, parte da solución.

Esta situación que afecta principalmente aos e ás propietarias afecta tamén aos e ás clientes que ven restrinxida a súa actividade deportiva, algo que é moi necesario en termos de saúde física e mental, tal como se viu probando ao longo da pandemia e que se reflexa na consideración que o propio deporte ten como actividade de interese público na propia lei do deporte de Galiza de 2012.

Por último, o propio sector salienta unha grande descoordinación na aplicación das medidas, xa que nalgúns casos o número de persoas permitido nun centro varia dependendo a persoa que atenda aos e ás propietarias e o momento do día no que re realice a consulta, unha realidade que mostra a necesidade de termos un protocolo propio para o sector.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Cal é a razón pola que os centros deportivos non poden ofrecer os seus servizos no seu interior nos concellos que estean en nivel máximos de restricións?

- Está disposta a Xunta de Galiza a permitir que se realicen actividades deportivas en interior nos centros deportivos que se atopen en nivel máximo de restricións?

- Cal é a razón que explica que a día de hoxe sigamos sen un protocolo Covid en centros deportivos?

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2021 13:47:21
Nº Rexistro: 20636
Data envio: 27/08/2021 13:47:21.453

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Cal é a razón que explica as grandes prohibicións no sector do deporte cando é este unha actividade considerada de interese público e cunhas porcentaxes de contaxio ínfimas ?

Santiago de Compostela, 27 de agosto de 2021

Asdo.: **Daniel Castro García**

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 27/08/2021 13:38:55

Xosé Luis Bará Torres na data 27/08/2021 13:39:00

Iria Carreira Pazos na data 27/08/2021 13:39:10

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 27/08/2021 13:39:20

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2021 10:27:58
Nº Rexistro: 20650
Data envio: 30/08/2021 10:27:58.572

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández e **Iria Carreira Pazos**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa ás medidas a tomar para descolapsar a Atención Primaria.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Se algunha lección nos deixa a Covid 19 é a importancia de ter unha Atención Primaria forte e ben dotada para protexer á poboación. Si o seu reforzo e cambio de modelo era necesario antes da pandemia, agora resulta imprescindíbel.

Esta constatación fixo pensar que a Xunta de Galiza ía tomar nota e rectificar a súa política de acoso e derribo, fixo albergar a esperanza de que se ía proceder ao impulso, á mellora da Atención Primaria.

Que despois do enorme esforzo realizado pol@s profesionais, se ían poñer en marcha medidas para rematar coa sobrecarga asistencial crónica, coa precariedade.

Máis a realidade é que moi ao contrario o PP está aproveitando a pandemia para acelerar a súa política de acoso e derribo manténdoa colapsada, con falta de profesionais, sumida nun pozo máis e máis profundo.

No medio da maior pandemia sanitaria que coñecemos, cando sería precisa unha auténtica aposta pola sanidade pública para afrontar con garantías a pandemia, aproveita o PP para afondar no afastamento dos servizos sanitarios e da resolución

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2021 10:27:58
Nº Rexistro: 20650
Data envio: 30/08/2021 10:27:58.572

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

dos problemas da poboación , na vez de impulsar unha atención de calidade e próxima.

Atención Primaria atópase nuns niveis de saturación inadmisibles. Aumento da presión asistencial pola multiplicación da demanda, sobre de todo nos concellos de aumento da poboación polo turismo, e que teñan que afrontar o traballo cuns cadros de persoal aínda máis reducidos do habitual ao non substituír as ausencias, vacacións ou xubilacións.

Era imposíbel atender a presión asistencial existente, antes da quinta onda (co aumento dos contaxios), da campaña de vacinación e das vacacións do verán e moito menos con todos eses elementos, e as consecuencias afloraron con toda crueza este verán.

As consecuencias son o persoal exhausto, e a poboación sen a atención debida, non continuidade na asistencia, cada día son atendidos por un profesional distinto, listas de espera de semanas para a atención telefónica e presencial.

Están nunha situación límite desde @s celadores/as e PSXs pasando por enfermería, auxiliares e chegando ao persoal facultativo. Axendas interminábeis de ata 70 ou 80 doentes, en quenda de mañá, ao ter que asumir a atención habitual, as e os doentes crónicos, e tamén as d@s profesionais que non son substituíd@s, das persoas desprazadas ou das urxencias, ademais do proceso de vacinación e facer o diagnóstico e seguimento de todas as persoas positivas pola Covid 19 que se están multiplicando dun xeito exponencial, polos déficits tremendos do sistema de rastrexo, ao que hai que engadir a habilitación da Chave 365 e os certificados de vacinación.

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2021 10:27:58
Nº Rexistro: 20650
Data envio: 30/08/2021 10:27:58.572

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O Partido Popular está poñendo en risco a saúde física e mental tanto d@s profesionais como da poboación coa situación na que ten a Atención Primaria; lonxe de aportar solucións fomenta o enfrontamento da poboación co persoal da sanidade pública.

Ten que producirse un cambio de rumbo, medidas para que Atención Primaria sexa o eixo vertebrador do sistema sanitario e deixe de estar secundarizada.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Que medidas que vai poñer en marcha a Xunta de Galiza para garantir que se normalice a atención sanitaria en Atención Primaria, de xeito que se eliminen as listas de espera e poidan solicitar atención presencial todas as persoas que o precisen?

Cal é a planificación da Xunta de Galiza para garantir que a Atención Primaria sexa o auténtico eixo vertebrador do sistema sanitario?

Cal é a previsión de aumento orzamentario para Atención Primaria?

Por que non elabora un Plan de Ordenación de Recursos Humanos a partir do cal presentar un plano de estabilidade de emprego?

Que alternativa lles oferta @s galeg@s diante da escaseza de facultativ@s de Medicina de Familia e comunitaria?

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2021 10:27:58
Nº Rexistro: 20650
Data envio: 30/08/2021 10:27:58.572

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por que non incorpora a Atención Primaria categorías imprescindíbeis para prestar unha atención integral: psicoloxía e farmacia clínica, terapia ocupacional, logopedia, traballo social...?

Non considera preciso a aprobación das carteiras de servizos de cada unha das categorías profesionais presentes en Atención Primaria?

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2021

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**
Olalla Rodil Fernández
Iria Carreira Pazos
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 30/08/2021 10:22:05

Iria Carreira Pazos na data 30/08/2021 10:22:09

María Montserrat Prado Cores na data 30/08/2021 10:22:18

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2021 10:33:09
Nº Rexistro: 20656
Data envio: 30/08/2021 10:33:09.931

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

A Mesa do Parlamento

Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita.**

Ao longo da historia o suicidio significou estigma e tabú. As repercusións sobre o núcleo familiar son duras, efectuándose un duelo patolóxico na maioría dos casos.

Os datos son preocupantes, e fan que dende as administracións exista a necesidade de prender unha alerta que elabore un plan de acción coordinado que permita intervir para unha detección precoz da conducta suicida. Na actualidade, o suicidio aínda ten asociado un tabú social inmenso, polo que é necesario hoxe máis que nunca que, tras unha pandemia sen precedentes coñecidos con consecuencias importantes sobre a saúde mental das persoas, dende as administracións se poña no centro de acción este asunto.

A predisposición do suicidio a nivel global é ascendente, segundo os últimos datos é a décima causa de morte en Europa. Ademais en 2016 foi a segunda causa de morte entre a poboación de 15 a 29 anos, polo que é preciso un plan específico que actúe sobre a prevención do suicidio en adolescentes e xunventude.

En España, o suicidio sitúase como a primeira causa de morte non natural, crecendo en 2019, nun 3,7 % respecto ao ano anterior segundo os datos do INE. En Galicia o suicidio é a causa de morte que máis afecta porcentualmente á xuventude galega xunto aos accidentes de tráfico, e a provincia de Lugo encabeza a taxa de suicidios máis alta de toda España. Polo que Galicia ten que incrementar esforzos adicionais na prevención do suicidio.

A preocupación é maior tendo en conta as consecuencias da pandemia no ámbito da saúde mental, polo que xorden novos retos que é preciso abordar canto antes. É preciso un Plan Galego contra o Suicidio con carácter multisectorial que elabore un informe anual cos datos sobre suicidios así como cifras de tentativas e que teña unha dotación orzamentaria específica que leve á práctica real o propio Plan. Todo elo en colaboración con colexios profesionais e entidades sociais da saúde mental onde se marquen as liñas estratéxicas multidisciplinares. É preciso complementar as políticas de acción contra o suicidio en Galicia con

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2021 10:33:09
Nº Rexistro: 20656
Data envío: 30/08/2021 10:33:09.931

dito Plan Integral potente dotado con recursos suficientes para o gran reto que Galicia ten nesta materia como unha das CCAA máis afectadas.

Así mesmo é preciso ter un especial recoñecemento ao gran traballo que fan os profesionais de saúde mental, así coma corpos e forzas de seguridade, bombeiros, entre outros.

En Galicia, en 2019, faleceron 292 persoas por suicidio. Profesionais do sector e movementos sociais de saúde mental alertan de que non existe un plan de prevención de suicidios, e o plan de prevención publicado en 2017 non se implementou. Polo que é urxente que a saúde mental e o suicidio, que fai a Galicia encabezar a lista nacional xunto con Asturias nesta causa de falecemento, sexan temas centrais nos que as políticas neste sentido teñen que ser transformadas en realidade, na práctica do día a día. As persoas expertas na materia indican que é necesario abordar todos os niveis de prevención do suicidio, polo que, as políticas teñen que ser transformadas en práctica para abordar realmente o problema en cuestión.

As persoas que lideran movementos sociais sobre a saúde mental en Galicia, así como persoas expertas na materia indican que: "en 2017 nacía o plan de prevención de suicidios da Xunta, despois de meses de presión popular por parte de colectivos como o Movemento Galego de Saúde Mental. O plan estaba ben elaborado nalgunhas cuestións. O problema foi que non houbo implementación" Ademais afirman que o plan de 2017 naceu "cun gran defecto, que foi a escaseza orzamentaria". E outra cuestión non menor, que faise imprescindible que sexa de carácter multisectorial.

O suicidio non só é un problema sanitario, senón que se trata dun problema social que debe ser abordado desde distintas perspectivas, tanto sanitaria, como social, e política.

Para poder optimizar o traballo nesta materia é preciso contar cos datos actualizados sobre a realidade do suicidio en Galicia. Dende o Goberno galego existiu un compromiso fai dous anos sobre un estudio da materia coa universidade, que lamentablemente non viu a luz, nin se coñece a existencia do mesmo.

Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

1.ª) Existen estudios sobre o suicidio previos á pandemia e actuais sobre o impacto da mesma na saúde mental en Galicia?

2.ª) Considera a Consellería de Sanidade que é necesario efectuar un plan Integral e multisectorial para a prevención da conducta suicida en Galicia con partidas orzamentarias suficientes para levalo á práctica?

3.ª) Que medidas ou recursos van a investir para o mesmo?

Pazo do Parlamento, 25 de agosto de 2021

Asdo.: Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 30/08/2021 10:23:17

Julio Torrado Quintela na data 30/08/2021 10:23:32

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2021 11:11:47
Nº Rexistro: 20669
Data envio: 30/08/2021 11:11:47.900

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Os directores dos diferentes servizos públicos de emprego acordaron suspender as baixas por non renovación mentres durase a pandemia pola covid-19 establecendo un sistema de renovación automática das demandas.

A renovación das demandas é unha actuación que vén de cando o Servizo Publico de Emprego non estaba informatizado. Mensualmente os demandantes pasaban pola oficina de emprego para dicir se seguían en paro ou non e poder telos en conta de cara ás ofertas de traballo. Anotábase nunha ficha individual a súa comunicación e, se non acudían, dábanse de baixa. De alí vén que a acción se denomine "renovación da demanda". Coa mecanización mantívose inicialmente a renovación mensual e posteriormente pasa a facerse trimestral.

Aínda que actualmente hai moitas maneiras de "renovar a demanda" sen ter que pasar pola oficina de emprego, hai moitas persoas que nese momento ou se esqueceron do contrasinal e non saben recuperala ou non se fían de saber facer ben a renovación e renovan habitualmente na oficina de emprego.

A consellaría decidiu de xeito unilateral non continuar en xaneiro coa renovación automática da demanda. Como primeira consecuencia, en Galicia hai unha causa de baixa que, salvo en Euskadi, non existe no resto dos servizos públicos de emprego das CC.AA.

Esa causa de baixa supuña en 2019 case que un millón e medio de baixas no primeiro semestre (1.465.429 baixas) das que en Galicia foron 62.806 baixas. A media dos tres últimos anos con baixas por non renovación, de 2017 a 2019, foi de 1.247.019 baixas das que 56.230 eran en Galicia.

O dato que tivo en conta a consellaría era que restablecendo unilateralmente a renovación das demandas polos demandantes, se podería obter unha diferenza en torno a 62.806 demandas sobre todos os demais servizos públicos de emprego das diferentes CC.AA. Esa cifra son baixas por non renovación que houbo no primeiro semestre de 2019.

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Non se tivo en conta o que puidera pasar coa pandemia, nin os riscos a que se puideran someter ás persoas desempregadas. Todo iso era menos importante ca propaganda que se podería facer. No mes de xaneiro é cando se produce o pico máis alto de novos casos da covid-19: a cifra de novas infeccións chega ata 34.448 persoas. Xusto se acada o pico máis alto no momento en que se volve á renovación da demanda polos propios demandantes.

Nesa situación da pandemia, no primeiro semestre de 2021 producíronse 88.214 baixas por non renovación, un 60 % máis que en 2019 e un 56 % máis que a media dos tres últimos anos nos que houbo a obriga de renovación da demanda, de 2017 a 2019.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Que valoración fai o Goberno galego da decisión unilateral da Consellería de Emprego de non continuar en xaneiro coa renovación automática da demanda de emprego?

2ª) Pensa o Goberno galego tomar algunha medida sobre as baixas por non renovación que se produciron non primeiro semestre do 2021 en Galicia?

Pazo do Parlamento, 30 de agosto de 2021

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 30/08/2021 11:07:07

Julio Torrado Quintela na data 30/08/2021 11:07:20

Marina Ortega Otero na data 30/08/2021 11:07:32

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2021 11:13:42
Nº Rexistro: 20677
Data envio: 30/08/2021 11:13:42.510

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral, Daniel Castro García e Mercedes Queixas Zas, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a necesidade de planificar unha estratexia de internacionalización da cultura galega desde a xestión dunha política de tradución desde e para o sistema literario galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A tradución é fundamental para ensanchar o campo de coñecemento da literatura galega, promover a súa entrada en diálogo con outras culturas e ter unha voz propia no mundo.

Para todo iso a tradución precisa contar coas mellores especialistas que sexan quen de ir máis aló dunha simple mudanza de vocabulario dunha lingua por outra, achegando ao público doutra cultura, por veces moi diferente, todos os matices propios da cultura matriz orixinaria. Traducir como oficio de reescrita e reinterpretación para a outra que require e esixe profundo coñecemento do sistema lingüístico, literario e cultural de partida e de chegada.

A tradución é, por unha banda, un alicerce fundamental no proxecto de internacionalización cultural que o goberno debe levar a cabo co obxectivo de posicionar a literatura galega no mundo. Pola outra, a tradución serve para

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2021 11:13:42
Nº Rexistro: 20677
Data envio: 30/08/2021 11:13:42.510

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

apuntalar a cultura propia ao enriquecela un corpus tradutivo sólido da mellor e máis representativa literatura universal.

Moito máis aínda se se trata dunha literatura que nace desde unha lingua minorizada e nun contexto de subalternidade como é o caso da literatura galega.

Con todo, cómpre termos ben presente que as políticas de apoio á tradución editorial son fundamentais para culturas subalternas como a galega, na que a tradución implica o reforzo da consagración da propia cultura.

Con todo, o goberno do PP desde os seus inicios hai xa 12 anos deu mostras de nula vontade afortaladora da tradución como ferramenta de visibilidade literaria alén das nosas fronteiras, renunciando no seu ideario político a amosar o orgullo por unha partre da nosa creación cultural que goza de gran prestixio dentro e fóra de Galiza e que supón unha das pólas da árbore da cohesión social que sempre debe blindar un goberno.

Desde 2009 vimos confírmando unha continua inversión da política de tradución ascendente que se viñera practicando desde os inicios da autonomía que se concreta no descenso vertixinoso na dotación económica da convocatoria de axudas á tradución directa e inversa, anulación dalgunha convocatoria anual, redución no importe por páxina traducida coa conseguinte devaluación do traballo de tradución, falta de claridade na redacción dalgunhas convocatorias, mudanzas de criterios continuos que non adoitan recoller as propostas do sector profesional editorial e da tradución, etc.

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2021 11:13:42
Nº Rexistro: 20677
Data envio: 30/08/2021 11:13:42.510

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Nos últimos anos asistimos ao malestar e ás denuncias públicas dos sectores directamente afectados, o editorial e o das profesionais da tradución. Unha situación que se repite agora, máis unha vez, ao se publicar a resolución provisional das axudas para o libro galego dirixidas á tradución desde e para o galego correspondentes ao 2021.

As afectadas denuncian que esta convocatoria non resolve as eivas precedentes, senón que acrecenta outras novas: está a promover o intrusismo, castiga a edición profesional en favor de intereses poucos claros, permite e mesmo fomenta a duplicidade de títulos traducidos, desenténdese d seu labor regulador na distribución posterior dos libros traducidos, amosa unha total falta de rigor na comisión de resolución e prescinde do comité de avaliación.

Razóns que xustifican unha conclusión reiterada desde o sector: o apoio institucional do goberno da Xunta á tradución literaria desde e para o galego non só veu descendo progresivamente na última década, senón que adoece dunha estratexia de internacionalización ben planificada e que atenda ao interese cultural do sistema literario.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita

- Recibiu o goberno galego propostas de mellora da convocatoria de axudas para o libro galego dirixidas á tradución desde e para o galego?

- Por que o goberno galego non atendeu as demandas do sector editorial e das profesionais da tradución? Que xustificación lles trasladou?

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2021 11:13:42
Nº Rexistro: 20677
Data envio: 30/08/2021 11:13:42.510

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Como valora o goberno as declaracións do sector tan críticas como obxectivas á actual proposta provisional de resolución de agosto de 2021?

- Por que non se recolle nos criterios de presentación de propostas a necesidade de achegar o currículo académico e/ou a traxectoria profesional do tradutor ou tradutora responsábel?

- Como é posíbel que editoriais de recente creación e sen ningún mérito no ámbito da tradución literaria poidan non só xogar en pé de igualdade senón relegar as editoriais especializadas en tradución ou con colección específicas?

- Por que se selecciona o mesmo título para traducir até en 3 ocasións por parte doutras tantas editoras?

- Por que se lles atribúe ás traducións dende o ES ou o PT ao GL o mesmo grao de dificultade e polo tanto as mesmas tarifas ca linguas moito máis afastadas do noso sistema cultural e/ou con menor representación e maior necesidade de axuda (búlgaro, coreano, bretón, xaponés...)?

- Que mecanismo de comprobación do bo funcionamento da distribución dos títulos admitidos emprega a Xunta de Galiza?

- Comprométese o goberno a separar as dúas direccións de tradución, xestionar a literatura galega para traducir a través dunha axencia de promoción literaria e a literatura universal que é necesario traer a través dunha liña de axudas independente, clara e dirixidas aos profesionais?

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2021 11:13:42
Nº Rexistro: 20677
Data envio: 30/08/2021 11:13:42.510

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Comprométese o goberno a reunirse no actual período de sesións co sector directamente implicado para consensuar unha nova proposta normativa de cara a 2022 que elimine as eivas sinaladas?

- Que accións contempla pór en práctica o goberno para planificar unha estratexia de internacionalización desde a xestión dunha política de tradución desde e para o sistema literario galego?

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2021

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Daniel Castro García

Mercedes Queixas Zas

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 30/08/2021 10:51:53

Daniel Castro García na data 30/08/2021 10:51:57

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2021 11:13:42
Nº Rexistro: 20677
Data envio: 30/08/2021 11:13:42.510

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 30/08/2021 10:52:06

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2021 12:24:17
Nº Rexistro: 20685
Data envio: 30/08/2021 12:24:17.056

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O cada vez maior abandono no que se atopa a atención primaria en Galicia déixase ver de maneira máis notoria no ámbito rural, onde a súa cidadanía dispón de centros de saúde avellentados, listas de agarda interminables e profesionais cansos que mesmo teñen que asumir especialidades sanitarias que non lles corresponden.

Un destes casos é o do concello coruñés de Ordes, que conta cun centro de saúde cun Punto de Atención Continuada (PAC) que carece dos recursos infraestruturais e humanos suficientes para dar resposta ás necesidades da poboación que asiste, algo inasumible como capital de comarca que é.

O centro precisa dunha reforma integral e mesmo dunha ampliación, para a que conta con espazo suficiente, ademais da dotación dun heliporto nunha parcela anexa ao centro, unha vella demanda do propio concello. En caso dunha urxencia, na actualidade o helicóptero ten que recoller as persoas doentes no campo de fútbol da vila, que deben chegar a ese punto nunha ambulancia que moitas das veces non está dispoñible.

A maiores, e como vén sucedendo nos centros de saúde de toda Galicia, a veciñanza está a soportar listas de agarda interminables, con esperas de dúas semanas mesmo para as consultas que veñen derivadas do propio PAC, algo case lóxico dado que só tres médicos están a cubrir as vacacións no centro de saúde de Ordes.

Tamén o PAC, que atende as urxencias das 23.550 persoas adscritas a ese centro dos municipios de Ordes, Frades, Mesía, Tordoia e Trazo, presenta unhas carencias de persoal continuadas no tempo, con quendas nocturnas cun só facultativo de maneira que ás veces -cando é precisa unha atención domiciliaria puntual- as urxencias quedan sen cobertura.

Noutra orde de cousas, o Grupo Municipal Socialista leva anos reclamando para o centro de saúde a implantación do servizo de radioloxía dixital, co que se lle reducirían os longos tempos de espera ás persoas doentes remitidas dende o centro de saúde ordense ao centro de referencia compostelán. Este novo servizo, programado no Goberno de Pérez Touriño pero paralizado á chegada do PP ao Goberno galego, só implicaría o equipamento e a persoa técnica que o atendese, xa que o informe podería facerse dende o CHUS.

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2021 12:24:17
Nº Rexistro: 20685
Data envio: 30/08/2021 12:24:17.056

Diante desta situación, que dá conta da mala xestión da sanidade pública pese aos esforzos dos e das profesionais sanitarios, as deputadas e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Considera a Xunta de Galicia que a atención sanitaria aos veciños e veciñas de Ordes está a ser satisfactoria?

2ª) Como valora o Goberno galego o estado de conservación dese centro coruñés? Ten previsto acometer proximamente a súa reforma integral ou a construción dun novo centro?

3ª) Ten prevista a Xunta de Galicia a instalación dun heliporto anexo ao centro de saúde?

4ª) Como valora que haxa tardanzas de ata dúas semanas para consultas que veñen derivadas do propio PAC do centro?

5ª) Que valoración fai o Goberno galego da atención médica no PAC, que só conta cun facultativo polas noites para atender as urxencias que puideran xurdir nunha poboación de 23.550 persoas?

6ª) Contempla a Consellaría de Sanidade implantar o servizo de radioloxía dixital no centro de saúde de Ordes?

Pazo do Parlamento, 27 de agosto de 2021

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 30/08/2021 12:06:19

Julio Torrado Quintela na data 30/08/2021 12:06:59

Marina Ortega Otero na data 30/08/2021 12:07:10

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2021 12:28:17
Nº Rexistro: 20693
Data envio: 30/08/2021 12:28:17.260

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Carme González Iglesias, Daniel Pérez López e **Ramón Fernández Alfonzo**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza atravesa nos últimos meses novas consecuencias dun modelo enerxético espoliador e depredador. No mes de agosto de 2021 non só ficou fulminado todo récord existente respecto do prezo da enerxía eléctrica sen que o goberno central arbitrase medidas efectivas e sen que o goberno da Xunta de Galiza impulsase medidas para que Galiza, país líder en produción, non se vise igualmente penalizada. Ademais, isto aconteceu nun contexto no que as grandes empresas eléctricas contribuíron a esta situación especulando cos prezos e coa produción.

No marco deste contexto de abuso e espolio, múltiples encoros galegos, singularmente varios de Ourense mais tamén doutras zonas do país como Lugo, salientando o caso de Portomarín, viron reducida repentina e drasticamente a súa capacidade. Así as cousas, se tomamos como exemplo o concello de Vilariño de Conso, podemos ver como se na última semana de agosto a media anual adoita ser para o caso do encoro da Cenza dun 50%, neste 2021 mantívose no escaso 15%. A mesma porcentaxe tivo practicamente o encoro de Portas, cuxa capacidade no ano 2020 estaba no 75%.

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2021 12:28:17
Nº Rexistro: 20693
Data envio: 30/08/2021 12:28:17.260

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A capacidade doutros encoros se ben non é tan alarmante, non deixa de ser preocupante toda ve z que o estado actual da súa capacidade non chega ao 50% do seu promedio ordinario. Estas actuacións, levadas a cabo polas empresas eléctricas de forma drástica e rápida, obedece a prácticas empresariais escurantistas relacionadas cos equilibrios para xogar á fixación dos prezos. Cómpre recordar, por exemplo, que o venres 27 de agosto observamos como, se ben a produción dun megavatio hidráulico ronda os tres euros, neste día foi vendido a 118,99 € megavatio/hora fixando o prezo do día. Esta cuestión recórdanos a necesidade de mudar o sistema de fixación do prezo da enerxía eléctrica, que debe depender dos custos recoñecidos a cada tecnoloxía.

O baleirado abusivo dos encoros afecta á forma de vida dos veciños e das veciñas das zonas afectadas e aos seus modos de vida, dana o medio ambiente, impacta na flora e na fauna e afecta a actividades como a pesca, o turismo ou o deporte acuático. Como consecuencia especialmente preocupante hai que poñer enriba da mesa que nalgunhas zonas do país, como é o caso do Macizo Central e da contorna do Invernadoiro mesmo supoñen un perigo ao reducir os espazos onde os medios de extinción de incendios poderían cargar auga, toda vez que son zonas de alta actividade incendiaria e que nos últimos anos os meses de setembro, con calor tardío, están a ser delicados na montaña ourensá.

Para o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego esta situación é intolerable e non é admisíbel que o goberno central se conforme con accións encamiñadas á procura de información nin que a Xunta de Galiza se conforme coa mera crítica. Galiza ten 45 centrais de gran hidráulica e as poboacións e ecosistemas afectados non poden ficar ao libre albedrío de empresas privadas e dos seus intereses.

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2021 12:28:17
Nº Rexistro: 20693
Data envio: 30/08/2021 12:28:17.260

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Que actuacións vai levar a cabo o goberno galego para impulsar sancións ás empresas eléctricas que baleiraron drasticamente encoros galegos?

Considera o goberno galego que estas actuacións se enmarcan nunha operación de especulación sobre os prezos?

Considera a Xunta de Galiza que este problema amosa as consecuencias negativas da falta de soberanía sobre os nosos ríos e sobre o sistema enerxético? Vai demandar máis autogoberno nestes ámbitos?

Como valora as consecuencias medioambientais?

Como valora as consecuencias sobre os usos e modos de vida da poboación?

Considera que estas actuacións supuxeron unha redución das capacidades de loita contra os lumes? Que mecanismos alternativos arbitrou para as zonas afectadas?

Que actuacións demandou ao goberno central? Cales impulsou pola súa banda?

Desenvolveu ou vai desenvolver o goberno galego algún estudo?

E algunha negociación directa coas empresas?

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2021

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2021 12:28:17
Nº Rexistro: 20693
Data envio: 30/08/2021 12:28:17.260

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mª Carme González Iglesias

Daniel Pérez López

Noa Presas Bergantiños

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 30/08/2021 11:37:47

Ramón Fernández Alfonzo na data 30/08/2021 11:37:59

María do Carme González Iglesias na data 30/08/2021 11:38:13

Daniel Pérez López na data 30/08/2021 11:38:21

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2021 13:13:54
Nº Rexistro: 20697
Data envio: 30/08/2021 13:13:54.072

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral, Daniel Castro García e **Mercedes Queixas Zas**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O vindeiro 9 de agosto iniciamos un curso marcado un ano máis pola pandemia. Un curso que a propia Conferencia Sectorial de Educación cualifica como "de transición".

Se ben a situación non é a mesma que hai un ano, hai dous factores que son innegábeis. Por unha banda, que non sabemos cal vai ser a evolución da pandemia e pola outra que precisamos máis ca nunca do reforzo no ensino público para minimizar estes efectos e axudar ao alumnado que máis o precise.

Mais a pesar desta realidade que está a ser sinalada por toda a comunidade educativa, a actitude da Consellaría de Educación segue a ser a mesma: recortes, mentiras e propaganda.

Ao tempo que outras comunidades están anunciando que van manter (e mesmo reforzar) o número de profesores para este curso (Baleares, Cantabria, Cataluña, Euskadi, Navarra, A Rioxa) no caso de Galiza, o PP anuncia unha avalancha de recortes no profesorado de todos os niveis educativos.

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2021 13:13:54
Nº Rexistro: 20697
Data envio: 30/08/2021 13:13:54.072

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Anuncios no recorte do profesorado que no caso de secundaria, sabemos que a inspección e as xefaturas territoriais xa comunicaron aos centros a perda dun total de 435 profesores a respecto do curso 20/21. Pero mesmo se a referencia fose a do curso 19/20 hai un recorte de 189 profesores menos.

Do mesmo xeito, no DOG do venres 6 de agosto faise efectivo un recorte definitivo de 109 unidades de educación infantil e primaria. (máis de 150 mestras e mestres)

Mais por se isto non fose dabondo, o mesmo día que Román Rodríguez agradecía o esforzo do profesorado executaba o agradecemento anunciando un recorte de case a metade dos profesores de reforzo. Fronte aos 2300 profesores de reforzo contratados o curso pasado este ano haberá só 1.250 no anunciado como Plan recupera: 800 corresponderían programa ARCO e 450 do programa PROA.

A pasado 4 de agosto publicouse o Real Decreto 684/2021 que se anuncia un reparto ás Comunidades Autónomas de 13.486 M€. Galiza recibirá 828 M€ deste reparto. A pesar de que no propio real decreto se establece como finalidade para estes fondos "a prestación de servizos públicos fundamentais prestados á cidadanía, tales como a educación, la sanidade e los servizos sociais" no caso galego, a Xunta de Galiza continúa anunciando nas súas declaracións públicas recortes de profesorado.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta escrita:

Vai o goberno galego ampliar en mil o número de docentes no ensino público, de maneira que se poida garantir a atención de todo alumnado que o precise, mantendo cando menos o mesmo número de profesores que no curso 20/21 nos centros e

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2021 13:13:54
Nº Rexistro: 20697
Data envio: 30/08/2021 13:13:54.072

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ampliando os cadros docentes co obxectivo de reducir as rateos máximos, tendo como referencia 20 alumnos en educación infantil e primaria e 25 en secundaria?

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2021

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Daniel Castro García

Mercedes Queixas Zas

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 30/08/2021 13:01:24

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 30/08/2021 13:01:27

Daniel Castro García na data 30/08/2021 13:01:36

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2021 13:32:57
Nº Rexistro: 20707
Data envio: 30/08/2021 13:32:57.963

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Ramón Fernández Alfonzo** e **Daniel Pérez López**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa ás actuacións do goberno galego para defender a soberanía financeira e política de Galiza diante da inxerencia ao autogoberno que supón a aprobación da Lei 11/2021, de 9 de xullo, de medidas de prevención e loita contra a fraude fiscal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A aprobación da Lei 11/2021, de 9 de xullo, de medidas de prevención e loita contra a fraude fiscal, de transposición da Directiva (UE) 2016/1164, do Consello, de 12 de xullo de 2016, pola que se estabelecen normas contra as prácticas de elisión fiscal que inciden directamente no funcionamiento do mercado interior, de modificación de diversas normas tributarias e en materia de regulación do xogo trae canda si unha fragrante vulneración do dereito civil galego e do autogoberno do noso país. Durante a tramitación foron moitas as voces que alertaron da tremenda confusión na que o goberno central estaba a incorrer e o propio Parlamento Galego pronunciouse maioritariamente, aínda que a diferenza de ocasións anteriores non de forma unánime, contra dita vulneración.

Así as cousas, o pasado mes de xullo a Xunta de Galiza avanzaba en sede parlamentar novamente, en palabras do conselleiro de Facenda, que estaba a estudar as vías legais oportunas para defender ante os tribunais os dereitos e os intereses de todos os galegos e galegas

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2021 13:32:57
Nº Rexistro: 20707
Data envio: 30/08/2021 13:32:57.963

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Con independencia das fondas discrepancias que este Grupo Parlamentario ten co Grupo de goberno e coa política fiscal da Xunta de Galiza respecto da imposición no ámbito das transmisións e do patrimonio, resulta a todas luces inxusto considerar que realizar un acto lexítimo segundo o Dereito Civil Galego e respectando as normas tributarias propias, sexa unha práctica de evasión fiscal. Trátase dun debate diferenciado e é evidente que, de manterse o texto actual, malia a lixeira mellora producida durante a súa tramitación, vai supor un grave prexuízo para moitos e moitas galegas, máis aínda nun momento de crise económica onde o uso dos bens que posúen as familias para saír adiante é máis do que esperábel. Ademais destas cuestións, é necesario que Galiza defenda o seu autogoberno e rexeite a inxerencia do Estado neste ámbito e desafortunadamente Galiza conta cunha ampla experiencia na que o diálogo co goberno central non funcionou e foi preciso recorrer a outras vías.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita :

Que actuacións está a desenvolver o goberno galego para facer respectar o desenvolvemento propio do dereito civil galego respecto dos pactos sucesorios?

Xa tomou ou prevé tomar medidas xudiciais? Cales e en que datas?

Solicitou o goberno galego algunha reunión co Ministerio responsábel de Facenda para abordar esta cuestión?

De que forma, en que datas e con que resultado?

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2021

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonzo

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2021 13:32:57
Nº Rexistro: 20707
Data envio: 30/08/2021 13:32:57.963

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 30/08/2021 13:31:30

Ramón Fernández Alfonzo na data 30/08/2021 13:31:34

Noa Presas Bergantiños na data 30/08/2021 13:31:42

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2021 11:03:42
Nº Rexistro: 20722
Data envio: 31/08/2021 11:03:42.107

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, **Paulo Ríos Santomé**, **Ramón Fernández Alfonzo**, **Daniel Pérez López** e **Noa Presas Bergantiños**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa ao peche de oficinas bancarias comarca de Pontevedra e O Morrazo

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. Nas últimas semanas véñense sucedendo os anuncios de peches de oficinas bancarias en Galiza, novas que se producen nun contexto xeral de concentración bancaria, de beneficios multimillonarios das entidades, de incremento da remuneración das persoas que as dirixen, e de drenaxe de miles de millóns do aforro galego cara a outros territorios.

Estes anuncios forman parte dun proceso continuado de exclusión financeira iniciado ao abeiro da crise de 2008 e acelerado nos últimos tempos co pretexto da pandemia da COVID 19. Unha exclusión que ten diferentes caras: a económica, cos abusos que sofren as persoas que teñen menos recursos en forma de cobro de comisións e outros servizos; a xeográfica, co peche de centos de oficinas en zonas rurais e periurbanas; e a tecnolóxica, coa aceleración dos procesos de banca dixital que exclúen a amplos sectores da poboación. As persoas de idade avanzada, residentes en zonas rurais e con salarios e pensións máis baixas son as principais vítimas deste proceso profundamente discrimitario e que só ten como obxectivo incrementar o balance de resultados das entidades financeiras.

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2021 11:03:42
Nº Rexistro: 20722
Data envio: 31/08/2021 11:03:42.107

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta situación ten ademais unha importante derivada no ámbito laboral, coa destrución de centos de postos de traballo e o empeoramento das condicións laborais das persoas que traballan no sector da banca.

2. Todas estas prácticas abusivas prodúcense por un marco regulatorio permisivo e coa complicidade da Xunta do PP, que por se non fose suficiente pretende premiar con axudas as entidades responsábeis dos abusos e dos peches das oficinas. Parece unha burla que as mesmas empresas que teñen beneficios millonarios, que pechan oficinas e que deixan ser servizos de atención presencial a miles de persoas, reciban axudas públicas para substituír as oficinas físicas por caixeiros automáticos. E por se non fose abondo, estes caixeiros instalaranse en espazos cedidos polos concellos.

3. No ámbito das comarcas de Pontevedra e o Morrazo producíronse nos últimos tempos numerosos peches de oficinas, tanto en concellos urbanos como rurais. Nas últimas semanas, a entidade Abanca fixo pública a decisión de pechas oficinas en Cerdedo Cotobade, Poio, Marín, Moaña, Campo Lameiro ou Portas. Uns peches que nalgúns casos supoñen que estes concellos queden sen oficinas bancarias e que en todo caso supoñen a exclusión financeira de miles de persoas, como acontece en Carballedo-Cotobade, Campelo (Poio), Seixo (Marín) ou Moaña. Cómpre ademais ter en conta que chove sobre mollado xa que anteriormente xa se pecharon numerosas oficinas bancarias tanto nas zonas rurais como urbanas, dificultando o acceso a servizos financeiros e afondando na exclusión.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Que medidas ten previsto adoptar o goberno galego para evitar o peche de oficinas bancarias en Carballedo-Cotobade, Campelo (Poio), Seixo (Marín), Moaña, Campo Lameiro e Portas?

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2021 11:03:42
Nº Rexistro: 20722
Data envio: 31/08/2021 11:03:42.107

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Como valora a Xunta a perda destes servizos en zonas rurais e periurbanas e a exclusión e discriminación que conleva para as persoas residentes neles?

-Cre o goberno galego axeitado premiar con axudas públicas as entidades financeiras que eliminan oficinas bancarias en zonas rurais e que deixan a concellos enteiros e a parroquias con moita poboación e actividade sen este servizo?

Santiago de Compostela, 31 de agosto de 2021

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Paulo Ríos Santomé

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Luis Bará Torres

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 31/08/2021 10:59:07

Paulo Ríos Santomé na data 31/08/2021 10:59:11

Ramón Fernández Alfonzo na data 31/08/2021 10:59:32

Daniel Pérez López na data 31/08/2021 10:59:46

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2021 11:03:42
Nº Rexistro: 20722
Data envio: 31/08/2021 11:03:42.107

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 31/08/2021 11:00:11

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2021 11:27:17
Nº Rexistro: 20731
Data envio: 31/08/2021 11:27:17.310

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e **Patricia Otero Rodríguez**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a **Pregunta para a súa resposta escrita.**

A Lei 6/2017 de portos de Galicia incluía, entre outros aspectos, a prohibición da práctica de pesca recreativa nos portos galegos de titularidade autonómica. Esta cuestión, como outras moitas de dita lei, foron obxecto de debate no Parlamento de Galicia, onde o Goberno de Galicia fixo ouvidos xordos ás reivindicacións que o Grupo Socialista formulou para mellorar a normativa. Lonxe de tentar chegar a acordos, a Lei 6/2017 saíu adiante co voto favorable do Grupo Popular.

Non en tanto, na cuestión relativa á pesca recreativa nos portos galegos, a normativa non se estaba a cumprir dende entón, probablemente froito da conciencia por parte do Goberno de Galicia de que era unha normativa errónea. Máis, en todo caso, ao non atender ás propostas feitas no Parlamento de Galicia e aprobar igualmente o texto, a realidade era que o propio Goberno de Galicia estaba incumprindo unha lei propia que non quixo modificar. Por tanto, esta situación absurda necesitaba dunha modificación.

No ano 2021 o propio Grupo Popular, asumindo o seu arro anterior, tentou de modificar esta mesma normativa e, nun debate parlamentario producido na comisión 8ª do propio Parlamento, acordouse de maneira unánime tras emenda do Grupo Socialista, que as modificación faríanse para permitir compatibilizar os usos portuarios e recreativos, así como en consenso con todos os axentes implicados.

O 6 de agosto do DOG publicou unha resolución do 26 de xullo no que se contemplaba o levantamento da prohibición vixente, e indicábanse certas normas e criterios a seguir, así como unha limitación de zonas autorizadas e non autorizadas. Esta limitación, a pesares das indicacións dalgúns colectivos de pescadores recreativos, inclúe prohibición en moitos espazos que son de uso habitual e que, de maneira cotiá, véñense usando durante tempo sen provocar problema ningún e en convivencia normalizada cos usos portuarios. Por poñer exemplo, varios dos portos de Galicia están limitados na súa totalidade,

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

obrigando aos pescadores a desprazarse a outras localidades para a práctica desta actividade.

Atendendo á necesidade de comprender que o uso prioritario dos portos de Galicia está na actividade marítimo – pesqueiro, pero que a compatabilización é posible, e ao consenso co sector requirido polo Parlamento de Galicia, parece necesario reconfigurar as limitacións existentes no que corresponde ás zonas.

Así mesmo algunha restrición que inclúe a normativa, como o número de menores de idade que poden estar a cargo dun adulto e os espazos de distancia entre pescadores que permitan unha distribución racional e facilitadora para todas as persoas, poden ser tamén mellorables para acadar unha norma que alcance o maior consenso e facilite a convivencia de todas as actividades.

Polo exposto, o deputado e deputada asinantes formulan as seguintes preguntas:

1.ª) Está disposto o Goberno da Xunta de Galicia a modificar a normativa existente para acadar o maior consenso posible e unha norma que facilite todas as actividades posibles nos portos de Galicia?

2.ª) Considera a Xunta de Galicia que acadou o consenso de todos os axentes implicados para unha normativa de consenso?

3.ª) Cre o Goberno da Xunta de Galicia que deu resposta ao acordo dos grupos parlamentarios sobre as liñas a seguir para a modificación da normativa que viña errada dende a Lei de Portos de 2017?

4.ª) Creo o Goberno da Xunta de Galicia que podía ser máis flexible nos espazos autorizados para a pesca recreativa nos portos de Galicia?

Pazo do Parlamento, 31 de agosto de 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Patricia Otero Rodríguez
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 31/08/2021 11:11:26

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

grupo socialista Parlamento de Galicia
PSdeG PSOE

Patricia Otero Rodríguez na data 31/08/2021 11:11:36

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2021 11:36:15
Nº Rexistro: 20737
Data envio: 31/08/2021 11:36:15.388

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Ramón Fernández Alfonzo** e **Daniel Pérez López**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa ao incremento dos prezos, singularmente de alimentación e enerxía, e ao impacto da denominada "costa de setembro" na economía e nos fogares galegos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ao mesmo tempo que se sucede a recuperación lóxica de determinados indicadores económicos conforme avanza a vacinación e aumenta a actividade económica ao reducírense as medidas de contención da pandemia, como é o aumento do consumo e da actividade comercial, vemos como ten lugar unha importante suba da inflación.

O pasado 13 de agosto o Instituto Galego de Estatística facía públicos os datos respecto do IPC do mes de xullo de 2021. Se ben o índice xeral do noso país correspondente ao mes de xullo de 2021 rexistrou unha caída do 0,8% con respecto ao mes anterior, igual á rexistrada no conxunto do Estado, con respecto ao ano anterior, xullo de 2020, os prezos rexistraron un aumento do 3,5%, seis décimas superior ao do conxunto do Estado (2,9%).

Entre outros datos, o Instituto sinala como a variación interanual da inflación subxacente (índice xeral sen alimentos non elaborados nin produtos enerxéticos) foi dun 1,0%, cinco décimas superior á de xuño (0,5%) e catro décimas superior á rexistrada a nivel estatal (0,6%). Así mesmo, en termos de taxa interanual, son os grupos de "Transporte" (9,4%) e "Vivenda, auga, electricidade, gas e outros combustibles"

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2021 11:36:15
Nº Rexistro: 20737
Data envio: 31/08/2021 11:36:15.388

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

(11,3%) os que repercuten máis positivamente na taxa (2,6 puntos entre os dous grupos). Con respecto á variación interanual do mes anterior (3,3%), a taxa subiu 0,2 puntos ata situarse no 3,5% en xullo.

Entre os grupos que máis sumaron está o de "Alimentos e bebidas non alcohólicas". Este ámbito é especialmente relevante polo seu impacto na poboación e porque entidades internacionais como a FAO advertiron desta situación ao longo do mundo, e tamén o FMI. Este ámbito, canda o enerxético, é especialmente relevante polo seu impacto económico nos fogares e as administracións deben estar vixiantes.

Respecto do ámbito enerxético, os datos de xullo indican como o prezo da luz no mercado maiorista duplicou desde o ano 2008. Máis aínda, malia que os datos sinalados son respecto do IPC de xullo, é necesario ter presente que no mes de agosto a enerxía eléctrica pulverizou todos os récords. No mesmo día en que se asina esta iniciativa o prezo do megavatio hora triplica o do ano anterior (124,45€/MWh fronte a 42,01 de 2020).

É necesario que a administración galega estea vixiante diante do incremento dos prezos, singularmente de alimentación e enerxía, e do impacto da denominada "costa de setembro" na economía e nos fogares galegos.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Como valora o goberno galego o impacto do incremento dos prezos, singularmente de alimentación e enerxía, e da denominada "costa de setembro" na economía e nos fogares galegos?

Considera o goberno galego que o aumento da inflación obedece á lóxica recuperación de determinados indicadores económicos após a relaxación de medidas de contención da pandemia ou entende que hai factores de distorsión nos que debe intervir?

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2021 11:36:15
Nº Rexistro: 20737
Data envio: 31/08/2021 11:36:15.388

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Como valora a evolución do prezo da alimentación básica? Ten en conta as advertencias dos organismos internacionais? Prevé medidas para intervir con maior soporte aos fogares máis necesitados?

Como valora a evolución do prezo da enerxía? E o impacto nos fogares? E na economía? Que medidas demandará?

Como está a facer seguimento da evolución dos prezos? Vai demandar algún estudo específico de Competencia? E do CES?

Santiago de Compostela, 31 de agosto de 2021

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**
Ramón Fernández Alfonzo
Daniel Pérez López
Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 31/08/2021 11:34:44

Ramón Fernández Alfonzo na data 31/08/2021 11:34:47

Noa Presas Bergantiños na data 31/08/2021 11:34:56

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2021 12:28:10
Nº Rexistro: 20742
Data envio: 31/08/2021 12:28:10.482

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, **Iria Carreira Pazos** e **Luis Bará Torres**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa aos impedimentos da Xunta de Galiza ao control parlamentar da acción de goberno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Un dos piares elementais do Estado democrático é o dereito da cidadanía a participar nos asuntos públicos, ben directamente ou ben a través de representantes escollidas, por sufraxio universal, en eleccións periódicas.

Este dereito político fundamental e básico vese complementado con outros moitos, como coa posibilidade de control cidadá sobre a acción de goberno. Acción de control que a arquitectura do estado ten residenciado, basicamente, nas cámaras lexislativas.

Xa que logo unha das misións fundamentais do Parlamento de Galiza é controlar a acción de goberno galego, para o que o ordenamento xurídico atribúelle distintos vehículos e instrumentos como a facultade de prantexar preguntas, escritas ou orais, así como solicitar ao executivo os datos, informes ou documentos que estean en poder da Xunta de Galiza.

Ao abeiro do anterior o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego o día 13 de outubro de 2020 rexistrou unha solicitude na que interesaba que lle fora "facilitada a seguinte documentación:

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2021 12:28:10
Nº Rexistro: 20742
Data envio: 31/08/2021 12:28:10.482

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Copia íntegra das dilixencias instruídas polo Seprona sobre o estado do servizo de abastecemento de auga domiciliaria no Concello de A Merca, así como sobre as causas e eventuais responsabilidades do mesmo, aí como das actuacións realizadas pola Xunta de Galiza na súa consecuencia"

O día 4 de abril de 2021, isto é, case sete meses despois de presentada á solicitude (o prazo máximo legalmente establecido é de 30 días) a Xunta comunica ao Parlamento de Galiza que "Non hai constancia da documentación solicitada na Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo".

Resulta evidente, tamén elocuente, a falla de correspondencia entre a persoa a quen se lle solicita información (Xunta de Galiza) e quen responde afirmando non dispor dunha documentación que non lle foi concretamente requirida a ela (Vicepresidencia Primeira e Consellaría de Presidencia, Xustiza e Turismo). A resposta trasladada a este grupo parlamentar quer dicir que a Xunta de Galiza non dispón desa documentación? Significa que na Consellaría, p.ex. de Medio Rural, non existe atestado ou dilixencias instruídas polo Seprona sobre o abastecemento de auga no Concello de A Merca?

Certamente con esta resposta semella que a Xunta de Galiza, máis unha vez, ven impedir o labor dos deputados e deputadas do Parlamento de Galiza no exercicio da súa función de control ao poder executivo.

En todo caso e a fin de coñecer se existen razóns que podan explicar, por unha banda a extraordinaria demora na resposta á iniciativa presentada, e por outra a razón da ausencia de coherencia entre a destinataria do requirimento e a autora da resposta, formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

Entende a Xunta de Galiza que existe plena correspondencia entre a destinataria da solicitude de documentación e información e quen realiza a resposta?

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2021 12:28:10
Nº Rexistro: 20742
Data envio: 31/08/2021 12:28:10.482

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A vista da resposta se pode descartar que na Xunta de Galiza, p.ex. Consellaría de Medio Rural ou Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, puidera ter entrado no ano 2020 un atestado ou informe instruído polo Seprona sobre o estado do sistema de abastecemento de auga domiciliara no concello de A Merca?

Existe algunha razón pola que se excedeu en case que un 700% o prazo máximo legalmente previsto para a resposta ás solicitudes de documentación e información presentadas por deputados do Parlamento de Galiza?

Considera a Xunta de Galiza que a resposta á iniciativa referida supra é totalmente conforme co dereito de participación e co labor de control que ten conferido o Parlamento de Galiza?

Santiago de Compostela, 31 de agosto de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**
Luis Bará Torres
Iria Carreira Pazos
Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 31/08/2021 12:27:27

Xosé Luis Bará Torres na data 31/08/2021 12:27:30

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2021 12:28:10
Nº Rexistro: 20742
Data envio: 31/08/2021 12:28:10.482

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 31/08/2021 12:27:39

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2021 12:56:04
Nº Rexistro: 20747
Data envio: 31/08/2021 12:56:04.794

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, **Paulo Ríos Santomé**, **Alexandra Fernández Gómez** e **Iria Carreira Pazos**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o plan de restauración da canteira de Casalonga (Teo).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. Con data de 11 de agosto de 2021 a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación asina a "Resolución de autorización do Plan de Restauración da concesión de explotación "Casalonga" núm. 6996, situada no termo municipal de Teo, Provincia da Coruña", pola que se autoriza a actualización do plan de restauración da explotación mineira Casalonga", denominado "Plan de Concesión da explotación Casalonga nº 6996 (maio 2020)".

O antedito Plan, presentado en maio de 2020, detalla que o oco da canteira restaurarase a medio longo prazo mediante a plantación de especies forestais previa adecuación da súa superficie cunha cobertura de solo que faga posible a súa reforestación. No apartado 4.2.2 indica que dado que a actual superficie granítica " non constitúe un substrato axeitado para o desenvolvemento da cuberta vexetal, por ausencia de materia orgánica", resulta preciso unha preparación previa do terreo, para o que literalmente a memoria do plan "contempla o estendido de terra vexetal sobre as zonas explotadas e a revexetación destas explanadas, taludes e bancos".

Ao respecto da terra vexetal a memoria sinala unha dobre procedencia, unha obtida da propia actividade mineira, a partir do almacenamento de terra resultante das actividades de extracción dos áridos, e outra mediante terra vexetal externa. Indica que

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2021 12:56:04
Nº Rexistro: 20747
Data envio: 31/08/2021 12:56:04.794

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

se determinará unha zona de depósito (páx. 45 da memoria) para empregar "nas labores de restauración futuras".

Especifica que o ámbito de superficie afectada polo plan será de 55,85 ha. (apartado 3.4.4., páx. 46), precisándose para revexetar con terra vexetal un espesor entre 30 e 50 cm, estimándose que a cantidade necesaria para revexetar será duns 292.666,5 m3 (páx. 50 e 51. noiros: 87.100 m2 x0,5 de espesor terra vexetal; bermas: 7.8491 m2x 0,5; oco explotación 411.135m2 x 0,5; pistas de acceso 8.457m2 x 0,5; balsas 150m2x0,5).

Indica a memoria, na páxina 53, que de non ser suficiente a terra vexetal procedente da propia actividade da canteira, o seguinte "no caso de que fose necesario aporte de terra vexetal externa, deberase xustificar a súa procedencia e actitude".

2. Pois ben, nunha memoria de 64 páxinas, contense nesta liña da páxina 53 o que pode resultar a verdadeira intención que se agocha para este plan de restauración. Dado que a terminoloxía referida a "terra vexetal", dende un punto de vista técnico-normativo, é moito máis amplo do que a priori e en aparencia pode vulgarmente entenderse, pois non debe confundirse esta denominación con terra, terra natural, terra fértil, ou calquera tipo de terra procedente dunha orixe non artificial.

O concepto "terra vexetal", se atendemos á definición disposta no Real Decreto 865/2010, de 2 de xullo, sobre substratos de cultivo, refírese ao tipo de substrato comercial "terra vexetal do tipo 5.2 do anexo I". Segundo esta normativa, "terra vexetal" é un substrato de cultivo de mestura, entre terras, areas, gravas, e materia orgánica da definida no Grupo 1, na que se inclúen materiais compostados e estabilizados do tipo 1.1 a partir de residuos comprendidos no Anexo V, "lista de residuos orgánicos biodegradables", nos que se inclúen multitude de residuos (residuos animais e vexetais, xurros, derivados da alimentación, lodos de depuradora e industriais, augas residuais, etc.).

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2021 12:56:04
Nº Rexistro: 20747
Data envio: 31/08/2021 12:56:04.794

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. A normativa vixente sobre substratos vexetais establece un marco diferenciado dependendo do uso final que del poida darse, máis resulta de complexa interpretación e aplicación esta separación de usos pois as tres disposicións poden xustificar o mesmo destino de uso. Así, o RD 865/2010, concreta que a "terra vexetal" pode empregarse en "agricultura, xardinaría ou paisaxismo". Mentres o Real Decreto 506/2013, de 28 de xuño, sobre produtos fertilizantes. (que actualiza o Real Decreto 824/2005, de 8 de xullo, sobre produtos fertilizantes), define e tipifica os produtos fertilizantes distintos aos abonos recollidos nos RD 865/2010, que "poidan empregarse na agricultura e a xardinaría", sen facerse mención aos usados para paisaxismo.

Por outra banda, a RESOLUCIÓN do 8 de xaneiro de 2008, da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, pola que se lle dá publicidade á instrución técnica de residuos ITR/01/08, do 8 de xaneiro de 2008, da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, referente á elaboración de solos (tecnosolos) derivados de residuos, normativa autonómica, define e estipula as características e aptitudes dos tecnosolos, referíndose a eles como materiais formulados "a partir de residuos de distinta natureza que se deben combinar de modo que o produto final reúna as características apropiadas para actuar como substrato vexetal e permita a recuperación da situación de degradación ou contaminación inicial.

Son os tecnosolos empregados como substratos vexetais un obxectivo de valorización de residuos para a "recuperación de solos e augas degradados e/ou contaminados", tales como " , "minas e canteiras". Destacando dita Resolución que "Polos seus beneficios directos e indirectos e coas devanditas salvagardas en canto ás zonas de aplicación, a Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental incentivará o emprego de tecnosolos para a recuperación de solos degradados, erosionados ou contaminados".

4. Tendo en conta o nulo detalle co que o Plan de Restauración trata a previsión de usar o que considera "terra vexetal" procedente do exterior, e, dado que a empresa

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2021 12:56:04
Nº Rexistro: 20747
Data envio: 31/08/2021 12:56:04.794

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

autorizada coñécese ata o de agora pola súa exclusiva dedicación á xestión e recuperación de todo tipo de residuos, lodos, tecnosolos…, cabe cando menos pensar se detrás deste plan existe realmente unha práctica encuberta de depósito de residuos: planificado sobre unha interpretación sofisticada da normativa, centrada en levar un elevado volume de residuos orgánicos tratados como substrato vexetal, dándolle un uso de tecnosolo para actividades de recuperación de solos degradados e posterior reforestación paisaxística do lugar.

Unha operación deste tipo, e tendo en conta os custes e taxas de recollida de residuos orgánicos vixentes na actualidade, estimados entre os 45 e 50 euros por tonelada, supón un importante volume de negocio para a empresa xestora deses residuos (que se entende que é a mesma que aborda o plan de restauración e propietaria a súa vez da canteira), por varios millóns de euros, que explicaría á súa vez o reducido prezo de 134.402 euros contemplado para a restauración da canteira detallado na memoria.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Avaliou a Xunta de Galicia as necesidades de "terra vexetal de procedencia externa" no proxecto de restauración da mina de Casalonga?

- Para resolver a autorización do proxecto, os servizos técnicos da Consellería comprobaron se resulta realista, dentro da memoria do Plan, a previsión que fai a empresa sobre que conta con terra vexetal propia procedente da canteira para levar a cabo a actuación de cobertura coma substrato vexetal preparatorio para a reforestación?

- Que garantías ten a Xunta sobre a non utilización como materiais do substrato vexetal de residuos orgánicos como xurros, lodos de depuradora e outros residuos animais e vexetais?

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2021 12:56:04
Nº Rexistro: 20747
Data envio: 31/08/2021 12:56:04.794

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Que medidas prevé adoptar o goberno galego para evitar que a canteira de Casalonga se convirta nun vertedoiro encuberto de residuos orgánicos pretratados e estabilizados como substrato vexetal?

Santiago de Compostela, 31 de agosto de 2021

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Iria Carreira Pazos

Paulo Ríos Santomé

Alexandra Fernández Gómez

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 31/08/2021 12:50:27

Alexandra Fernández Gómez na data 31/08/2021 12:50:30

Paulo Ríos Santomé na data 31/08/2021 12:50:39

Xosé Luis Bará Torres na data 31/08/2021 12:50:44

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2021 13:10:34
Nº Rexistro: 20751
Data envio: 31/08/2021 13:10:34.904

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Martín Seco García, Leticia Gallego Sanromán, Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, o abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais dependente da Vicepresidencia segunda e Consellaría de Economía resolveu en agosto de 2021 dous expedientes relativos á mina da Casalonga, un referido ao plan de restauración e o segundo acerca da titularidade da estrada que cruza a canteira. Nos dous casos, as resolucións foron favorables ás demandas da actual propietaria da mina da Casalonga, a empresa de xestión de residuos Toca y Salgado (Toysal).

En concreto, tratase das resolucións:

. Resolución de autorización da actalización do plan de restauración da concesión de explotación 'Casalonga' núm. 6996, situada no termo municipal de Teo, provincia da Coruña. De 11/08/2021

. Resolución pola que se declara a necesidade de ocupación dun ben necesario para o desenvolvemento dos traballos na concesión de explotación 'Casalonga' núm. 6996, no termo municipal de Teo da provincia da Coruña. De 17/08/2021

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Que opina o Goberno galego das acusacións veciñais e do propio Goberno municipal de Teo de trato de favor a Toysal ao aprobar un plan de restauración que non recolle o estado actual da canteira e o inicio dunha expropiación dun viario que é de uso veciñal desde hai anos?

2ª) Cales son as razóns para o Goberno galego que explican que na resolución da expropiación, cunha administración como o Concello de Teo que defende o carácter público da pista, preferisen decantarse por considerala de propiedade privada e non litixiosa e dar traslado da expropiación ao ministerio fiscal?

3ª) Por que se indica no expediente que o Concello de Teo non se personou como titular demanial?

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Gio2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2021 13:10:34
Nº Rexistro: 20751
Data envío: 31/08/2021 13:10:34.904

4ª) Por que optou a Xunta de Galicia na expropiación pola propiedade dun terceiro cun mero documento de compra-venta privada, cando o Concello de Teo presentou cando menos varios títulos de rexistros oficiais?

5ª) Considera o Goberno galego que a postura tomada en torno á expropiación do citado viario é xusta para a poboación da zona ou máis ben responde á necesidade de Toysal de evitar o control veciñal existente?

6ª) Considera posible a Xunta de Galicia, tal e como se recolle na actualización do Plan de restauración aprobado, unha restauración completa e axeitada da canteira cun investimento de 19 céntimos de euro por m², calculado sobre a base da zona a restaurar e o orzamento de execución material?

7ª) Que porcentaxe do anterior aval para a restauración de Camilo Carballal en 2002 foi executada dado que esa restauración foi inexistente?

8ª) Vai permitir a Xunta de Galicia que aconteza o mesmo con Toysal e deixe sen executar o plan de restauración?

9ª) Mantén a Xunta de Galicia que a empresa está a cumprir coas medidas de seguridade?

10ª) Tendo en conta a mínima actualización do plan de restauración, que vai acontecer coa lagoa existente?

11ª) Coñece a Xunta de Galicia cal vai ser o destino dos restos de residuos mineiros e non mineiros existentes na canteira?

Pazo do Parlamento, 31 de agosto de 2021

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 31/08/2021 12:21:50

Martín Seco García na data 31/08/2021 12:22:11

María Leticia Gallego Sanromán na data 31/08/2021 12:22:41

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2021 13:10:34
Nº Rexistro: 20751
Data envio: 31/08/2021 13:10:34.904

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Paloma Castro Rey na data 31/08/2021 12:22:52

Pablo Arangüena Fernández na data 31/08/2021 12:23:05

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2021 13:35:24
Nº Rexistro: 20760
Data envio: 31/08/2021 13:35:24.372

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Marina Ortega Otero, Julio Torrado Quintela e Luis Manuel Álvarez Martínez, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita.**

O Grupo Socialista elaborou varias iniciativas sobre a situación dos menores tutelados no centro Santo Anxo de Rábade.

Atopámonos a finais de agosto de 2021 e dende o propio equipo educativo continúan sen resposta ou solucións concretas por parte da Consellería de Política Social.

Segundo a Administración competente do Programa de Acollemento residencial, os centros de menores son fogares alternativos nos cales, de feito temporal, cóidanse aos menores que residen nos mesmos, ou ben, mediante o apoio preciso durante determinadas horas do día aínda que continúen residindo nalgúns casos coas súas familias. A titularidade e xestión é competencia da Consellería de Política Social.

A finais do ano 2020 o Grupo Socialista preguntou no Parlamento á Conselleira de Política Social sobre este asunto, e soubemos que existiría unha reunión, en concreto o día 13 de xaneiro de 2021, da Dirección Xeral co equipo do centro Santo Anxo de Rábade. Ao parecer dita reunión foi suspendida a instancia da propia Dirección Xeral. Na actualidade non existen avances nin solucións por parte da Consellería, nun centro que no pasado foi un referente e que dende outubro a media de ocupación non chegou a 10 menores, cando o número de menores tutelados en Galicia aumentou.

O pasado ano, a través dos medios de comunicación, puxéronse de manifesto problemas importantes en canto á xestión nos centros de menores en Galicia. En concreto o de Santo Anxo de Rábade está a vivir problemas de conducta nos menores que dificultan e poñen en perigo o traballo de profesionais e que dificulta a calidade e o propio benestar dos menores.

Tendo en conta que o benestar dos menores e a súa propia seguridade é primordial, así como o traballo e seguridade do persoal laboral do centro, consideramos vital que a Consellería de Política Social analice a xestión e tome

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2021 13:35:24
Nº Rexistro: 20760
Data envio: 31/08/2021 13:35:24.372

medidas para solucionar a situación e blindar o benestar e a conducta dos menores.

É preocupante a fraxilidade do interese superior dos menores cando en numerosas ocasións despois de ingresar en Rábade cunha tutela ou garda, derivaron a un centro de reforma con causas xudiciais. Ou mesmo fai uns días, os medios publican a desaparición dunha menor tutelada en dito centro, o cal alerta aínda máis a preocupación dos profesionais.

Dende o Grupo Socialista consideramos que é un tema fundamental e non pode agardar máis, polo que instamos á Consellería a que aporte información ao respecto.

Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:

1.ª) Cantos menores entraron no último ano ao centro Santo Anxo de Rábade cunha garda ou tutela e tras o paso no centro derivaron a un centro de reforma con causas xudiciais?

2.ª) Por que a Consellería de Política Social non acude ao centro para ter información sobre a problemática do mesmo?

3.ª) Por que na actualidade o centro non está a admitir novos ingresos? Dende cando? Existe algunha orde interna ao respecto?

4.ª) Ten previsto a consellería escolarizar aos menores tutelados en Rábade no centro público asociado ao centro, ou no resto de centros como outros menores?

5.ª) Cal é a definición concreta ou proxecto educativo para os menores tutelados no centro Santo Anxo de Rábade?

Pazo do Parlamento, 31 de agosto de 2021

Asdo.: Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela
Luis Manuel Álvarez Martínez
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

grupo socialista Parlamento de Galicia
PSdeG PSOE

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 31/08/2021 13:10:52

Julio Torrado Quintela na data 31/08/2021 13:11:03

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 31/08/2021 13:11:12

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2021 13:37:25
Nº Rexistro: 20766
Data envio: 31/08/2021 13:37:25.216

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán e Marín Seco García, deputada e deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita.**

Coincidindo cos diferentes gromos da Covid-19, a facturación de bares, restaurantes e hoteis caeu o ano pasado un 42 %. Sete de cada dez empregos perdidos en Galicia durante o 2020 estaban en bares, restaurantes e aloxamentos.

Os evidentes efectos da redución de aforos e horarios, a contención dos gastos por parte das familias e o medo ao contacto social leva á hostalería a estar nunha situación límite.

A consecuencia de todas estas circunstancias é que cada vez son máis os hostaleiros que deciden poñer o seu bar, cafetería, restaurante ou pub á venda, aluguer ou traspaso. No último ano, dous de cada dez establecementos de hostalería de Galicia víronse obrigados a baixar a persiana definitivamente. En total, no ano do coronavirus, case 3.400 hostaleiros/as da comunidade víronse obrigados a pechar os seus negocios, unha media de case 10 ó día.

No actual contexto a situación do sector da hostalería é francamente desesperada, con miles de negocios pechados dende a declaración do estado de alarma, con máxima incerteza sobre a continuidade dos locais que aínda permanecen abertos e con miles de empregos en risco.

A isto temos que engadir a improvisación nas medidas ás que están expostos tódolos locais de hostalería por parte da Xunta de Galicia e as escasas axudas postas en marcha pola administración autonómica para este sector tan golpeado por esta crise.

Por outra banda, a obrigación de presentar un certificado COVID para acceder ó interior dun establecemento hostaleiro e locais de ocio nocturno nos concellos con máis elevada incidencia do virus careceu de vixencia o non ser autorizada xudicialmente. Mentres o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) non rexeitou esta medida, os hostaleiros durante varias semanas tiveron que solicitar a súa clientela este certificado, perdendo así moitos clientes e en consecuencia perdendo moitos ingresos despois dun ano ano en crise deste sector.

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2021 13:37:25
Nº Rexistro: 20766
Data envio: 31/08/2021 13:37:25.216

O rexeitamento por parte do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia á petición da Xunta de Galicia para que determinados establecementos tiveran a obriga de solicitar aos clientes o certificado da covid é un claro exemplo da mala xestión do Goberno autonómico galego e da súa improvisación constante.

O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia concluíu que a medida non era axeitada, xa que non impide o contaxio, nin é necesaria, polo menos, "no grao que sería esixible".

Na súa resolución, os xuíces tamén consideran que non é "xusto demonizar o sector dos servizos de hostalería establecendo agravios comparativos con outras actividades comerciais que se desenvolven en lugares pechados, como establecementos comerciais ou grandes superficies nas que, a pesar do seu uso masificado, non é necesaria a exhibición de ningún documento médico para o seu acceso"

Por todas estas circunstancias o grupo parlamentario socialista vemos imprescindible que a Xunta de Galicia elabore un plan de reactivación a medio e longo prazo para que a hostalería ó longo de 2022 poda recuperarse da crise pola que pasou no ano 2020 e pola que esta pasando neste ano.

Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas

1.ª) Vai elaborar a Xunta de Galicia un plan de reactivación para a hostalería a medio e longo prazo onde se recolla un plan de indemnización para os locais que tiveron que pechar, ampliar os aforos e horarios e medidas estables para que se leven a acabo tanto no interior coma no exterior dos locais de hostalería ?

2.ª) Ten pensado a Xunta de Galicia ter unha xuntanza con todo o sector hostaleiro para incluír as súas aportacións nese plan de reactivación?

Pazo do Parlamento, 31 de agosto de 2021

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán
Marín Seco García
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

María Leticia Gallego Sanromán na data 31/08/2021 13:06:49

Martín Seco García na data 31/08/2021 13:06:59

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2021 13:39:55
Nº Rexistro: 20771
Data envio: 31/08/2021 13:39:55.638

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Ramón Fernández Alfonzo** e **Daniel Pérez López**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa ao estado e grao de cumprimento das medidas comprometidas respecto do impacto económico do peche fronteirizo de Galiza con Portugal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Unha das consecuencias máis visíbeis no ámbito das medidas arbitradas para a prevención e protección sanitaria durante a pandemia da covid-19 é o peche de fronteiras internacionais. Esta cuestión afecta de forma singular ao sur do noso país e ten un impacto na vida das persoas mais tamén no ámbito económico. Estas repercusións deben ser atendidas de forma suficiente por parte da Xunta de Galiza para defender os intereses destas poboacións.

Compartindo a necesidade de tomar medidas para a contención do virus, o certo é que nesta cuestión concreta resulta evidente que tanto o goberno español coma o goberno portugués actuaron sen ter en conta a realidade singular desta zona fronteiriza e as diferentes demandas desde os ámbitos municipal, das Eurocidades, etc.

Na procura de iniciativas positivas para resolver algúns dos problemas derivados desta cuestión, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego impulsou xa no inicio da lexislatura unha proposta, aprobada por unanimidade tras unha transacción co Partido popular, para impulsar unha "tarxeta transfronteiriza" para aquelas persoas que habitualmente se desprazan a Portugal por motivos laborais, de estudos ou de acceso a servizos, diante da previsión de novos peches. O acordo tamén contemplaba impulsar diante dos gobernos español e portugués o estudo de fórmulas para evitar os efectos

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2021 13:39:55
Nº Rexistro: 20771
Data envio: 31/08/2021 13:39:55.638

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

negativos no paso da fronteira por motivos de saúde pública. Porén, a realidade é que os problemas continuaron e sucedéronse novos peches.

Así as cousas, o pasado 1 de febreiro entraba en vigor un novo peche de fronteiras sen que contemple medidas que combinen as precaucións sanitarias cunha racionalización na súa aplicación, e está a ser desenvolvida cun absoluto descoñecemento da situación real no territorio transfronteirizo, o que está a provocar fortes impactos engadidos, en custos económicos, de tempo, de impacto psicolóxico, etc.

O pasado 19 de abril, a Eurocidade Chaves-Verín -Agrupación Europea de Cooperación Territorial (AECT)-, emitía un comunicado no cal informaba de que se solicitara novamente das entidades españolas e portuguesas unha solución urxente ao problema de mobilidade, que foi respaldado pola veciñanza con protestas no paso fronteirizo de Feces de Abaixo (Verín) e Vila Verde da Raia (Chaves). Na mesma liña tamén se pronunciou a Asociación de Empresarios de Verín, sinalando que a afectación non prexudica unicamente as poboacións máis próximas á fronteira senón a un conxunto de sesenta mil habitantes. É necesario ter en conta os peores indicadores económicos e poboacionais da zona transfronteiriza ourensá e ter instrumentos para avaliar o verdadeiro impacto destas medidas, así como impulsar actuacións para compensalas.

Anteriormente vivíronse mobilizacións respecto do paso de Manzalvos e os gobernos das localidades tamén se fixeron eco deste clamor social. Así mesmo, as localidades máis próximas á costa tamén levan meses mobilizándose e mesmo a AECT Rio Miño solicitou un estudo económico á Universidade de Vigo que é ilustrativo do grande impacto desta situación.

O 21 de maio de 2021 a Comisión 3ª de Economía, Facenda e Orzamentos acadou o seguinte acordo, a impulso do grupo nacionalista:

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2021 13:39:55
Nº Rexistro: 20771
Data envio: 31/08/2021 13:39:55.638

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A Comisión de Economía, tras chegar a un acordo unánime dunha proposta transaccionada nos seguintes termos:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Promover a realización dun estudo, en colaboración co sistema universitario galego, para coñecer o dobre impacto da COVID e do peche de fronteira nas actividades económicas dos concellos transfronteirizos de todo o país.

2. Impulsar, en colaboración con todas as administracións e coas AECT, un plan especial para demandar compensacións con cargo a fondos propios, estatais ou europeos para os sectores dobremente afectados pola COVID e polo efecto peche da fronteira.

3. Demandar a dotación de fondos extraordinarios por parte dos estados e da UE ao abeiro do Plan europeo de recuperación Pos-COVID (NEXT EU), así como do Marco Financeiro Europeo 2021-2027 e promover a posta en marcha dun Investimento Territorial Integrado de carácter Transfronteirizo (ITI) concertado entre ambos países e dotado financeiramente con cargo a fondos europeos do Marco Comunitario reforzado 2021-2027, como instrumento para a reactivación económica e o desenvolvemento deste territorio dobremente afectado pola COVID e polo impacto da reposición da fronteira."

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Que actuacións levou a cabo o goberno galego respecto do impacto económico do peche fronteirizo de Galiza con Portugal?

E respecto da zona de Ourense e a fronteira Chaves-Verín en particular, cunha situación económica previa máis débil?

Cal é o grao de cumprimento das demandas do Parlamento Galego do pasado 21 de maio de 2021? e das demandas anteriores?

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2021 13:39:55
Nº Rexistro: 20771
Data envio: 31/08/2021 13:39:55.638

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que reclamacións dirixiu ao Estado español?

Cal é a colaboración que ten cos concellos afectados?

Impulsou a realización dun estudo, en colaboración co sistema universitario galego, para coñecer o dobre impacto da COVID nos concellos transfronteirizos?

Impulsou algunha actuación ao abeiro do CES?

Vai demandar actuacións específicas en relación cos mecanismos económicos extraordinarios habilitados ao abeiro de fondos estatais ou europeos?

Santiago de Compostela, 31 de agosto de 2021

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**
Ramón Fernández Alfonzo
Daniel Pérez López
Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 31/08/2021 13:38:15

Ramón Fernández Alfonzo na data 31/08/2021 13:38:21

Daniel Pérez López na data 31/08/2021 13:38:30

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2021 13:47:55
Nº Rexistro: 20777
Data envio: 31/08/2021 13:47:55.560

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García, Leticia Gallego Sanromán e Pablo Arangüena Fernández, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O Grupo Parlamentario Socialista asiste atónito á polémica xurdida nestas datas pola situación dos encoros das Portas, Cenza, Salas e Belesar radicados na Demarcación Hidrográfica Miño-Sil, especialmente despois de escoitar ás conselleiras de Medio ambiente e Infraestruturas e ao propio presidente da Xunta de Galicia, acusando á Confederación Hidrográfica do Miño-Sil e ao Ministerio para a Transición Ecolóxica de poñer en risco ambiental a flora e a fauna destes encoros e os riscos que poidan xurdir polos incendios forestais deste final de verán e outono.

Ao Grupo Parlamentario Socialista preocúpalle a fauna e a flora deses espazos, tanto nos propios encoros como augas abaixo e tamén a existencia de auga neles por se tiver que ser utilizada para apagar incendios forestais. Esta excepcional baixada do nivel de auga encorada, ademais de poñer nestes intres en perigo a vida das especies que nesas masa de auga habitan, tamén a poñen no inmediato futuro debido á incerteza de poder garantir os caudais mínimos ecolóxicos en vindeiras datas.

Neste senso, estivemos analizando a normativa estatal existente e non atopamos onde se estableza a obriga de comunicarlle á demarcación hidrográfica o baleirado dun volume apreciable dun encoro, máis aló do establecido na concesión e nas normas de explotación do dito encoro, unha situación que se podería modificar neste momento que están en período de consulta pública os novos plans hidrolóxicos de cunca ata o 31 de decembro e aos que se deberían de presentar alegacións por parte da Xunta de Galicia, para incorporar novas garantías e límites ecolóxicos sobre caudais mínimos a todas as masas de auga para atender á realidade do cambio climático e posibles escenarios de redución dunha dispoñibilidade hídrica en España que a medio prazo se pode situar en torno ao 15 %, un escenario distinto ao que hai que ser sensibles e actuar e non baixo dereitos concesionais emitidos no século pasado.

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2021 13:47:55
Nº Rexistro: 20777
Data envio: 31/08/2021 13:47:55.560

En canto a outras normativas que inciden sobre os ditos encoros, existe o Decreto 130/1997, do 14 de maio, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais, actualmente en vigor, que no artigo 83º di:

"Esgotamento de masas de auga.

1. Agás circunstancias excepcionais, sempre que un particular ou unha entidade concesionaria dun aproveitamento hidráulico vaia proceder á anulación ou ó baleirado, total ou parcial, dunha masa de auga na que exista poboación ictícola que poida verse afectada pola redución ou desaparición da masa de auga, deberallo comunicar cunha antelación mínima dun mes ó órgano competente, que deberá notificarllo inmediatamente á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes para que esta estableza as medidas que deberán de adoptarse co obxecto de protexe-la citada poboación. En todo caso, deberase practica-la devandita comunicación sempre que o volume de auga baleirado sexa maior có 80% do volume máximo da masa de auga.

2. As medidas citadas serán fixadas polo Servicio Provincial de Medio Ambiente Natural, que vixiará e coordinará a súa execución e, logo da adopción das medidas previas, autorizará a anulación ou o baleirado coas condicións que garantan a protección e conservación da fauna acuática"

A competencia a protección da flora e a fauna é exclusiva da Xunta de Galicia e segundo o citado artigo do Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais débeselle comunicar ao órgano pertinente da administración autonómica o desembalsado dun encoro se este vai a deixar a capacidade en menos do 20%, algo que será comunicado á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes para establecer as medidas a adoptar que serán fixadas polo Servizo Provincial de Medio Ambiente Natura, que será o encargado de autorizar o desembalsado.

A este grupo parlamentario cónstalle que a empresa concesionaria dos encoros de Cenza e As Portas comunicoulle á Xunta de Galicia o baleirado dos encoros os días 10 de xuño de 2021 no primeiro dos encoros e o 12 de xullo de 2021 o do segundo, polo que non entendemos as declaracións das conselleiras de Infraestruturas e Medioambiente e as posteriores do presidente da Xunta, cando era a propia institución que eles dirixen a única que lle podería poñer freo a un baleirado superior ao 80 % da capacidade dos encoros polos cales piden agora explicacións.

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2021 13:47:55
Nº Rexistro: 20777
Data envio: 31/08/2021 13:47:55.560

Por iso, os deputados e a deputada que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Por que ocultou o Goberno galego que foran informados pola empresa concesionaria dos encoros de Cenza e As Portas para proceder ao baleirado deste por debaixo do 20 % da súa capacidade?

2ª) Descoñecen os membros do Consello da Xunta o Regulamento polo cal o Goberno autonómico autoriza ou non o baleirado de todos os encoros de Galicia polas súas competencia en protección da flora e da fauna?

3ª) Autorizaron activamente ou mediante o silencio ante a comunicación previa do baleirado da empresa concesionaria dos ditos encoros?

4ª) Se defenden tanto os intereses medioambientais, por que non actuaron aplicando a lexislación autonómica?

Pazo do Parlamento, 31 de agosto de 2021

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 31/08/2021 13:35:55

María Leticia Gallego Sanromán na data 31/08/2021 13:36:13

Pablo Arangüena Fernández na data 31/08/2021 13:36:22

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2021 11:02:07
Nº Rexistro: 20818
Data envio: 01/09/2021 11:02:07.595

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Olalla Rodil Fernández** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa ás vulneracións de dereitos laborais e ao incumprimento dos pregos de condicións do Centro de Día Interxeracional da Farixa en Ourense así como ás actuacións que debe impulsar a Xunta de Galiza como responsábel da súa concesión e das competencias en materia de política social.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza, con competencias en materia de política social e ao abeiro, entre outras, da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galiza, é a máxima responsábel de garantir tanto a estruturación e regulación, como servizo público, dos servizos sociais como de garantir o dereito das persoas ao acceso aos servizos sociais que lles correspondan posibilitando que a súa liberdade e igualdade sexan reais e efectivas. Singularmente, é necesario recordar que a lei citada recolle expresamente como competencia da Xunta de Galiza a de "supervisión e avaliación da calidade na prestación dos servizos sociais, para o que se establecerán mecanismos de control obxectivo e continuo deles."

Ao abeiro deste marco, comezou a funcionar no ano 2019 o Centro de Día Interxeracional da Farixa, tamén coñecido como centro de Mariñamansa, en Ourense, que é un dos 64 centros de día que fan parte da rede de centros do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar. Para a posta en funcionamento do Centro diúrno de persoas maiores o goberno do Partido Popular mantívose na súa liña de renuncia á xestión pública e apostou por un modelo privatizado, mediante a concesión do servizo

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2021 11:02:07
Nº Rexistro: 20818
Data envio: 01/09/2021 11:02:07.595

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

asistencial. Dita concesión recaeu en setembro de 2018 na empresa Atendo S.L. por valor de 595.320,00€ cun prazo de execución de dous anos que, como é habitual tamén no ámbito da política social, xa foi prorrogado.

A citada concesión está vinculada a un prego de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas que, segundo tivo coñecemento o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, non está a ser cumprido, coas conseguintes consecuencias negativas nas persoas usuarias e no cadro de persoal. Así mesmo, este Grupo tivo tamén coñecemento de numerosas irregularidades e vulneracións de condicións laborais cuxa comisión van en detrimento non só dos dereitos das persoas traballadoras senón tamén, nas súas consecuencias, sobre os dereitos das persoas usuarias.

No ámbito laboral, para alén dos problemas derivados da continuidade até a actualidade dun convenio colectivo que desfasado respecto de múltiples ámbitos, constan diferentes feitos que non son admisibles respecto dos descansos, funcións, vacacións e outros dereitos recoñecidos á clase traballadora.

Na mesma liña podemos sinalar a falta de roupa e material de traballo, incumprimentos en materia de saúde laboral, falta de formación en horario laboral, comunicacións abusivas fóra deste e outros aspectos nos que o centro é o modelo contrario ao que debera ser un centro sufragado con recursos públicos. Finalmente, outro ámbito de incumprimento das condicións laborais, con consecuencias directas ademais nas persoas usuarias, ten que ver coas funcións laborais, levándose a cabo funcións non correspondentes coas categorías laborais, realización de funcións laborais noutros centros distintos ao concesionado. A esta situación súmanse carencias na prevención diante da pandemia, como a insuficiencia e demora de cribados e a falta de materiais de protección en cantidade suficiente para garantir a súa adecuación.

Esta situación é correlativa no ámbito dos incumprimentos fragrantes do prego de condicións, a comezar, na liña do sinalado anteriormente, polas vulneracións do convenio colectivo en vigor que, pese a tratarse de aspectos inicialmente laborais,

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2021 11:02:07
Nº Rexistro: 20818
Data envio: 01/09/2021 11:02:07.595

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

derivan directamente na posta en risco dunha correcta atención ás persoas usuarias, sendo tamén sufridoras destas vulneracións. Un dos aspectos máis relevantes na falta de seguimento dos pregos é o incumprimento da ratio de traballadoras, por debaixo do requirido pola resolución de 2 de Decembro de 2008, de Secretaría de Estado de Política Social, Familia e Atención á Dependencia e á Discapacidade, dende a apertura do centro.

Na mesma liña, ao longo do período de funcionamento sinalado teñen faltado repetidamente categorías laborais que estiveron longos períodos sen cubrir, por exemplo, de terapia ocupacional ou de persoa responsable de centro, cuestión esta última resolta por vía xudicial. A carencia de persoal tamén se observa en ámbitos como a limpeza, onde unha soa persoa, e sen xornada completa, asume estas tarefas.

A isto súmanse carencias graves na cadea de atendemento das persoas usuarias, desde o momento do preingreso, as valoracións e o adecuado ingreso das persoas usuarias para poder elaborar aspectos como a Historia de Vida e estabelecer pautas de atención e intervención. É evidente que este centro, que nacía anunciado baixo o paraugas dun proxecto interxeracional e vangardista, está a funcionar de modo precario, mecanizado e cun enfoque da vellez lonxe de ser activo e garantista. Mostra e consecuencia disto é a falta de planificación e seguimento adecuado dos Plans de Acción Individual das Persoas Usuarias (PAI) e de Acción Familiar (PAF).

Esta situación é grave, pola falta de fiscalización e control da Xunta de Galiza, que non pode inhibirse das súas responsabilidades ao tratarse dun servizo que en última instancia é de vocación pública. Máis aínda, é especialmente grave que esta situación se manteña malia o vivido no último ano e medio de pandemia, que fixo evidente as eivas e necesidades dos servizos de protección social do noso país, moi especialmente nos das persoas maiores.

O vivido na pandemia fixo visíbel, da maneira máis crúa e dolorosa en termos humanos, os problemas estruturais do actual modelo de centros de día e residencias que

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2021 11:02:07
Nº Rexistro: 20818
Data envio: 01/09/2021 11:02:07.595

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

viña sendo obxecto de denuncia reiterada antes da pandemia por parte das familias de persoas usuarias, do persoal e mesmo do Consello de Contas, como reflicte o informe de fiscalización publicado por este organismo en 2017 e cuxas conclusións, como a falta de prazas públicas, singularmente en Ourense, e como a falta dunha adecuada inspección que supoña a corrección real, rápida e efectiva das carencias, seguen na lista de tarefas pendentes do goberno galego e son extensibles ao conxunto de servizos que atenden ás persoas maiores alén do exclusivamente residencial.

A falta de cambio de rumbo por parte do goberno do Partido Popular E a negativa a investigar o acontecido durante a pandemia nas residencias galegas fan evidente que o goberno galego traballa a prol dun modelo no que a participación e o control público sexan cada vez menores en detrimento da oferta privada, mesmo fomentándoa con recursos públicos a través de concesións e contratos públicos cun relaxado grao de esixencia de cumprimento. Esta situación vai máis alá dos centros residenciais, abranguendo tamén os centros de día e outros servizos sociocomunitarios, como neste caso.

Estamos a falar dun ámbito de especial sensibilidade e vulnerabilidade, onde a administración ten que ser exemplar no cumprimento dos dereitos laborais e das condicións técnicas e administrativas que ela mesma esixe do punto de vista teórico. Non se entende, polo tanto, que non exista unha posición activa na demanda do cumprimento destes aspectos, que redundarían nunhas condicións laborais e nun tratamento das persoas usuarias xusto. Polo tanto, a corrección debe ser inmediata, mesmo rescindindo a concesión se é a única forma.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Cal é a valoración da Xunta de Galiza do funcionamento do Centro de Día Interxeracional da Farixa en Ourense e dos seus incumprimentos respecto do prego de condicións e das condicións laborais?

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2021 11:02:07
Nº Rexistro: 20818
Data envio: 01/09/2021 11:02:07.595

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Considera a Xunta de Galiza que, respecto deste e doutros centros, está a desenvolver a súa competencia de "supervisión e avaliación da calidade na prestación dos servizos sociais, para o que se establecerán mecanismos de control obxectivo e continuo deles." conforme estipula a lexislación?

Considera o goberno galego que está a primar o servizo público por riba do beneficio ao sector privado?

Como valora a Xunta de Galiza as consecuencias do seu progresivo baleirado do sistema público de benestar?

Considera o goberno galego que este centro ten un número adecuado de persoal en todas as categorías previstas? Considera que consta das categorías adecuadas e en número suficiente? Que actuacións desenvolve para comprobalo?

Cal foi a variación do persoal desde o inicio da apertura do centro?

No caso da limpeza, considera o goberno galego que unha soa persoa nunha xornada laboral que non é completa, é quen de asumir as necesidades derivadas da materia?

Existe algunha valoración negativa dos procesos de preinspección ou inspección que puido haber no centro? Cantos houbo desde a súa apertura e en que datas e con que resultados?

Por que a Xunta de Galiza non desenvolve máis inspeccións?

Considera a Xunta de Galiza que é suficiente unha soa persoa limpadora, e sen xornada completa, para a totalidade deste centro?

Coñece a Xunta de Galiza os problemas relacionados co aire acondicionado, tendo en conta as altas temperaturas de Ourense?

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2021 11:02:07
Nº Rexistro: 20818
Data envio: 01/09/2021 11:02:07.595

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que medidas toma ou vai tomar o goberno galego para avaliar se existe unha adecuada planificación e avaliación dos Plans de Acción Individual das Persoas Usuarias (PAI) e de Acción Familiar (PAF)?

Como valora o goberno galego a xestión covid deste centro? Que criterios se estabeleceron para realizar ou non cribados? Cantos cribados se realizaron e en que datas?

Que fai o goberno galego para avaliar e facer seguimento sobre se a atención das e dos usuarios é a adecuada?

Que fai o goberno para implicarse como autoridade laboral e como última responsábel do financiamento dun servizo público e garantir que as condicións laborais das e dos traballadores son respectadas e exemplares?

Que vai facer o goberno galego ante os incumprimentos das ratio?

Por que renovou a concesión o goberno galego se era coñecedor destas situacións? Que valoración fixo para proceder?

Valora o goberno galego realizar inspeccións aleatorias para coñecer a situación do centro? E entrevistar con traballadores, traballadoras, persoas usuarias e familiares? Cales son os motivos?

Valora o goberno rescindir o contrato?

Incrementou a contía fornecida á empresa concesionaria nalgún momento? En que termos?

Santiago de Compostela, 1 de setembro de 2021

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2021 11:02:07
Nº Rexistro: 20818
Data envio: 01/09/2021 11:02:07.595

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 01/09/2021 11:00:33

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 01/09/2021 11:00:38

Noa Presas Bergantiños na data 01/09/2021 11:00:47

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2021 12:25:54
Nº Rexistro: 20831
Data envio: 01/09/2021 12:25:54.781

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, **Mercedes Queixas Zas**, **Manuel Lourenzo Sobral** e **Daniel Castro García**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á situación dos centros de ensino na montaña de Lugo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Estamos na época oportuna para que se vexan os recortes na educación pública dos colexios da montaña lucense.

Ano tras ano as Anpas e as equipas directivas libran unha loita a brazo partido para que Educación lles envíe o profesorado coa especialidade que precisan, e non sempre é así.

Cando o alumnado infantil de primaria non recibe educación especializada en materias que son fundamentais para o seu desenvolvemento futuro en igualdade de condicións con alumnado doutros lugares urbanizados.

En moitas ocasións o problema é a imposibilidade da escolla de segundo idioma, noutras ocasións hai que escoller entre ter profesionais especialistas en atención infantil ou música. O cal favorece a escolla de profesoras de infantil con moitas ou poucas nocións de música, pero sempre dependentes dun gran esforzo na cuestión.

A educación infantil como facilitadora da entrada das nenas e nenos na educación pública que con 3 aniños se enfrontan á realidade escolar, reséntese cando non hai unha

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2021 12:25:54
Nº Rexistro: 20831
Data envio: 01/09/2021 12:25:54.781

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

persoa especialista nesta cuestión, e si que marca a diferenza no contacto e continuación do periplo escolar futuro das nenas e nenos.

Unha das cuestións que indubidablemente fan que unha familia se instale nun concello de montaña de Lugo é ter unha educación suficiente para as súas crianzas. Suficiente e en igualdade de condicións con nenas e nenos da cidade. Ningunha familia se vai instalar nun lugar illado sen garantías educacionais, e a súa instalación é imprescindible para a recuperación do rural.

É, polo tanto, imprescindible atender as necesidades dos colexios da montaña, estabilizar o profesorado de modo que cada ano non apareza unha/un profesor diferente que desestabilice a aprendizaxe e o ambiente de seguridade no que se debe mover unha criatura.

Por todo o mencionado as nais e pais da montaña, as nenas e nenos que alí viven merecen unha planificación realista por parte do Goberno da Xunta que garanta a educación en igualdade, xa que garantir a educación das nenas e nenos do rural de montaña non é un gasto, é unha inversión para a pervivencia futura do interior da Galiza. Sen educación non hai arraigo posible nin para pais nin para fillas e fillos.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Vai o Goberno galego establecer unha planificación sensata e programada para garantir as ensinanzas nos centros escolares da montaña lucense para as crianzas en igualdade de condicións con outras zonas máis urbanas?

É consciente a Xunta das eivas con que conta a ensinanza primaria nos centros de ensino da montaña lucense e do que iso pode implicar para a fixación de poboación no presente e futuro?

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2021 12:25:54
Nº Rexistro: 20831
Data envio: 01/09/2021 12:25:54.781

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Consideran vostedes que a política que aplica a Xunta aos centros de ensino da montaña lucense é a adecuada para garantir a ensinanza especializada en igualdade?

Pensan que a responsabilidade de garantir unha ensinanza completa para as ensinanzas básicas na ensinanza primaria depende da Xunta de Galiza ou vai seguir nos ombreiro das equipas directivas e das anpas?

Son as políticas partidarias as que xustifican as dotacións de profesionais de ensino especializado?

Santiago de Compostela, 1 de setembro de 2021

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**
Mercedes Queixas Zas
Daniel Castro García
Manuel Lourenzo Sobral
Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 01/09/2021 12:17:46

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 01/09/2021 12:17:49

Mercedes Queixas Zas na data 01/09/2021 12:17:56

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2021 12:25:54
Nº Rexistro: 20831
Data envio: 01/09/2021 12:25:54.781

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María del Carmen Aira Díaz na data 01/09/2021 12:18:05

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2021 17:20:55
Nº Rexistro: 20849
Data envio: 01/09/2021 17:20:55.921

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita.**

A pandemia da Covid-19 fixo translúcidos problemas de base en canto ao modelo de coidados en Galicia. En concreto, a chamada Lei de dependencia marca seis meses como máximo para a propia resolución de Grao e de PIA (Programa Individual de Atención) e no caso de Galicia estamos a vivir listas de agarda de máis do dobre do que a lei permite.

Ademais nun recente estudo constatouse que Galicia é das CCAA que menos inviste por habitante de toda España. Datos moi preocupantes nun contexto de normalidade e máis aínda trala crise socio económica motivada pola pandemia.

Fai uns meses a Consellería de Política Social anunciada un proxecto piloto para axilizar tempos de agarda nas listas de dependencia e tempo despois a toda Galicia. Sería importante coñecer se existiu un incremento de persoal nos equipos de valoración de dependencia e resolución de PIA, e o número exacto de traballadores adicionais. Hai que ter en conta que ao deixar de facer as valoracións de xeito presencial, feito que aconteceu trala pandemia e demorouse no tempo, pódese intuír un aumento na axilidade das resolucións, pero en detrimento da propia calidade das valoracións. Por iso é importante que a cidadanía coñeza con exactitude se a consellería investiu en persoal para saber se os resultados varían a consecuencia de dito investimento ou polo efecto das valoracións telefónicas.

A consellería anunciou dito plan de choque en dependencia para axilizar e reducir os tempos de espera. En concreto especificando:

- *Implantar unha simplificación normativa e administrativa, redefinir o Programa individual de atención (PIA), reducir os tempos de espera nas valoracións e crear novas vías preferentes.*

- *Crear novos centros de valoración e equipos itinerantes, optimizar as rutas que seguen os valoradores a domicilio e mellorarase o modelo de xestión de citas, entre outras medidas.*

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

- Por en marcha unha campaña didáctica para achegar á cidadanía galega o proceso de solicitude de dependencia dun xeito sinxelo e claro.

Dende o Grupo Socialista consideramos urxente coñecer, cal é o investimento para lograr reducir as listas de espera, e se aumentaron o número de técnicos dos equipos de valoración e de resolución de expedientes, e o número exacto. A propia conselleira afirmou que incrementarían o persoal, polo que é urxente un informe detallado do mesmo.

Hai que ter en conta que Galicia é beneficiaria de importantes fondos estatais específicos para axilizar as listas de espera por parte do "Plan de Choque de la Dependencia" do Goberno de España.

Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:

1.ª) 1.ª) Considera necesario a Consellería de Política Social aumentar o persoal nos EVD (Equipos de Valoración da Dependencia)?

2.ª) Incrementouse o persoal en dependencia? De ser así, cantos profesionais adicionais?

3.ª) En que investiron ou investiran os recursos *do "Plan de Choque de la Dependencia" do Goberno de España?*

4.ª) Que medidas ou recursos van a investir para mellorar a calidade dos servizos e libranzas da carteira de servizos que establecida na Lei de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia?

Pazo do Parlamento, 01 de setembro de 2021

Asdo.: Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 01/09/2021 17:18:46

Julio Torrado Quintela na data 01/09/2021 17:18:56

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2021 09:43:45
Nº Rexistro: 20856
Data envio: 02/09/2021 09:43:45.266

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Patricia Otero Rodríguez e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito.**

Dende hai uns anos teñen evolucionado moitísimo as políticas en materia de seguridade viaria tanto no contexto mundial, europeo ou nacional.

E todas coinciden na necesidade de aumentar a seguridade das redes viarias en beneficio de todos os usuarios e usuarias das vías e especialmente dos máis vulnerables, como son os peóns.

Así mesmo, nas redes viarias cada día ocupa un papel máis relevante o transporte público.

A súa existencia e o seu axeitado funcionamento constitúen un bo indicador do progreso económico e social dunha sociedade, e incluso do seu nivel cultural e humano, ao favorecer a relación entre as persoas con independencia do lugar onde residan.

Neste contexto global de mobilidade o transporte público escolar ten unha importancia decisiva xa que permite o afianzamento e crecemento do rural na Galicia tan dispersa e diversa que temos.

A prestación do servizo do transporte escolar é unha competencia exclusiva da Xunta de Galicia e, polo tanto, ten a obriga de responder ante a cidadanía da prestación do mesmo.

Así, conxugando seguridade viaria e transporte público asistimos ao inicio do curso escolar, e inicio tamén das rutas dos autobuses que fan este transporte.

O Concello de Ponteareas puxo en coñecemento do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana (MITMA) o problema de seguridade viaria que afecta á Nacional 120 ao seu paso por Xinzo, Areas e Arnoso.

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2021 09:43:45
Nº Rexistro: 20856
Data envio: 02/09/2021 09:43:45.266

En resposta a esta necesidade, o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana (MITMA) está coa tramitación do proxecto de mellora da seguridade viaria da Nacional 120.

Pero mentres este proxecto non se executa, é necesario levar a cabo accións que permitan mellorar a seguridade viaria dos escolares nesa estrada, como por exemplo o cambio de situación das paradas do autobús escolar que nela se sitúan.

A veciñanza de Ponteareas leva anos, sen resposta, reclamando ao Goberno galego este cambio de situación das paradas escolares, no sentido que os autobuses paren a ambos lados da nacional tanto na ida como na volta dos percorridos, evitando así que os rapaces e rapazas teñan que cruzar a nacional ao menos dúas veces ao día, cinco días á semana.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Ten previsto o Goberno galego modificar para este curso 2021/2022 as paradas do autobús de transporte escolar na Nacional 120 ao seu paso por Xinzo, Areas e Arnoso, para mellorar a seguridade viaria dos escolares?

2. Entende o Goberno galego como prioritario á hora de establecer a planificación das rutas escolares, a seguridade viaria dos nenos e nenas?

3. Cree a Xunta de Galicia que unha modificación na situación das paradas escolares na Nacional 120 ao seu paso por Xinzo, Areas e Arnoso, melloraría a seguridade viaria dos escolares?

4. Entende o Goberno galego axeitado para a seguridade viaria dos escolares de Ponteareas ter que cruzar a Nacional 120 ao menos dúas veces ao día, cinco días á semana?

Pazo do Parlamento, 2 de setembro do 2021

Asdo.: Paloma Castro Rey
Patricia Otero Rodríguez
Luís Manuel Álvarez Martínez
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 02/09/2021 09:20:07

Patricia Otero Rodríguez na data 02/09/2021 09:20:15

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 02/09/2021 09:20:27

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2021 09:45:34
Nº Rexistro: 20862
Data envío: 02/09/2021 09:45:34.469

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito.**

O deterioro da sanidade en Galicia en xeral e en Ponteareas en particular é un feito.

Á falla de persoal sanitario das distintas categorías e fundamentalmente de médicos xerais, pediatras, persoal de enfermaría e matronas, únese no caso de Ponteareas un problema estrutural das instalacións que non son acordes a unha poboación de arredor de 23.000 habitantes.

Nos últimos tempos, a falta de médicos e pediatras no servizo de saúde de Ponteareas é alarmante e as listas de espera para obter unha cita, mesmo telefónica, tarda en algúns casos ata 3 semanas; as citas para as analíticas e outras probas diagnósticas, están na mesma liña.

Esta falta de persoal ven determinada nalgúns casos por causas imprevistas (baixas por enfermidade), pero na maioría son previsibles pois trátase de xubilacións, vacacións e descansos programados.

Isto agrávase se temos en conta que no Centro de Saúde de Ponteareas, aparte da atención sanitaria aos veciños e veciñas da nosa vila, se prestan servizos de apoio (Urxencias, Raios X, matronas, fisioterapia, traballadora social, farmacéutica) a toda a comarca do Condado e a parte da comarca da Paradanta. Isto implica un importante fluxo de pacientes diarios no citado centro que repercute aínda máis nas listas de espera.

Por outra banda, as instalacións do propio centro de saúde, que iniciou a súa actividade en novembro de 1987, son totalmente insuficientes e inaceptables para os estándares de calidade actuais, pois debido ao paulatino incremento de actividade sufriu numerosas reformas ata quedar practicamente inservible para a actividade que realiza.

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2021 09:45:34
Nº Rexistro: 20862
Data envío: 02/09/2021 09:45:34.469

Entre as numerosas eivas que presenta, atópanse as seguintes:

- Non ten salas de espera adecuadas e coa ventilación necesaria para un mínimo de pacientes.
- Non dispón de aire acondicionado polo que a calor en temporada estival é insufrible.
- A maioría das consultas non cumplen a normativa en canto a espazo e aireación.
- As salas de matronas atópanse no soto semienterradas.
- Non hai salas dispoñibles para realizar probas diagnósticas tipo espirometrías, ECG, etc.
- O PAC (servizo de Urxencias) que atende a toda a poboación do Condado máis aos desprazados doutras comarcas ou comunidades e que ademais comparte instalacións co propio centro de saúde, atópase totalmente colapsado e non é posible illar aos pacientes sospeitosos ou confirmados de Covid19.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Ten previsto o Goberno galego cubrir tódalas prazas de persoal sanitario e non sanitario necesarias para a correcta actividade dos servizos sanitarios en Ponteareas e na comarca?
2. Que medidas vai tomar o Goberno galego para rebaixar a lista de espera existente no PAC de Ponteareas?
3. Ten previsto o Goberno galego iniciar os tramites para a construción dun novo centro de saúde que dea servizo en condicións non so a veciñanza de Ponteareas senón ademais a toda a comarca do Condado nos servizos de apoio que se veñen desenvolvendo?

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2021 09:45:34
Nº Rexistro: 20862
Data envio: 02/09/2021 09:45:34.469

4. Ten previsto contemplar no próximo orzamento 2022 os trámites para iniciar a construción dun novo centro de saúde en Ponteareas?

Pazo do Parlamento, 2 de setembro do 2021

Asdo.: Paloma Castro Rey
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 02/09/2021 09:40:32

Julio Torrado Quintela na data 02/09/2021 09:40:39

Marina Ortega Otero na data 02/09/2021 09:40:47

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2021 10:35:26
Nº Rexistro: 20873
Data envio: 02/09/2021 10:35:26.860

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, **Manuel Lourenzo Sobral** e **Daniel Castro García**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as accións políticas que debe levar a cabo o goberno galego a respecto das conclusións do Foro Patrimonio e Sociedade coordinado polo Consello da Cultura Galega.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Consello da Cultura Galega presentou recentemente a *Guía práctica para a análise dun sector clave na gobernanza do futuro*, un traballo que a Sección de Patrimonio e Bens Culturais do Consello da Cultura Galega iniciou en 2018 co obxectivo de trazar as liñas xerais que servisen de base para o desenvolvemento desde o Foro Patrimonio e Sociedade.

A metodoloxía de traballo baseouse, ao longo de tres anos, na intervención e participación coral, sucedéndose múltiples xuntanzas no seo da propia sección, en primeiro termo, para logo contrastar con participantes externos constituídos en tres mesas de traballo (Patrimonio, políticas públicas e normativa legal / Xestión patrimonial: conservación, protección, promoción e difusión do PC / Patrimonio, educación, formación e cidadanía), así como a celebración dunhas xornadas de peche do foro onde se debatese sobre as ideas principais recollidas nas mesas.

En todo o demorado proceso até chegar ao momento actual de presentación das conclusións, así como da propia guía, cómpre pór en valor a ampla e diversa

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Gio2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2021 10:35:26
Nº Rexistro: 20873
Data envio: 02/09/2021 10:35:26.860

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

representación dos e das participantes vinculadas con diferentes sectores vinculados coa xestión, formación, administración, investigación e divulgación do patrimonio e os bens culturais en Galiza.

Recollemos agora o traballo reflexivo desenvolvido no foro a respecto da situación do patrimonio no noso país e o papel da sociedade nesta realidade na *Guía práctica para a análise dun sector clave na gobernanza do futuro*, un documento aberto como base para abordar os retos da xestión, protección, conservación e posta en valor do patrimonio cultural, material e inmaterial, galego.

Unha análise profunda da xestión patrimonial en Galiza que merece todo o apoio do grupo parlamentario do BNG e cuxas conclusións asumimos como necesaria folla de ruta política *ad futurum* para unha mellora da xestión patrimonial no noso país.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- É coñecedor o goberno da Xunta da *Guía práctica para a análise dun sector clave na gobernanza do futuro* presentada pola Sección de Patrimonio e Bens Culturais do Consello da Cultura Galega? Que valoración fai do mesmo?

- Mantén o goberno contacto directo coa Sección de Patrimonio e Bens Culturais do Consello da Cultura Galega para valorar este traballo desenvolvido ao longo dos tres últimos anos?

- Comparte o goberno as ideas forza transversais do Foro Patrimonio e Sociedade como imprescindíbeis para mellorar a xestión patrimonial en Galiza?

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2021 10:35:26
Nº Rexistro: 20873
Data envio: 02/09/2021 10:35:26.860

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Está disposta a Xunta a asumir as conclusións do Foro Patrimonio e Sociedade para unha mellor xestión e gobernanza do patrimonio cultural galego, material e inmaterial?

- Cal é a folla de ruta, metodoloxía, calendarización e orzamento comprometido para desenvolver as conclusións deste foro?

Santiago de Compostela, 2 de setembro de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**
Daniel Castro García
Manuel Lourenzo Sobral
Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 02/09/2021 10:32:32

Daniel Castro García na data 02/09/2021 10:32:36

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 02/09/2021 10:32:44

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2021 11:22:16
Nº Rexistro: 20881
Data envio: 02/09/2021 11:22:16.875

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo e **Rosana Pérez Fernández**, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa ás medidas a tomar para recuperar a produción marisqueira da ría de Ferrol.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado día 16 de outubro do 2020, e por iniciativa do BNG, o Parlamento de Galiza adoptou por unanimidade o seguinte acordo: "O Parlamento de Galiza insta ao goberno da Xunta e máis ao goberno central a iniciar de inmediato un verdadeiro proceso de recuperación da produción marisqueira na Ría de Ferrol, en colaboración coas confrarías da zona, os técnicos da Consellaría do Mar e a Estación de Bioloxía Mariña da Graña, ao que se acompañarán medidas de protección económica e social dos mariscadoras e mariscadores pactadas co propio sector."

A inacción da Xunta a este respeito, malia a unanimidade do acordo e da crítica situación das confrarías da ría é absoluta. Aínda máis, boicotea calquera iniciativa do sector encamiñada a procurar luz sobre as causas e posíbeis solucións á problemática da ría de Ferrol.

Hai que lembrar que a Xunta está a incumprir o compromiso adquirido coas confrarías da ría e outras administracións para sufragar o 50% do custe da elaboración dun informe previo a realizar pola estación de bioloxía mariña da Graña que ascende a 3.569,5€, ao contrario do que fixeron outras administracións que xa comunicaron a súa

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2021 11:22:16
Nº Rexistro: 20881
Data envio: 02/09/2021 11:22:16.875

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

disposición, tal como denunciaron publicamente a patroa e patróns maiores das confrarías da ría de Ferrol no mes de xullo deste ano 2021,

Recentemente a prensa local facíase eco dos resultados da campaña de extracción de ameixa babosa nos primeiros 8 meses de ano, chamando a atención sobre o feito de seren os peores desde que hai rexistros, menos de 14 toneladas, un 18% do apañado nos mesmos meses do ano 2018, e o 6,5% se o comparamos cos resultados de hai dúas décadas. O marisqueo "toca fondo en termos cuantitativos e de facturación", continúa a crónica xornalística, para rematar dicindo que estes resultados abalan as teses das confrarías contra os anuncios e manifestacións da Xunta de Galiza, que insiste en culpar ao parásito perkinsus e aos furtivos da situación da ría, nun exercicio de negacionismo criminal que xa sobre pasa calquera cualificativo anterior.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. Por que a Xunta de Galiza non da cumprimento ao compromiso adquirido nesas reunións coas confrarías e administracións?

2. Por que a Xunta de Galiza ven boicoteando desde hai anos a elaboración dun estudo integral sobre a situación produtiva da ría de Ferrol?

3. Por que a Xunta de Galiza se obstina en culpar ao parásito da caída da produción marisqueira contra toda evidencia científica?

4. Por que a Xunta de Galiza nunca realizou ou encargou un estudo sobre os fondos e os sedimentos da ría de Ferrol?

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2021 11:22:16
Nº Rexistro: 20881
Data envio: 02/09/2021 11:22:16.875

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

5. Como explica a Xunta de Galiza que a ría de Ferrol aínda manteña zonas C, e sexa a única de todo o estado español que ten zonas sen clasificar?

Santiago de Compostela, 2 de setembro de 2021

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**

Rosana Pérez Fernández

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 02/09/2021 11:20:32

Rosana Pérez Fernández na data 02/09/2021 11:20:55

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2021 11:52:39
Nº Rexistro: 20892
Data envio: 02/09/2021 11:52:39.469

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Pablo Arangüena Fernández, Noa Díaz Varela, Luís Manuel Álvarez Martínez e Patricia Otero Rodríguez, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito.**

O Complexo Medioambiental de tratamento de Residuos Sólidos Urbanos (RSU) e asimilables da 'Mancomunidade de concellos da Serra do Barbanza' comezou a funcionar en setembro do ano 2003. Inicialmente abarcaba 3 municipios (Lousame, Brión e Porto do Son) e actualmente abarca 9 (Lousame, Brión, Porto do Son, Ames, Rois, Carnota, Muros, Pontecesures e Noia), cun total de 80.000 habitantes aproximadamente. A Presidencia desta mancomunidade é rotatoria entre os alcaldes e alcaldesas dos concellos que forman parte dela por período de 1 ano. O pasado martes 31 de agosto tomou posesión da mancomunidade o alcalde de Carnota.

Coincidindo con este novo mandato, os e as representantes do PSdG-PSOE dos concellos membros natos da Mancomunidade Serra do Barbanza (Lousame, Noia, Porto do Son, Muros, Carnota e Brión) mantiveron unha xuntanza no Concello de Carnota coa fin de marcar unha folla de traballo que poida solucionar os graves problemas existentes na xestión desta planta e coa firme vontade de manter o seu funcionamento e os postos de traballo, mantendo a concesión máis aló de 2023.

Actualmente a taxa de reciclaxe dos municipios asociados a Lousame é de 17 quilos por habitante e por ano, 5 puntos por riba da taxa galega. O PSdG sempre apostou por esta planta, poñendo en valor os postos de traballo na comarca e a reciclaxe en proximidade, menos contaminante que outras plantas que operan en Galicia.
O Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia (2011-2022) establece entre os seus obxectivos impulsar a xestión de residuos domésticos en Galicia cara a un escenario máis sostible, mediante a creación de 11 plantas de proximidade ao longo de todo o territorio. A día de hoxe so hai 3 proxectadas, e unha funcionando no complexo de Sogama.

Ante este claro incumprimento dos obxectivos do plan e a necesidade de cumprir no ano 2023 as esixencias da UE de acadar o 50 % de reciclaxe de materia orgánica, entendemos que o goberno da Xunta de Galicia ten que mudar a súa

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2021 11:52:39
Nº Rexistro: 20892
Data envío: 02/09/2021 11:52:39.469

política negativa e de confrontación fronte a Lousame e colaborar no impulso desta planta para facilitar a súa continuidade.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Ten previsto o goberno da Xunta de Galicia colaborar no futuro do Complexo Medioambiental de tratamento de Residuos Sólidos Urbanos de Lousame para garantir a súa continuidade tras a fin da concesión en 2023?
2. Tendo o Complexo de Lousame a taxa de reciclaxe 5 puntos por riba da media galega, por que o goberno da Xunta de Galicia leva anos desprestixiando este sistema de xestión de residuos?

Pazo do Parlamento, 2 de setembro do 2021

Asdo.: Paloma Castro Rey
Pablo Arangüena Fernández
Noa Díaz Varela
Luís Manuel Álvarez Martínez
Patricia Otero Rodríguez
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 02/09/2021 11:50:02

Pablo Arangüena Fernández na data 02/09/2021 11:50:09

Noa Susana Díaz Varela na data 02/09/2021 11:50:17

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 02/09/2021 11:50:27

Patricia Otero Rodríguez na data 02/09/2021 11:50:38

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2021 12:50:16
Nº Rexistro: 20902
Data envio: 02/09/2021 12:50:16.032

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo, **Daniel Pérez López**, **Carme González Iglesias** e **Noa Presas Bergantiños**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á creación dun centro en Galiza para a competitividade e a I+D+i no almacenamento de enerxía.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O coñecido como *Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima 2021-2030* (*PNIEC*) establece obxectivos, políticas e medidas para, segundo o goberno do Estado, alcanzar a neutralidade climática antes de 2050.

Sinala o almacenamento de enerxía nas súas diversas formas como unha das tecnoloxías que serán claves para a descarbonización, incluíndo 6 GW para a próxima década no sector eléctrico, cun balance de case que 250 TWh para 2030.

Tamén prevé a elaboración dun *Plan de Desenvolvemento Industrial* que permita capturar o máximo potencial en canto a xeración de desenvolvemento económico e emprego industrial derivados da transición enerxética, no que o ámbito do almacenamento pode supoñer unha oportunidade para desenvolver unha cadea de valor propia que sexa competitiva a nivel galego, estatal e internacional.

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2021 12:50:16
Nº Rexistro: 20902
Data envio: 02/09/2021 12:50:16.032

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Atendendo aos datos públicos de *REE* para o caso das Pontes, o potencial de xeración do municipio, en fontes e en produtividade, xunto co carácter histórico imposto a Galiza de produtora e exportadora de electricidade, fan case unha débeda para con ela e as súas xentes, que dentro da *Estratexia de Almacenamento Enerxético*, se sitúe en Galiza un centro tecnolóxico encargado de levar a cabo os proxectos neste ámbito, xestionar e monitorizar os mesmos, así como participar no desenvolvemento de ferramentas e tecnoloxías que melloren a flexibilidade e a seguridade da rede eléctrica, que posibiliten dispoñer dunha verdadeira "*smartgrid*" ou rede intelixente.

A aplicación de diversas tecnoloxías de almacenamento dentro dunha mesma rede, o desenvolvemento e testado de novos sistemas, e a investigación e desenvolvemento no campo do almacenamento enerxético teñen nas Pontes un enclave perfecto para a súa implantación, no que o deseño de cada instalación de almacenamento, así como a súa programación temporal, coordinaríase co ritmo da instalación das fontes renovábeis no termo municipal, dando resposta á necesidade de probar, en escenario real, o comportamento das diferentes tecnoloxías eléctricas, electroquímicas, mecánicas, térmicas e químicas do almacenamento, a gran escala, en redes, e a nivel de usuario final.

Malia a evidencia da necesidade de contar con centros de este tipo para o desenvolvemento industrial e económico do país, o Partido Popular na Galiza, e o PSOE e Podemos a nivel estatal veñen rexeitando a proposta do BNG de promover a instalación dun Centro para a I+D+i do almacenamento de enerxía nas Pontes.

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2021 12:50:16
Nº Rexistro: 20902
Data envio: 02/09/2021 12:50:16.032

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As razóns... do máis peregrinas no caso do Partido Popular, alegando que xa contamos na Galiza con multitude de Centros tecnolóxicos capaces de atender as necesidades que poidan xurdir neste ámbito, sen que até o de agora saibamos de ningunha medida ou proposta encamiñada a adaptar algún deses centros tecnolóxicos con esa orientación.

As dos partidos que dan soporte ao goberno do estado basicamente poden resumirse nunha aposta por outras localizacións xeográficas. De feito vimos de coñecer polos medios de comunicación que un centro de este tipo vaise constituír en Extremadura, froito da colaboración entre o goberno do estado e a comunidade autónoma.

Para alén dos 100 postos de traballo directos de perfil investigador que xa se anuncian no propio centro tecnolóxico, os comunicados de prensa emitidos para socializar este proxecto redundan no positivo impacto sobre todo o tecido industrial que agardan conseguir.

O secretario xeral de ciencia, tecnoloxía, innovación e universidade da Junta de Extremadura foi moi claro cando manifestou: «No queremos que sea un centro más, sino el germen de un polo tecnológico para que muchísimas empresas que han mostrado un interés grandísimo por este centro se sitúen en Cáceres o en Extremadura en su conjunto».

Os ecos da intervención do vicepresidente Conde na que se mofaba da iniciativa do BNG gañan agora unha gama de matices entre funestos e ofensivos.

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2021 12:50:16
Nº Rexistro: 20902
Data envio: 02/09/2021 12:50:16.032

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En todo caso, Galiza pode, e debe, aínda facer un esforzo por non perder o tren das vangardas tecnolóxicas deste novo paradigma enerxético que se nos anuncia, da posibilidade de crear unha cadea de valor vinculada á enerxía, e numerosos postos de traballo, nun ámbito no que sempre xogamos na liga dos produtores-exportadores, sen aproveitar o noso potencial para consolidarnos tamén nos segmentos industriais de máis valor engadido.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. Que opinión ten a Xunta de Galiza a respeito do papel que vai xogar o almacenamento enerxético na transición enerxética?

2. Cal dos centros tecnolóxicos galegos considera a Xunta de Galiza que podería xogar ese papel de nucleo dun polo tecnolóxico no ámbito enerxético? Que medidas está a tomar para que así sexa?

3. Que opinión lle merece a Xunta de Galiza o anuncio da constitución de este centro en Extremadura?

4. Por que a Xunta de Galiza refuga continuamente a constitución dun centro coma este que se anuncia agora en Extremadura?

5. Que medidas vai tomar a Xunta de Galiza para apoiar tecnoloxicamente ao sector enerxético-industrial?

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2021 12:50:16
Nº Rexistro: 20902
Data envio: 02/09/2021 12:50:16.032

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

6. Está satisfeita a Xunta de Galiza co papel de meros produtores-exportadores de enerxía que historicamente xogou o noso país no contexto estatal e internacional?

7. Non considera a Xunta de Galiza que quedar atrás neste ámbito pode significar perder oportunidades para a instalación de novas industrias?

8. Considera a Xunta de Galiza que quedar atrás neste ámbito poder ter repercusións no prezo da electricidade que paguen consumidores industriais ou domésticos?

Santiago de Compostela, 2 de setembro de 2021

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**

Daniel Pérez López

Carme González Iglesias

Noa Presas Bergantiños

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2021 12:50:16
Nº Rexistro: 20902
Data envio: 02/09/2021 12:50:16.032

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Pérez López na data 02/09/2021 12:47:26

María do Carme González Iglesias na data 02/09/2021 12:47:29

Noa Presas Bergantiños na data 02/09/2021 12:47:36

Ramón Fernández Alfonzo na data 02/09/2021 12:47:45

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2021 13:21:44
Nº Rexistro: 20913
Data envio: 02/09/2021 13:21:44.297

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, **Daniel Pérez López**, **Luis Bará Torres**, **Iria Carreira Pazos** e **Noa Presas Bergantiños**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrira**, sobre o turismo de autocaravana no concello de Ourense.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai escasamente uns días o alcalde de Ourense, do goberno do Partido Popular e Democracia Ourensana, a través do seu sistema habitual de comunicación do goberno da entidade local, realizou contundentes manifestacións sobre o turismo de autocaravana e o comportamento cívico e social das persoas que o realizan.

Expresando o opinión da alcaldía, e sen que as manifestacións proferidas foran rexeitadas polo resto do grupo de goberno do Concello de Ourense – nin polos edís do Partido Popular, nin de Democracia Ourensana- indicou que o turismo de autocaravana nin apoia á hostalaría local, nin cumpre coas normas máis elementais de sanidade e urbanidade, se ben matizou que isto non era en todos os casos, só na maioría.

Considerando que o turismo de autocaravana era un turismo de autosuficiencia que non era nin social, nin economicamente interesante remataba afirmando que "estaría feliz de desvialo a outra cidade".

Os criterios de xestión turística e consideración sobre as persoas que practican o turismo de autocaravana, expresados polo alcalde de Ourense e que non foron, en ningún momento, emendados por ningunha das persoas ou organizacións políticas que o designaron alcalde, e que aínda hoxe o apoian -Partido Popular e Democracia

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2021 13:21:44
Nº Rexistro: 20913
Data envio: 02/09/2021 13:21:44.297

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ourensana-, permite colixir que está a manifestar criterios da acción de goberno en materia turística. Alén da (des)consideración que evidencia sobre as persoas que practican este xeito de turismo, desbota a atención e explotación dun sistema de viaxe cada vez máis en voga e cun número crecente de usuarias. Dende o goberno do Concello de Ourense estanse a expresar criterios e consideracións económicas e sociais, coas que o BNG non concorda e que, en todo caso, son no fondo e nas formas, rexeitábeis.

Xa que logo, e dado as competencias neste eido da Xunta de Galiza, formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

Concorda a Xunta de Galiza coas opinións, publicamente coñecidas e aquí referidas, expresadas polo alcalde de Ourense sobre o turismo de autocaravana e sobre os hábitos das persoas que o realizan?

Entende o Goberno Galego económica e socialmente interesante ser receptor de turismo de autocaravana?

É razoabel que con fin de atender e acoller as persoas que practican este medio de turismo, as cidades conten cun espazo habilitado e acondicionado para esta modalidade de viaxe?

Ten previsión a Xunta de Galiza de dotar a Ourense cun espazo acondicionado para a práctica de turismo de autocaravana?

Santiago de Compostela, 2 de setembro de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Iria Carreira Pazos

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2021 13:21:44
Nº Rexistro: 20913
Data envio: 02/09/2021 13:21:44.297

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Pérez López

Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 02/09/2021 13:17:58

Xosé Luis Bará Torres na data 02/09/2021 13:18:07

Daniel Pérez López na data 02/09/2021 13:18:15

Iria Carreira Pazos na data 02/09/2021 13:18:24

Noa Presas Bergantiños na data 02/09/2021 13:18:32

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2021 13:36:05
Nº Rexistro: 20932
Data envio: 02/09/2021 13:36:05.157

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García, **Rosana Pérez Fernández** e **Carme González Iglesias**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as razóns que explican o cese prematuro do Presidente da Autoridade Portuaria Ferrol-San Cibrao.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai uns días asistimos con sorpresa ao cese do, até hai uns días, Presidente da Autoridade Portuaria Ferrol- San Cibrao, Indalecio Seijo. Esta sorpresa débese ao pouco tempo que levaba no mandato, xa que comezara no mes de novembro de 2020, polo que non puido chegar a traballar nin un ano na Presidencia da Autoridade Portuaria.

Alén disto, é necesario destacar que este cese é levado a cabo por parte da Xunta de Galiza que até o día de hoxe non se dignou a dar ou poñer enriba da mesa as razóns que xustificasen dito cese e o nomeamento do novo Presidente, Francisco Barea.

Finalmente, é importante sinalar que todos estes cambios se producen nun contexto moi especial. Xa van moitos anos de reclamacións por parte do tecido económico, do sector pesqueiro e de organizacións políticas como o BNG que piden que se acabe coa excepcional singularidade de que a provincia de Lugo e a comarca da Mariña sexan os únicos territorios con mar do Estado Español sen Autoridade Portuaria propia. Esta razón levou a que o propio Grupo Parlamentar do BNG conseguise a

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2021 13:36:05
Nº Rexistro: 20932
Data envio: 02/09/2021 13:36:05.157

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

aprobación dunha iniciativa que conseguía a unanimidade para instar ao goberno español a que crease a Autoridade Portuaria de San Cibrao.

Estes motivos explican a necesidade de que a Xunta de Galiza dea as razóns concretas deste tipo de ceses que afectan a uns entes tan importantes como as Autoridades Portuarias.

Por todo o exposto anteriormente formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Cales son as razóns que explican o cese do anterior Presidente da Autoridade Portuaria de Ferrol- San Cibrao, Indalecio Seijo?

- Consideran necesaria a marcha do anterior Presidente levando menos de un ano no cargo?

- Afecta este novo cambio ás intencións de acadar a Autoridade Portuaria de San Cibrao?

Santiago de Compostela, 2 de setembro de 2021

Asdo.: **Daniel Castro García**

Rosana Pérez Fernández

Carme González Iglesias

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2021 13:36:05
Nº Rexistro: 20932
Data envio: 02/09/2021 13:36:05.157

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 02/09/2021 13:35:20

Daniel Castro García na data 02/09/2021 13:35:24

María do Carme González Iglesias na data 02/09/2021 13:35:32

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 20940
Data envio: 02/09/2021 16:24:38.071

grupo socialista Parlamento de Galicia PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Juan Carlos Francisco Rivera e Martín Seco García, deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

No Diario Oficial de Galicia do 30 de agosto de 2021 a Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación publicou a Orde do 9 de agosto de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións para a creación e lanzamento de plataformas de *marketplace* para produtos agroalimentarios no medio rural, cun crédito total de 800.000 euros, sendo o investimento máximo subvencionable de 60.000 euros e cunha porcentaxe máxima do 80 %. As ditas axudas van dirixidas a concellos galegos situados en zonas rurais e cunha poboación inferior a 10.000 habitantes; federacións de asociacións de comerciantes legalmente constituídas de ámbito superior ao municipal e grupos de desenvolvemento rural (GDR) recoñecidos polo acordo do Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), do 16 de novembro de 2016, polo que se resolve a convocatoria sobre a selección de estratexias de desenvolvemento local e de grupos de desenvolvemento rural como entidades colaboradoras na xestión da medida Leader de Galicia.

Segundo se recolle no artigo 3 das bases da convocatoria, as solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación da dita Orde no Diario Oficial de Galicia, e no artigo 5 debúllase a documentación que deben achegar as entidades solicitantes, que no seu apartado 2.d) indica a que é común para todas:
"– *Memoria detallada das actuacións para as cales se solicita a subvención, que incluirá unha descrición pormenorizada, os obxectivos e a valoración económica das actuacións que se pretenden executar.*
– *Facturas ou, na súa falta, facturas pro forma ou orzamento detallado dos gastos previstos para a realización da actuación para a que se solicita a subvención. Non terán a consideración de orzamentos as estimacións de gastos realizadas pola entidade solicitante e que carezan do soporte da oferta do provedor ou tarifa oficial do gasto nin se admitirán aqueles orzamentos que non presenten a suficiente desagregación para determinar o carácter subvencionable dos conceptos relacionados nel.*
Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, para o contrato

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 20940
Data envio: 02/09/2021 16:24:38.071

menor, a entidade beneficiaria deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación dos servizos, agás que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que os presten ou agás que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención.
A elección entre as ofertas presentadas, que deberá achegarse na xustificación, realizarase de conformidade con criterios de eficiencia e economía e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa. Considerando o anterior, deberá achegarse a documentación disposta nos parágrafos seguintes:
a) Copia ordenada de todos e cada un dos orzamentos e ofertas detalladas dos investimentos sobre os que se solicita a axuda, obtidos dos provedores seleccionados pola entidade solicitante con independencia da contía dos investimentos
b) Copia ordenada de todos e cada un dos orzamentos e ofertas que non foron seleccionadas pola entidade solicitante para a realización do proxecto.
c) Memoria económica xustificativa da elección dos provedores nos seguintes casos:
– Cando a elección do provedor non recaia na oferta económica máis vantaxosa, das tres que como mínimo obtivo a entidade solicitante.
– Cando, polas especiais características dos gastos subvencionables, non exista no
mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten.
Non existe a obriga de presentar esta memoria xustificativa cando a elección do provedor recaia na oferta económica máis vantaxosa das tres que, como mínimo, obtivo a entidade solicitante".

Polo que á vista destes datos a deputada e os deputados que asinan, solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Cantas entidades presentaron solicitude desta subvención?

2ª) Cales foron a orde e hora de entrada das ditas solicitudes?

3ª) Tendo en conta que a documentación complementaria que teñen que presentar as entidades solicitantes require dun tempo para a súa elaboración, a Xunta de Galicia informou previamente a algunha entidade da convocatoria desta orde?

Pazo do Parlamento, 2 de setembro de 2021

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 20940
Data envio: 02/09/2021 16:24:38.071

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 02/09/2021 12:52:30

Juan Carlos Francisco Rivera na data 02/09/2021 12:52:42

Martín Seco García na data 02/09/2021 12:52:57

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 20945
Data envio: 02/09/2021 16:28:04.055

Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández, Martín Seco García e Paloma Castro Rey, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O artigo 45.1 da Constitución establece que: "Todos tienen el derecho a disfrutar de un medio ambiente adecuado para el desarrollo de la persona, así como el deber de conservarlo". Como teñen longamente establecido a doutrina e a xurisprudencia, este artigo da carta magna configura un dereito-deber e un principio reitor da política económica e social que vincula á cidadanía pero moi especialmente aos poderes públicos, e no caso de Galicia singularmente á Xunta de Galicia como titular de importantes competencias en materia medioambiental, que a modo de síntese como di a exposición de motivos do Decreto 7/2019, de 9 de xaneiro, de inspección ambiental de Galicia, poden resumirse así: "a Comunidade Autónoma de Galicia exerce competencias en materia de inspección ambiental no marco do disposto nos artigos 149.1.23ª y 148.1.9ª da Constitución e no artigo 27.30 do seu Estatuto de autonomía, dando cumprimento á súa competencia exclusiva para ditar normas adicionais sobre protección do medio ambiente e da paisaxe e na xestión en materia de protección do medio ambiente, respectando en todo caso a lexislación básica do Estado na materia".

Recentemente, tivemos coñecementos do baleirado excesivo de determinados encoros da Confederación Hidrográfica Miño Sil. Estes embalses teñen concesións que datan da época franquista, anos 50 e 60, cando o medio ambiente non formaba parte das prioridades dunha ditadura de por si anacrónica.

O presidente da Xunta, en declaracións públicas efectuadas nos últimos días cualificou o acontecido como feitos "de enorme trascendencia ecológica que Galicia no se merece" engadindo que «no sé si es legal o no, pero es un disparate, es una irresponsabilidad manifiesta y es una falta de respeto impropia al Gobierno gallego y a los gallegos. No he visto una cosa así en los 12 años que llevo de presidente". Tamén dixo que é «un acto de irresponsabilidad francamente impropio de ningún Gobierno, y menos de uno que presume de estar a favor de la ecología. Es un acto de irresponsabilidad sin paliativos«

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 20945
Data envio: 02/09/2021 16:28:04.055

Resultan sorprendentes tales afirmacións por parte do presidente da Administración autonómica galega cando dentro das amplas competencias medioambientais da Xunta de Galicia figura a protección dos ecosistemas fluviais, non só dos da demarcación Galicia-Costa, senón tamén dos da demarcación Miño-Sil que estean radicados en Galicia, con independencia de que a xestión hidráulica corresponda a CHMS. De feito, a dita protección non está configurada como opcional, senón que resulta obrigatoria para a Xunta de Galicia, que non pode elixir protexer ou non protexer, senón que ten a obriga taxativa de protexer dentro do procedemento que establece a propia normativa por ela aprobada.

En concreto, o Decreto 130/1997, de 14 de maio, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais establece no seu artigo 83, baixo o título de "Esgotamento de masas de auga" establece que:

1. Excepto en circunstancias excepcionais, sempre que un particular ou unha entidade concesionaria dun aproveitamento hidráulico vaia proceder á anulación ou ao baleirado, total ou parcial, dunha una masa de auga na que exista poboación ictícola que se poida ver afectada pola redución ou desaparición da masa de auga, deberá comunícalo cunha antelación mínima dun mes ao órgano competente, que **deberá notificalo inmediatamente á Consellería de Agricultura, Gandaría e Montes para que esta estableza as medidas que se haberán de adoptar co obxecto de protexer á citada poboación**. En todo caso, deberá practicarse a dita comunicación sempre que o volume de auga baleirado sexa maior que o 80 % do volume máximo da masa de auga.

2. **As medidas citadas serán fixadas polo Servicio Provincial de Medio Ambiente Natural, que vixiará e coordinará a súa execución, e, despois da adopción das medidas previas, autorizará a anulación ou o baleirado coas condicións que garantan a protección e conservación da fauna acuática**.

3. Os gastos derivados da toma de medidas necesarias para evitar mortalidade de peixes ou riscos para a riqueza piscícola correrán por conta do concesionario, que igualmente será responsable dos danos e perdas ocasionados".

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 20945
Data envio: 02/09/2021 16:28:04.055

Por tanto, consonte ao apartado primeiro deste artigo, as concesionarias (neste caso Iberdrola) teñen a obriga de comunicar o descenso do nivel dos seus encoros por debaixo do 20 % á Xunta, cousa que efectivamente aconteceu, concretamente o 10 de xuño no caso do encoro de Cenza, o 12 de xullo no caso do encoro das Portas, mediante escritos remitidos ó servizo provincial de conservación da consellería de medio ambiente en Ourense.

Por outra banda, a vixente Lei de pesca de Galicia establece no seu artigo 73.1. ah) que constitúe infracción grave "Alterar de modo apreciable el nivel de las aguas o caudal del río, cuando pudieran derivarse daños para las especies piscícolas, salvo que la actuación resultase conforme y cumpliera las exigencias de la normativa en materia de aguas".

E o artigo 83 desa mesma lei sinala en relación coas medidas provisionais asociadas o procedemento sancionador que "antes da iniciación do procedemento administrativo o órgano competente ... poderá adoptar de forma motivada as medidas provisionais que resulten necesarias e proporcionadas".

Finalmente, o artigo 33.c da Lei de protección ambiental da comunidade autónoma de Galicia sinala que constitúe infracción "A explotación indebida, o abuso ou a destrución dos recursos naturais, entendendo que a mesma se produce cando se realice contravindo os termos da autorización ou das normas que a regulan". E o artigo 41 permite ao órgano ambiental (a Xunta de Galicia) a adopción de medidas cautelares incluíndo a suspensión da actividade, mentres que o artigo 29 encomenda a inspección ambiental no ámbito da Administración autonómica a unha "inspección ambiental única coordinada polo órgano da administración ambiental que regulamentariamente se determine".

Sobre a base de todo o anterior, cando a competencia medioambiental en Galicia corresponde principalmente á Xunta de Galicia, cando hai normativa autonómica que establece obrigas moi claras de control, inspección e sanción e que, ademais, permite establecer medidas cautelares á Xunta de Galicia e cando a Xunta foi informada o 10 de xuño (máis de dous meses e medio antes das declaracións do presidente da Xunta que se transcriben) e o 12 de xullo (máis de mes e medio antes das mesmas declaracións), resulta dun cinismo insoportable que o Goberno de Galicia trate de derivar a súa responsabilidade cara ao Estado cando a súa obriga xenérica de protexer o medio ambiente de Galicia está ademais concretada no caso dos encoros (de todos os encoros situados en Galicia, non só dos da demarcación Galicia Costa) dun xeito taxativo.

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 20945
Data envio: 02/09/2021 16:28:04.055

Máis alá do cinismo, as palabras do presidente da Xunta apuntan a unha grave irresponsabilidade por non protexer o medio tendo constancia do que acontecía, o cal podería incluso caer dentro do ámbito da prevaricación por omisión, xa que o Goberno galego sabía o que acontecía, coñecía a súa obriga legal e non fixo absolutamente nada aparte de botar balóns fóra.

Por iso, os deputados e a deputada que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Por que a Xunta de Galicia non actuou adoptando as medidas preventivas oportunas e legalmente establecidas cando lle foi comunicado por Iberdrola nos meses de xuño e xullo que os encoros de Cenza e das Portas baixarían o seu nivel por debaixo do 20 % a pesar de ter a obriga legal de facelo?

2ª) Por que ocultou o Goberno galego que fora informado como marca a lei?

3ª) Houbo algún tipo de inspección por parte da Xunta respecto da situación deses encoros a partir das comunicacións por parte da concesionaria?

4ª) Vai a Xunta de Galicia a adoptar as medidas que permite a lexislación medioambiental galega para protexer os ecosistemas fluviais no caso dos encoros de Ourense que se atopan por debaixo do 20 %?

5ª) En caso afirmativo, que medidas se van adoptar?

Pazo do Parlamento, 2 de setembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 02/09/2021 14:06:15

Martín Seco García na data 02/09/2021 14:06:30

Paloma Castro Rey na data 02/09/2021 14:06:43

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2021 17:20:51
Nº Rexistro: 20953
Data envio: 02/09/2021 17:20:51.243

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos e **Manuel Lourenzo Sobral**, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á decisión da Xunta de reducir aulas no CEIP A Igrexa de Calo (Teo).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

O pasado curso escolar, por mor da situación epidemiolóxica derivada pola pandemia da COVID19, permitiu contemplar *in situ* os beneficios de contar con grupos de alumnado máis reducidos, mellorando tanto as condicións psicopedagóxicas, como tamén as condicións laborais do profesorado. Atendendo a isto, resultan rechamantes as decisións da Consellería de Educación para este novo período educativo do 2021-2022, ao ver por todo o País numerosos casos de diminución de profesorado e volta ao agrupamento do alumnado.

Nesta situación atópase o CEIP A Igrexa de Calo, en Teo, no que se pretende suprimir unha das aulas de 4º de primaria. Deste xeito, pasarían de contar con 3 grupos de 17 alumnas a contar só con dous de 25. Esta decisión presenta o agravante ademais de que, neste curso, máis do 10 % do alumnado precisa un reforzo educativo especial por causas diversas, incluíndo varios diagnósticos de trastornos do espectro autista.

Aínda que esta medida se axusta ás ratios establecidas legalmente, non pode obviarse que se trata dunha perversión da norma tratando de cumprir exclusivamente as condicións numéricas sen atender á calidade educativa.

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2021 17:20:51
Nº Rexistro: 20953
Data envio: 02/09/2021 17:20:51.243

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Dada esta situación, a ANPA A Rabadela estivo a desenvolver diversas mobilizacións durante todo o período estival para esixir a reversión desta decisión e manter deste xeito os tres grupos que tan bo resultado teñen demostrado, mais sen que desde a Consellería se lles chegase a dar ningunha resposta.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

– É consciente o goberno galego das melloras educativas que supuxo a nivel educativo a redución de alumnado por aula no CEIP A Igrexa de Calo?

– Como considera o goberno galego que se pode manter a calidade educativa ofertada despois da redución de profesionais e o agrupamento do alumnado?

– Por que se produce esta redución no número de aulas cando aínda continúa a situación de pandemia e a pesar dos bos resultados obtidos?

– Cal é a razón, máis aló das puramente económicas, pola que o goberno galego non mantén os tres grupos neste curso?

Santiago de Compostela, 2 de setembro de 2021

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**
Manuel Lourenzo Sobral
Deputada e deputado do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2021 17:20:51
Nº Rexistro: 20953
Data envio: 02/09/2021 17:20:51.243

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 02/09/2021 17:19:20

Iria Carreira Pazos na data 02/09/2021 17:19:23

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2021 17:39:10
Nº Rexistro: 20957
Data envio: 02/09/2021 17:39:10.040

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos, **Xosé Luis Rivas Cruz** e **Manuel Lourenzo Sobral**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a decisión do goberno galego de agrupar o alumnado de Educación Infantil no CPI de Ponte Carreira.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

O rural galego está a sufrir un proceso de despoboamento progresivo nas últimas décadas. Ligado a isto, a perda de servizos públicos non deixa de ser un goteo constante que dificulta, aínda máis, a fixación de novos habitantes.

Nesta liña, cada vez son máis as escolas rurais que reducen o seu profesorado ou directamente, botan o fecho. É o caso do CPI de Ponte Carreira, en Frades, no que a comunidade educativa está asistir á diminución do cadro de profesorado ao retirar unha das profesoras de infantil, obrigando á agrupación de dous cursos. Estes dous cursos que se pretenden unir son os de 4º e 5º de infantil, o que conduciría a 18 crianzas nunha mesma aula. Ademais da dificultade intrínseca para o manexo deste número de alumnado, que ademais presenta idades diferentes, súmaselle que un bo número delas serían de nova escolarización, sendo este o seu primeiro contacto co sistema educativo.

É preciso remarcar a necesidade de contar con grupos reducidos, que xa teñen demostrado en numerosas ocasións os beneficios pedagóxicos que presentan para a escolarización, e que permiten tamén detectar as eivas que se poidan producir, como crianzas con necesidades especiais que poderían pasar desapercibidas nun grupo moito maior. Do mesmo xeito, esta menor cantidade de alumnado convivente tamén resulta

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2021 17:39:10
Nº Rexistro: 20957
Data envio: 02/09/2021 17:39:10.040

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

vantaxoso nas circunstancias epidemiolóxicas actuais, cando aínda estamos inmersas na pandemia da COVID19.

Fronte a esta situación, as familias están a mobilizarse demandando o mantemento desta profesional e a separación dos dous grupos de alumnado, mais polo de agora sen obter ningún compromiso firme por parte da Consellería, tan só se lles indica que sería posible esta reversión no caso de contar cunha nova matriculación antes de que dea comezo o curso escolar.

Por todo o exposto anteriormente formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

– É consciente o goberno galego do que supón esta redución nas aulas de escolarización do CPI da Ponte Carreira?

– Ten presente as dificultades que suporá nos vindeiros cursos esta redución, ao obrigar á súa separación polo cambio de ciclo de parte do alumnado?

– Ten algunha medida contemplada para suplir as carencias que se poidan derivar deste agrupamento?

– Considera o goberno galego que esta é unha medida axeitada nun concello eminentemente rural onde os servizos públicos poden ser chave para fixar nova poboación?

Santiago de Compostela, 2 de setembro de 2021

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2021 17:39:10
Nº Rexistro: 20957
Data envio: 02/09/2021 17:39:10.040

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Rivas Cruz

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 02/09/2021 17:37:24

Xosé Luis Rivas Cruz na data 02/09/2021 17:37:41

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 02/09/2021 17:37:54

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2021 18:17:41
Nº Rexistro: 20964
Data envio: 02/09/2021 18:17:41.399

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos, **Montserrat Prado Cores** e **Olalla Rodil Fernández**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na lei pola igualdade de trato e non discriminación de lesbianas, gais, persoas trans, bisexuais e intersexuais de Galiza establécense, segundo o seu artigo 2, os principios e medidas destinados á prevención, corrección e eliminación de toda discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero, nos sectores público e privado, atinxindo a todas as entidades, organismos e persoas galegas. No corpo da norma enuméranse diferentes ámbitos nos que se debe velar de xeito especial por ese cumprimento.

A pesar de que xa se fixeron 7 anos da aprobación da lei 2/2014, aínda continúan a darse denuncias de diferentes persoas e colectivos LGBT acerca de actitudes ou condutas LGBTfóbicas padecidas na Galiza, tendo especial importancia aqueles que se dan dentro das administracións públicas. Neste sentido, as organizacións Amizando e Avante LGBT+ veñen de realizar un documentario onde denuncian diferentes situacións transfóbicas sufridas dentro do sistema público sanitario galego. Desde non respectar o nome indicado por cadaquén ata incluso actuacións de deterioro da calidade asistencial, que acaban

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2021 18:17:41
Nº Rexistro: 20964
Data envio: 02/09/2021 18:17:41.399

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

por provocar que estas persoas se sintan violentadas, chegando a recorrer á sanidade privada para mellorar o trato recibido.

De igual xeito, podemos ver como dentro dos plans de saúde existentes no SERGAS continúan a reproducirse estereotipos e estigmatizacións cara o colectivo LGBT, como poden ser mediante a asociación entre a orientación sexual e infeccións de transmisión sexual (ITS) ou coa categorización de colectivos de risco para padecer estas infeccións, no lugar de prácticas de risco.

Todo isto sucede mentres a formación das profesionais e as campañas informativas que se contemplan no artigo 19 da mencionada lei continúan a ser terriblemente escasas e adoecen tamén do carácter da voluntariedade.

Por todo o exposto anteriormente formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

– É consciente o goberno galego da situación que se está a dar no Sergas de condutas LGBTfóbicas contrarias á lei 2/2014?

– Ten algunha medida contemplada o executivo para mellorar a formación de todas as categorías profesionais do Sergas, garantindo unha información rigorosa e libre de prexuízos?

– Cal é a razón pola que o goberno galego mantén plans de saúde con estigmatizacións cara o colectivo LGBT ao clasificar as orientacións sexuais

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2021 18:17:41
Nº Rexistro: 20964
Data envio: 02/09/2021 18:17:41.399

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

como de risco no lugar de atender a criterios científicos como poden ser as prácticas sexuais en si?

– Que medidas ten contempladas o goberno para corrixir as situacións de transfobia denunciadas e que afectan tamén á propia unidade de xénero do CHUS?

Santiago de Compostela, 2 de setembro de 2021

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**
Montserrat Prado Cores
Olalla Rodil Fernández
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 02/09/2021 18:07:09

María Montserrat Prado Cores na data 02/09/2021 18:07:22

Olalla Rodil Fernández na data 02/09/2021 18:07:30

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2021 12:13:59
Nº Rexistro: 20581
Data envio: 26/08/2021 12:13:59.612
Data 26/08/2021 12:13

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 7121**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o impacto que tivo na cidadanía a fusión dos concellos de Oza dos Ríos e de Cesuras, no ano 2013, e a fusión dos concellos de Cerdedo e de Cotobade, no ano 2016, así como a súa contribución á fixación de poboación"**, (publicada no BOPG número 73 do 11 de xaneiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Primera e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo**, que ten o seguinte contido:

"Os contidos da resposta da Xunta de Galicia a estas preguntas xa foron tratados polo Goberno no seo da Comisión 1ª Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior do Parlamento de Galicia na sesión celebrada o 31 de marzo de 2021 no debate da iniciativa con número de rexistro 7119, presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2021-03-31?part=b9d0a8fe-ed26-4b3b-83ce-14296fc61236&start=3554

Na devandita sesión, o Goberno informou, entre outras cuestións, que o actual Goberno Galego fixo unha aposta decidida pola xestión compartida de servizos públicos e polas fusións municipais voluntarias, impulsando activamente a xestión eficaz e eficiente dos recursos dos concellos co obxecto de garantir a continuidade na prestación de servizos aos cidadáns en condicións de calidade**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2021 12:13:59
Nº Rexistro: 20581
Data envio: 26/08/2021 12:13:59.612

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/08/2021 12:13:52

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2021 11:05:43
Nº Rexistro: 20667
Data envio: 30/08/2021 11:05:43.545
Data 30/08/2021 11:05

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 7188**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o inicio das competicións federadas non profesionais no noso país"**, (publicada no BOPG número 73 do 11 de xaneiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

"Os centros residenciais de Galicia contaron dende o primeiro momento con protocolos de actuación e prevención para facer fronte a posibles casos de covid-19. Na nosa comunidade houbo protocolos antes de que existisen a nivel nacional.

Estes protocolos están suxeitos a permanente revisión e actualización, como consecuencia da experiencia e do coñecemento que se foi tendo do virus ao longo de todo este tempo.

En concreto, cómpre destacar o protocolo conxunto da consellería de Sanidade e da consellería de Política Social para o manexo da crise sanitaria provocada pola covid-19 nas residencias de maiores e noutros centros sociosanitarios. Entre outros aspectos, este protocolo regula as medidas dirixidas a prevención, vixilancia e control da infección por covid-19 nos centros residenciais.

No apartado 7 deste protocolo, referido en concreto ás medidas de control da infección, recóllense as actuacións para evitar a propagación dun abrocho de covid-19.

O protocolo diferencia a forma de actuación ante un caso sospeitoso, e ante un caso xa confirmado.

Ante un caso sospeitoso, o persoal sanitario de atención primaria ou da residencia, debe establecer de forma rápida se un residente ten un cadro clínico compatible coa sintomatoloxía de infección por covid-19. Cando a situación clínica é leve, e non se considere preciso o

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ingreso hospitalario, o persoal sanitario da residencia ou de atención primaria realizará o seguimento a través da plataforma de teleseguimento Telea, previa activación do perfil do paciente e con contactos telefónicos ou presenciais, segundo o criterio médico.

Se existe un agravamento dos síntomas o equipo de seguimento compartido hospitalario ou o persoal médico de atención primaria levará a cabo unha avaliación clínica e decidirá o seu traslado ao hospital ou manter o seguimento residencial a través da plataforma de teleseguimento Telea ou hospitalización a domicilio.

Ante un caso confirmado nunha residencia de maiores, os equipos asistenciais do Sergas, en función da situación clínica do caso, poderán decidir o seu traslado a un centro hospitalario, a unha residencia integrada ou a súa permanencia no centro onde reside.

Para a xestión nunha residencia cun caso de covid-19 asintomático ou cunha sintomatoloxía leve que non implique o seu ingreso hospitalario, formúlase un modelo mixto que consiste no seu traslado ao que denominamos residencia integrada. Estas residencias son espazos destinados ao seguimento e tratamento das persoas coa infección ocasionada pola covid-19 paucisintomáticas ou con sintomatoloxía leve nas que non é necesaria a hospitalización.

O obxectivo destas residencias é preservar aos residentes dos centros de orixe dun posible contaxio e agrupar os casos confirmados da infección ocasionada pola covid-19. Nestes centros, a consellería de Sanidade asume o control total tanto da asistencia sanitaria como da xestión. Este modelo de residencias integradas foi pioneiro en España e posteriormente implementado noutros territorios.

Por outra banda, Galicia foi unha das primeiras comunidades en intervir residencias. A consellería de Sanidade conxuntamente coa consellería de Política Social definiu o modelo de residencia intervida como aquela na que o Sergas asume ou apoia no control sanitario, polo que está sometida a unha supervisión continua durante o período que dura a intervención. Deste xeito a persoa encargada de organizar esta intervención é o xerente da área sanitaria.

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

Esta intervención faise só nos casos nos que o recomenda a autoridade sanitaria.

No caso de centros xa intervidos, a Xunta de Galicia tomou as decisións con total rapidez, e interviñéronse exclusivamente pola súa situación sanitaria ou asistencial, independentemente de cal fose a súa titularidade.

No que respecta á residencia de maiores Nosa Señora dos Miragres no concello de Barbadás, no momento de detectarse o gromo, o Goberno galego puxo ao fronte a un especialista en xestión de residencias, e cubriu as baixas con persoal da xerencia sanitaria de Ourense.

Deste xeito, a situación da residencia estivo permanentemente monotorizada por parte das autoridades sanitarias **”.**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2021 11:05:43
Nº Rexistro: 20667
Data envio: 30/08/2021 11:05:43.545

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/08/2021 11:05:40

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2021 11:05:35
Nº Rexistro: 20666
Data envio: 30/08/2021 11:05:35.686
Data 30/08/2021 11:05

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 7240**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Leticia Gallego Sanromán e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"relativa ao sobrecusto que ten o Concello de Vilaboa neste inicio de curso escolar"**, (publicada no BOPG número 73 do 11 de xaneiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

"O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar pertencente á Consellería de Política Social, non exixiu ningún gasto a maiores derivado da pandemia da covid-19 á escola infantil de Vilaboa**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2021 11:05:35
Nº Rexistro: 20666
Data envio: 30/08/2021 11:05:35.686

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/08/2021 11:05:32

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2021 11:05:20
Nº Rexistro: 20664
Data envio: 30/08/2021 11:05:20.061
Data 30/08/2021 11:05

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 7320**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Marina Ortega Otero, sobre **"o nivel de contaxios na residencia de maiores de Ribadumia"**, (publicada no BOPG número 73 do 11 de xaneiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia interveu o pasado 28 de outubro de 2020 a residencia Domusvi Ribadumia. Unha vez avaliada a situación da residencia, as Consellerías de Sanidade e Política Social acordaron tomar esa medida co obxectivo de garantir a calidade asistencial e a correcta protección da saúde tanto das persoas usuarias como das traballadoras e traballadores do centro.

Un equipo de profesionais sanitarios do Servizo Galego de Saúde desprazouse ao centro e ocupouse de facer un seguimento médico permanente sobre a situación dos residentes, así como de vixiar a correcta aplicación das medidas de prevención, seguridade e hixiene fronte á covid-19 aprobadas pola Xunta de Galicia.

Os profesionais do Sergas tamén velaron pola continuidade dunha atención sanitaria axeitada na residencia.

A residencia de maiores Domusvi Ribadumia non conta con ningún caso positivo entre os seus usuarios e traballadores.

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

Ao longo de toda a pandemia quedou demostrado que, sempre que nalgunha residencia estaba en risco a calidade asistencial, a Xunta interveu coa máxima celeridade. O único criterio co que se deciden as intervencións das residencias é o sanitario**”.**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2021 11:05:20
Nº Rexistro: 20664
Data envio: 30/08/2021 11:05:20.061

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/08/2021 11:05:16

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2021 11:05:03
Nº Rexistro: 20662
Data envio: 30/08/2021 11:05:03.545
Data 30/08/2021 11:04

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 7429**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **" os resultados da Enquisa conxuntural a fogares e o impacto na economía galega do agravamento da pobreza e da exclusión social durante a crise da covid"**, (publicada no BOPG número 79 do 20 de xaneiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta destina á loita contra a pobreza o dobre dos fondos que investía no ano 2009. Dos 66,4 millóns de euros que investía no ano 2009, pasamos aos 125 millóns deste 2021.

Se ben os impactos económicos da crise do Covid-19 tradúcense nunha minoración dos ingresos e perda de poder adquisitivo de numerosos fogares, o goberno da Xunta de Galicia traballou para a contención dese impacto nos grupos más vulnerables, a través dos Plan de continxencia e de recuperación social, durante o ano 2020.

A situación que reflicten os datos do Instituto Galego de Estatística, relativos á Enquisa Estrutural de Fogares 2019, sinalaban a consolidación de avances e progresión da recuperación económica, evidenciada a través de indicadores como estes:

Nese ano produciuse un significativo aumento do número de fogares que chegaban con facilidade ou moita facilidade a fin de mes (do 53,72% ao 59,3%, 5,58 puntos máis), e diminuíu o número daqueles que chegan con moita dificultade, que representaban o 6,79%, o mínimo rexistrado desde o ano 2007.

Ademais, no ano 2019 o número de fogares galegos en situación de carencia material severa era de 3,75%, o máis baixo desde o ano 2011, cando afectaba ao 7,80% dos fogares. Reducírase desde o 2011 en total nun 51,4%.

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Tamén no 2019 a porcentaxe das persoas entre 16 e 59 anos que viven en fogares con baixa intensidade laboral acadou o valor máis baixo desde o ano 2009, rexistrando un 8,24%.

Por outra banda, no 2019 rexistrouse un 15,23% da poboación está en pobreza relativa, un 0,28% (7.907 persoas) menos que en 2018. É o valor máis baixo rexistrado desde o ano 2011

- A desigualdade en Galicia é menor da rexistrada no conxunto do Estado. Pero, ademais, os últimos datos do IGE sinalan que en 2019 en Galicia a desigualdade entre o 20% da poboación con máis ingresos e a que menos ingresos ten: do 4,01 ao 3,95 veces os ingresos medios entre os dous quintiles. O outro índice, o de Gini, tamén revela unha redución da desigualdade en Galicia, concretamente no relativo á distribución da riqueza, que mellora ao pasar dun 0,261 a un 0,261, o índice máis baixo rexistrado desde 2007.
- En 2019 o 18,83% da poboación residente en Galicia está en risco de pobreza ou exclusión social, o que supón unha diminución de 0,12 puntos respecto ao ano anterior. Por idades, este indicador diminuíu nos grupos de 16 a 24 anos e de 25 a 49 anos e aumentou nos tres grupos restantes que se presentan na táboa seguinte: no de menores de 16 anos, no de 50 a 64 anos e no de 65 ou máis anos.
- Situación 2020: A situación de confinamento e o cese da actividade económica asociada ao estado de alarma traduciuse inmediatamente nun aumento da vulnerabilidade de persoas e familias en Galicia, especialmente daquelas cos máis baixos ingresos, con traballos precarios e/ou moi baixa intensidade laboral.
- O Plan de Recuperación Social de Galicia 2020 para a atención da vulnerabilidade en Galicia abrangue, a través de 33 medidas comprendidas e elaboradas pola Consellería de Política Social, dous enfoques. Por unha banda, dun xeito paliativo, atende de maneira inmediata as necesidades sobrevidas e, pola outra, traballa en clave preventiva ante posibles réplicas da situación de emerxencia e que puideran dar lugar á intensificación das problemáticas detectadas.
- Na área de Inclusión Social, o obxectivo é que ningún galego e galega quede sen ter cubertas as súas necesidades básicas. Para acadar este obxectivo trabállase en tres liñas:
- • Reforzo das prestacións económicas autonómicas establecidas na Lei de inclusión social de Galicia:
  - o AIS, axudas de inclusión social
  - o Facilitar e axilizar a xestión e resolución dos expedientes de axudas de inclusión social que xestiona a Xunta. Así, durante o estado de alarma procedeuse a

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

simplificar a tramitación da Renda de inclusión social de Galicia (RISGA), as Axudas de Inclusión Social (AIS) e as Pensións Non Contributivas (PNC).

- Apoios específicos e temporais para cubrir as necesidades urxentes motivadas pola crise do COVID-19:
  - Tarxeta Moedeiro para a cobertura de necesidades básicas
  - Menú Solidario
  - Bolsa Comedor

- Reforzo das fórmulas de colaboración e cooperación co resto de axentes do Sistema Galego de Servizos Sociais (concellos e entidades sociais)**”.**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2021 11:05:03
Nº Rexistro: 20662
Data envio: 30/08/2021 11:05:03.545

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/08/2021 11:05:00

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/09/2021 10:39:47
Nº Rexistro: 20806
Data envio: 01/09/2021 10:39:47.882
Data 01/09/2021 10:39

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 7463**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"os incumprimentos que atopou a inspección nas residencias DomusVI inspeccionadas dende a declaración da emerxencia sanitaria"**, (publicada no BOPG número 79 do 20 de xaneiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social** , que ten o seguinte contido:

"Sobre os principais incumprimentos que motivaron a apertura de expedientes sancionadores nas residencias de maiores de Galicia nos últimos catro anos, deben terse en conta dous aspectos. En primeiro lugar, que na labor inspectora que realizan os servizos sociais pódense atopar incumprimentos tipificados como infraccións noutras materias, como a sanitaria ou a laboral. Nestes casos, tal como establece o artigo 71.2 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, non procede a apertura dun expediente sancionador senón o traslado á autoridade competente para que sexa esta a que, no seu caso, abra o correspondente expediente. Por outra parte, non todo incumprimento da lugar a unha infracción, xa que, de acordo co principio de tipicidade recollido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, solo aquelas que aparezan recollidas expresamente nunha norma con rango de lei, neste caso a Lei galega de servizos sociais, poden dar lugar ao inicio dun procedemento sancionador. Por outra parte, segundo establece a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non se poden iniciar novos procedementos de carácter sancionador por feitos ou condutas tipificadas como

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

infraccións en cuxa comisión o infractor persista de forma continuada, en tanto non tivera recaído unha primeira resolución sancionadora, con carácter executivo.

Tendo en conta todas estas precisións legais, os incumprimentos detectados polo servizos de inspección da Consellería de Política Social nos últimos catro anos que principalmente deron lugar a apertura de expedientes sancionadores pódense resumir do seguinte xeito:

1. Infraccións leves, das tipificadas no artigo 80 da Lei de servizos sociais de Galicia:

1.1 As irregularidades de carácter formal no cumprimento da normativa vixente en materia de servizos sociais. Como son:

- O non ter debidamente actualizados os datos da entidade no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS).

- Incumprimentos nas obrigas do rexistro do plan de coidados das persoas usuarias.

- Incumprimento na realización e nos rexistros dos cambios posturais das persoas usuarias.

1.2 As deficiencias estruturais ou de acabado nos locais e nas instalacións, no mobiliario ou nos útiles, así como o seu funcionamento, sen que disto derive un risco para as persoas usuarias. As principais deficiencias neste sentido adoitan ser as humidades e a accesibilidade dos timbres nas cabeceiras das camas.

2. Infraccións graves, das tipificadas no artigo 81 da Lei de servizo sociais de Galicia:

2.1 Non contar co persoal suficiente e/ou coa titulación exixida, de acordo co tipo de actividade e número de persoas atendidas no centro. Nesta tipoloxía destacan:

- O incumprimento da rateo mínima de persoal de atención directa en xornada completa que está establecida en 0,20 por usuario en módulo destinado á atención de persoas con autonomía e de 0,35 en módulos destinados a persoas dependentes.

- O incumprimento da presenza de ATS/DUE nos casos que é preceptivo de acordo coa normativa aplicable ou doutro persoal esixido como o/a fisioterapeuta.

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Compre recordar que a Orde do 18 de abril de 1996 establece a obrigatoriedade da presenza física de ATS ou DUE as 24 horas nas residencias de máis de 40 prazas asistidas, bastando coa presenza localizada para as que o número de prazas asistidas é menor.

Tamén deben destacarse as frecuentes alegacións dos centros a este respecto manifestando a dificultade que teñen para atopar persoal cualificado neste sentido.

2.2 Non lle comunicar á autoridade xudicial ou administrativa competente, cando sexa esixible, o ingreso ou a saída dos centros de servizos sociais das persoas usuarias, ou non dar inmediata conta, no caso de incapacidade sobrevida dalgún residente, á autoridade xudicial por parte da dirección do centro.

3. Infraccións moi graves, das tipificadas no artigo 82 da Lei de servizo sociais de Galicia:

3.1 A realización de actuacións que supoñen restrición ou impedimento inxustificado dos dereitos e liberdades das persoas usuarias. En particular, nos casos en que se observa a práctica de suxeicións físicas sen contar coa debida prescrición médica ou non contar coa xustificación do consentimento informado. Nalgunha destas infraccións existe prescrición médica pero considerase igualmente incumprimento se se utiliza unha medida distinta á que está prescrita.

3.2 A obstrución ao labor inspector. En particular, dentro das consideracións que realiza a lei dos actos ou omisións que poden dar lugar a esta infracción, destacan os casos nos que quedan sen atender os requirimentos efectuados para emendar as deficiencias detectadas.

Respecto da cuestión sobre as residencias DomusVi, os incumprimentos máis comúns que deron lugar a apertura de expedientes sancionadores reprodúcense na mostra dese conxunto que supón o grupo de centros de DomusVi. Sendo estas mesmas incidencias as que nalgúns centros da entidade foron atopadas nas inspeccións que se realizaron dende a declaración do estado de emerxencia sanitaria. Ademais das deficiencias xa comentadas se atopan a de realización de obras sen realizar a previa comunicación ao servizo de

CSV: BOPGDSPGFUCjq3Glo2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

inspección correspondente e a atención a persoas dependentes con un grao superior ao que se tiña rexistrado.

Pódese afirmar que o labor de inspección está exercendo un gran papel como garantía na prevención e corrección de infraccións e na súa reincidencia e, como consecuencia, no respecto dos dereitos das persoas usuarias de servizos sociais, dentro das posibilidades que ofrece o marco normativo existente**”.**

